- 1 Equipo de música con mando Panasonic SA-AK 340
- 1 Espello
- 1 Instrumento: Piano vertical Kawai K-6 2611491
- 1 Instrumento: Trompa Holton
- 1 Instrumento: Trompa J. Michel
- 1 Biombo protector Covid
- 1 Mesa profesor
- 1 Metrónomo dixital Korg
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)
- 1 Vitrina

• Aula C13

- 1 Atril
- 1 Cadeira negra
- 1 Cadeira profesor
- 1 Cadeira verde
- 1 Cubo para auga
- 1 Equipo de música con mando ELBE
- 1 Espello
- 1 Instrumento: Corneta Yamaha YCR2330II nº de serie 196399
- 1 Instrumento: Fliscorno Alexander
- 1 Instrumento: Trompeta Stomvi Bb
- 1 Instrumento: Trompeta Yamaha en do
- 1 Instrumento: Trompeta Piccolo Stomvi
- 1 Biombo protector Covid
- 1 Mesa profesor
- 1 Metrónomo dixital
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)
- 1 Taburete
- 2 Vitrina

• Aula C14

- 1 Armario de instrumentos



- 2 Atril
- 1 Biombo protector Covid
- 1 Borrador
- 3 Cadeira negra
- 1 Cadeira profesor
- 1 Corcheira
- 2 Cubo para auga
- 1 Diapasón con baqueta
- 1 Encerado
- 1 Equipo de música con mando JVC UX-G46
- 1 Espello
- 12 Esterillas verdes
- 1 Instrumento: Trombón Tenor Bach TB503B. Nº serie AD08020024
- 1 Instrumento: Trombón Holton en sib USA TR 159 214732 BY LEBLANC
- 1 Mesa profesor
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)
- 1 Pértiga para abrir fiestras
- 2 Soportes de trombón

• **Aula C16**

- 1 **Amplificador LEEM BA 1240**
- 1 Apoia pé de madeira
- 2 Altosfalantes Behringer MS16
- 1 Armario de instrumentos
- 8 Atril
- 1 Banqueta de piano
- 1 Cadeira de madeira
- 4 Cadeira negra
- 8 Cadeira negra con brazos grises (no hall da aula)
- 5 Cadeira negra plegable
- 1 Cadeira profesor
- 3 Cadeira verde
- 1 Carriño audiovisuais
- 1 Carriño audiovisuais negro
- 2 Cubo para auga
- 1 Encerado
- 1 Espello
- 1 Instrumento: Bombardino en do Miraphone
- 1 Instrumento: Bombardino en sib Besson (prestado do superior)
- 1 Instrumento: Piano vertical Yamaha U3S 6020918
- 1 Instrumento: Tuba en Do Miraphone 86 (dorada)
- 1 Instrumento: Tuba en Fa Yamaha modelo 621 (plateada)
- 1 Instrumento: Tuba en Sib Thomann BB 894S
- 1 Biombo protector Covid
- 1 Mesa profesor
- 1 Metrónomo de madeira
- 1 Metrónomo/afinador dixital Korg TM-40
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)
- 1 Reprodutor de CD Technichs
- 1 Router TPLINK
- 2 Tarima de director
- 1 TV con DVD



3.2.10 Departamento de Vento Madeira

• Aula A4

- 1 Armario de instrumentos
- 4 Atril
- 1 Banqueta de piano
- 6 Cadeira negra
- 1 Cadeira profesor
- 1 Diapasón con baqueta
- 1 Encerado
- 1 Equipo de música con mando Sony RXD7
- 1 Espello
- 1 Instrumento: Piano vertical Yamaha U3S 6014771
- 1 Biombo protector Covid
- 1 Mesa profesor
- 1 Metrónomo madeira Wittner negro
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)
- 1 Reloxo de parede
- 1 Vitrina sen cristal

• Aula B3

- 1 Armario de instrumentos
- 5 Atril
- 5 Cadeira negra
- 1 Cadeira profesor
- 7 Cadeira verde
- 1 Cadeira xiratoria
- 1 Cortiza pequena
- 1 Diapasón con baqueta
- 1 Encerado
- 1 Equipo de música con mando Bench
- 1 Espello
- 1 Instrumento: Saxofón alto SELMER SERIE III. N. 636323, abrazadeira e boquilleiro Selmer
- 1 Instrumento: Saxofón barítono SELMER SERIE II Super action 80, N. 541196, boquilla Selmer S.80, abrazadeira e boquilleiro Selmer
- 1 Instrumento: Saxofón soprano SELMER SERIE III, N.588155, boquilla Selmer S.80, abrazadeira e boquilleiro Selmer, trapo para limpeza.
- 1 Instrumento: Saxofón tenor SELMER SERIE III, N.641147, tudel SIII, boquilla Selmer S. 80, abrazadeira Selmer
- 1 Instrumento: Teclado Ringway TB600M
- 1 Biombo protector Covid
- 1 Mesa para canas
- 1 Mesa profesor
- 1 Metrónomo de madeira
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)
- 1 Reloxo de parede

• Aula B7

- 1 Afinador/metrónomo Korg TM-50
- 1 Armario de instrumentos



- 3 Atril
- 1 Borrador
- 2 Cadeira negra
- 1 Cadeira profesor
- 1 Cadeira verde
- 1 Cadeira verde con pá
- 1 Cadeira verde recortada
- 1 Carriño audiovisuais
- 1 Diapasón con baqueta
- 1 Encerado de parede
- 1 Equipo de música con mando Panasonic SA-AK 340
- 1 Espello
- 1 Instrumento: Corno inglés Lorée PC39
- 1 Instrumento: Fagot Schreiber S16 N° 36555 (préstamo externo)
- 1 Instrumento: Fagot Fox Renard 242 D N° 19945 (préstamo externo)
- 1 Instrumento: Fagot Fox 51 (Resina) N°47305 (préstamo externo)
- 1 Instrumento: Óboe J. Michael OB1500 Ref.0014
- 1 Instrumento: Óboe Yamaha YOB431 068031
- 1 Biombo protector Covid
- 1 Máquina de respado de cañas Reeds'n Stuff con molde 22
- 1 Mesa profesor
- 1 Metrónomo de madeira
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)
- 1 Regleta
- 1 Soporte dual óboe/corno inglés

• **Aula B10**

- 1 Armario de instrumentos
- 6 Atril
- 1 Banqueta de piano
- 1 Borrador
- 1 Cadeira negra
- 1 Cadeira negra plegable
- 1 Cadeira profesor
- 8 Cadeira verde
- 2 Cadeira verde con pá
- 1 Encerado
- 1 Equipo de música con mando LG FB164
- 1 Espello
- 1 Instrumento: Clarinete baixo Buffet Prestige - Ref. 37258 con boquilla
- 1 Instrumento: Clarinete en la Buffet RC - Ref. F588320
- 1 Instrumento: Clarinete en sib Buffet RC Prestige - Ref. F492923
- 1 Instrumento: Requinto Buffet RC - Ref. 509295 con boquilla
- 1 Instrumento: Piano vertical Yamaha U3S 6046652
- 1 Biombo protector Covid
- 1 Mesa profesor
- 1 Metrónomo de madeira Wittner
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)
- 1 Reloxo de parede
- 1 Soporte clarinete de madeira
- 1 Vitrina



• Aula B11

- 1 Afinador/metronomo dixital Korg TM-40
- 1 Armario de instrumentos
- 4 Atril
- 1 Banqueta de piano
- 1 Borrador
- 4 Cadeira negra
- 1 Cadeira profesor
- 7 Cadeira verde
- 1 Carriño audiovisuais
- 1 Cortiza pequena
- 1 Diapasón con baqueta
- 1 Encerado
- 1 Equipo de música con mando Bench
- 1 Espello
- 1 Instrumento: Fruta travesa Miyazawa prata 925, pata de do pa-401 nº serie 77726
- 1 Instrumento: Fruta travesa en Sol Pearl PFA-201 nº13295
- 1 Instrumento: Frutín Emerson EP6 nº11268
- 1 Instrumento: Piano vertical Yamaha U3S 6020901
- 1 Biombo protector Covid
- 1 Mesa profesor
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)
- 1 Reloxo de parede

• Aula B13

- 6 Atril
- 1 Borrador
- 3 Cadeira negra
- 1 Cadeira profesor
- 2 Cadeira verde
- 1 Cadeira verde con pá
- 1 Diapasón con baqueta
- 1 Encerado
- 1 Equipo de música Philips FW-C55
- 1 Espello
- 1 Biombo protector Covid
- 1 Mesa profesor
- 1 Metronomo pequeno gris Wittner Taktell
- 1 Monitores audio LTO P5 4LA
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)
- 1 Regleta (4)
- 1 Vitrina



3.2.11 Cabinas de estudo

• Cabina 1

- 1 Atril
- 1 Banqueta de piano
- 2 Cadeira verde
- 1 Cadeira verde con pa
- 1 Instrumento: Piano vertical Yamaha U3S 6046857
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)

• Cabina 2

- 2 Atril
- 1 Banqueta de piano
- 2 Cadeira verde
- 1 Instrumento: Piano vertical Yamaha C-113 TPE J2076085
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)

• Cabina 3

- 1 Apoiapé de madeira
- 2 Atril
- 1 Banqueta de piano
- 1 Cadeira verde
- 3 Cadeira verde con pá
- 1 Instrumento: Piano vertical Yamaha U3S 6043186
- 1 Papeleira
- 1 Papeleira con area
- 1 Percha (8)
- 1 Reloxo de parede

• Cabina 4

- 3 Atril
- 1 Banqueta piano madeira
- 5 Cadeira verde
- 1 Espello
- 1 Instrumento: Piano Stennach doado
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)

• Cabina 5

- 2 Atril
- 2 Cadeira verde
- 1 Caixa xorda Remo 10" con soporte
- 1 Marimba (4 oitavas y 1/3 A-C, lámina estreita) Bergerault
- 1 Metrónomo de corda Wittner
- 1 Papeleira
- 1 Percheiro (8)



- 1 Sillín baixo hidráulico
- 1 Soporte de caixa baixo Mapex
- 1 Timbal 20" Majestic corpo de fibra

• Cabina 6

- 1 Apoia pé de madeira
- 1 Apoia pé de metal
- 2 Atril
- 1 Banqueta de piano
- 3 Cadeira verde
- 4 Cadeira verde con pá
- 1 Instrumento: Piano vertical Yamaha U3S 6043211
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)
- 1 Pupitre verde

• Cabina 7

- 1 Apoia pé de metal
- 4 Atril
- 4 Cadeira verde
- 1 Espello
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)

• Cabina 8

- 3 Atril
- 5 Cadeira verde
- 1 Espello
- 1 Instrumento: Piano eléctrico Kawai CL36
- 1 Papeleira
- 1 Percha (8)



3.2.12 Outros espazos

• Sala do Profesorado

- 4 Cadeira de sky
- 1 Cadeira negra
- 13 Cadeira profesor
- 1 Cefeteira Dolce Gusto
- 2 Clasificador de mesa
- 1 Cortiza (móbil)
- 1 Cortiza (fixa)
- 1 Encerado
- 1 Fonte de auga JGC
- 7 Mesa grande marrón
- 1 Mesa baixa
- 4 Mesa profesor
- 1 Moble de buzóns
- 2 Ordenador 21"(con teclado e rato) iMac
- 2 Ordenadores acoplados en monitor LG
- 2 Papeleira
- 1 Papeleira reciclaxe
- 1 Parella altofalantes NGS
- 3 Portafolletos
- 2 Rato Logitech M185
- 1 Regleta (4)
- 1 Regleta (5)
- 3 Regleta (6)
- 1 Reloxo de parede
- 1 Router
- 2 Teclado LG K270
- 1 Teléfono fixo Panasonic
- 1 Teléfono fixo Siemens

• Biblioteca

- 1 Alfombra negra e branca
- 1 Alfombra verde
- 1 Altofalante portátil NGS (parella)
- 1 Auriculares (alumnado) Conceptronic
- 1 Auriculares (profesor) Sony
- 2 Auriculares (alumnado) SAMSON HP10
- 1 Buzón suxestións
- 1 Cadeira de oficina
- 13 Cadeira marrón
- 1 Cadeira profesor
- 1 Cadeira verde
- 2 Cadeira verde con pá
- 1 Cadro compositores
- 1 Deshumidificador LG
- 1 Equipo de son Home cinema 5.1 BOSE
- 1 Escaleira portátil
- 1 Estante cadrada (2x2) con 2 portas
- 1 Estante cadrada (4x2) con 4 caixóns
- 2 Estor opaco



- 3 Estor translúcidos
- 1 Flycase co equipo de son
- 1 Grampadora
- 1 Impresora HP Officejet 6500A Plus
- 1 Lámpada de mesa
- 1 Lector código de barras
- 2 Mando Panasonic Audio System N2QAHB000065
- 1 Mando Panasonic Audio System N2QAYB000555
- 1 Mando televisor pequeno
- 1 Mesa de consulta (dúas alturas)
- 4 Mesa de estudo
- 1 Mesa grande marrón
- 1 Mesa oficina con auxiliar
- 4 Mesas de audiovisuais
- 4 Monitor (alumnado) Medion
- 1 Monitor (profesor) ASUS
- 4 Ordenador (alumnado) Medion
- 1 Ordenador (profesor) Medion
- 2 Papeleira
- 2 Percha (8)
- 1 Proxector con mando OPTOMA
- 3 Rato (alumnado) Medion
- 1 Rato (alumnado) Logitech
- 1 Rato (profesor) Medion
- 1 Receptor de audio/vídeo con mando DENON AVR-1908
- 1 Regleta (3)
- 1 Regleta (5)
- 1 Regleta (6)
- 1 Reloxo de parede
- 1 Reprodutor de DVD con mando DENON DVD-1740
- 4 Teclado ordenador (alumnado) Medion
- 1 Teclado ordenador (profesor) Medion
- 1 Teléfono fixo
- 7 Vitrina de parede

• **Sala de Lectura**

- 1 Alfombra multicolor
- 2 Armario librería
- 4 Atril
- 1 Auriculares (alumnado) AKG K-70
- 10 Cadeira negra plegable
- 6 Cadeira verde
- 4 Cadeira verde con pá
- 2 Cadeira verde recortada
- 1 Cadro Madame Butterfly
- 7 Estante CD e DVD (8x1)
- 1 Estante novo CD
- 4 Lámpara estantería
- 2 Mesa grande verde (unha recortada)
- 1 Mesa ovalada de madeira
- 1 Pantalla retráctil
- 1 Papeleira
- 2 Percha (4)
- 1 Puf



- 1 Purificador de aire
- 1 Regleta (3)
- 1 Regleta (5)
- 1 Regleta (6)
- 3 Reproductores de CD con 1 mando Panasonic SA-PM04
- 1 Sillón azul
- 1 Sillón negro
- 1 Sofá vermello
- 2 Taburete cadrado pequeno
- 1 Teclado MIDI Korg
- 1 TV AKAI
- 2 Ventilador FM
- 7 Vitrina de parede (4 sen cristal)

• **Conserxería**

- 3 Alongador (1 de 10 m)
- 2 Altosfalantes pequenos NGS
- 1 Armario de instrumentos
- 1 Armario librería
- 1 Armario metálico de chaves
- 1 Auroculares Manhattan con micro
- 1 Cable de conexión/carga Lightning para Apple iPhone/iPod
- 2 Cables ethernet de 3 metros
- 1 Cable Piano Hall de entrada
- 2 Cadeira de oficina
- 1 Caixa de primeiros auxilios de parede
- 1 Caixa metálica material de oficina
- 1 Caixoneira pequena
- 1 Cámara de vídeo con funda, cargador e 2 baterías Canon Legria HFS10E
- 1 Cámara de vídeo con funda e cargador Samsung HMX QF30
- 1 Cámara fotográfica dixital + tarxeta memoria Sandisk 8 GB con funda e cargador Canon EOS 1100D
- 2 Cargadores Micro USB para móbiles Android (1 tipo C, 1 tipo B)
- 1 Contedor negro 100 litros
- 1 Encadernadora espiral Yosan 64
- 1 Encerado pequeno
- 1 Estante madeira
- 1 Fotocopiadora Inneo+308
- 1 Grampadora brazo longo Rapesco
- 1 Grampadora grande Rexel
- 1 Grampadora oficina Petrus 222
- 1 Gravadora Tascam DR-100 MKII
- 1 Guillotina Fellowes Stellar
- 1 Guillotina de fotos carné
- 1 Mesa grande gris
- 1 Mesa mostrador
- 2 Mesa pequena gris
- 1 Mezclador de 8 canales Behringer Xenyx 802
- 1 Ordenador LG integrado en monitor
- 1 Ordenador portátil Asus F553MA-SX417B
- 1 Ordenador portátil Sony Vaio averiado
- 1 Papeleira
- 2 Paraugueiro
- 2 Percha (4)
- 1 Perforadora Petrus 40



- 1 Plastificadora Fellowes Jupiter A3
- 1 Proxector portátil Vivitek
- 1 Radiocassette Portátil Panasonic RX-ES27
- 2 Ratos con cable
- 1 Rato Logitech inalámbrico
- 1 Regleta (3)
- 1 Reloxo de parede
- 1 Teclado ordenador Logitech K270
- 1 Teléfono fixo Panasonic
- 1 Trípode Vídeo/Foto Cullmann Nanomax 250
- 1 Trípode Vídeo/Foto Giotto VT 803
- 1 Trípode Vídeo/Foto Star 63

• Auditorio

- Hall:
 - 1 Atril madeira
 - 1 Atril metal
 - 2 Cadeiras negras
 - 1 Cuadro David Russell
 - Cuarto de baño:
 - 1 Atril madeira discursos
 - 4 Bandeiras (Vigo, Galicia, España, Europa)
 - 2 Barras tarimas director
 - 1 Estante de madeira
 - V Listóns de madeira
 - 1 Mesa negra IKEA (4 patas)
 - 1 Papeleira
 - 3 Percha (8)
 - 1 Percha branca (4)
 - 1 Tarima de director
 - Parte traseira:
 - 1 Apoia pé de madeira
 - 28 Atril
 - 3 Banqueta de piano
 - 2 Cadeiras negras
 - 3 Cadeiras negras plegables
 - 1 Cadeira verde
 - 1 Equipo de música Sony
 - 1 Instrumento: Piano vertical Yamaha U3S 6002237
 - 1 Mesa audiovisuais
 - 1 Soporte de atrás fixo
 - Escenario:
 - 2 Altosfalantes BOSE
 - 3 Atril
 - 1 Banqueta dobre de piano
 - 1 Banqueta hidráulica de piano GUILL
 - 1 Canón de luces
 - 1 Deshumidificador LG
 - 1 Funda do piano
 - 1 Instrumento: Piano de cola YAMAHA C7 6036397
 - 1 Mesa audiovisuais
 - 2 Micrófono de gravación
 - 1 Pantalla para proxectar retráctil eléctrica
 - 1 Proxector HITACHI



- 1 Roll-up do CMUS
 - Cuarto de gravación:
- 1 Adaptador HDMI a VGA
- 1 Adaptador HDMI a Micro HDMI Deluxe Computer Cable x 2
- 1 Alongador de 25m
- 1 Auriculares AKG K240 Studio
- 1 Auriculares AKG K-70
- 2 Base micrófonos conferencia LD Systems 1015 CMB
- 1 Bobina de cable (resto instalación) Isopod SO-F22 2x0,22 qmm
- 1 Adaptador de HDMI a mini HDMI
- 1 Cable alimentación gris
- 1 Cable canon<canon 5 mts
- 1 Cable ethernet 15 mts
- 1 Cable HDMI Digitus 20 m x 2
- 1 Cable HDMI 4k de 20 m.
- 2 Cable jack jack 1/4 15 mts
- 1 Cable jack mono<RCA mono 3 mts
- 1 Cable jack stereo 3 mts
- 2 Cable Micro profesional OFC 5m.
- 2 Cable Micro The Sssnake 10m.
- 1 Cable micro XLR Hembra a Jack Mono 6,3 mm de 10 m x 2
- 1 Cable minijack<2 jack mono 1'5 mts
- 1 Cable minijack<2 jack mono 6 mts
- 1 Cable USB Data V8 3 m.
- 1 Cable usb<miniusb 1mt gris
- 2 Cables alimentación negros
- 2 Cadeiras negras
- 1 Cámara Zoom Q2n 4k nº serie C24050402
- 1 Cragador de caja Easyspeed 2 USB Type-C 3.1A
- 1 Disco Duro Externo CoolBox SSD M.2 NVMe
- 1 Disco duro multimedia, alimentador cable usb, cable multimedia, mando a distancia SEAGATE Geoflex Cinema SRM001
- 1 Disco duro multimedia Touro
- 1 Estufa eléctrica
- 1 Gravadora dixital, alimentador, tarxeta SD 2 GB BarunFlash TASCAM DR 10MKII
- 1 Lámpada de parede
- 1 Mesa de audio profesional de 12 canles Denon
- 1 Mesa de iluminación, alimentador, cable DMX (canon hembra<macho) WORK pro W Scan 1216 DMX Series
- 2
- 1 Mezcladora Blackmagic design ATEM mini pro
- 2 Micrófono de conferencia, almohadillas antipops LD Systems 1015CM
- 2 Micrófono sen fíos AKG WMS40 Mini Dual Vocal Set
- 1 Minijack<minijack stereo 1,5mts
- 1 Monitor LG 24MK430 60 cm / 24 + adaptador DC + Cable HDMI
- 2 Monitor 20" Fujitsu
- 2 Monitores audio LTO P5 4LA
- 1 Ordenador HP
- 1 Ordenador portátil, alimentador cable ethernet, ACER Aspire 5755G
- 1 Papeleira
- 1 PLCwifi TPLINK TL-WPA4220KIT
- 1 Rato microsoft
- 1 Rato DELL
- 1 Rato Fujitsu
- 1 Regleta multiusos
- 1 Set de Walkie Talkies Motorola T82 Extreme



- 1 Switch D-Link de 8 puertos + adaptador DC
- 1 Teclado DELL

• Despacho de dirección

- 2 Armario librería
- 1 Bandeixa de papeis
- 1 Cadeira de oficina
- 6 Cadeira negra con brazos
- 1 Caixoneira
- 1 Encerado
- 2 Mesa oficina
- 1 Mesa redonda
- 1 Ordenador integrado en monitor Asus
- 1 Pantalla retráctil Fonestar
- 1 Papeleira
- 1 Percha (3)
- 1 Portalibros de mesa
- 1 Proxector con mando ACER
- 1 Rato Logitech M185
- 1 Regleta (6)
- 1 Teclado ordenador Phoenix
- 1 Teléfono inalámbrico Alcatel

• Despacho de vicedirección/secretaría

- 1 Altosfalantes pequenos Rainbow
- 2 Armario librería (con portas cristal)
- 1 Bandeixa portapapeis 4 pisos
- 1 Bandeixa portapapeis portátil
- 2 Cadeira de oficina
- 3 Cadeira profesor
- 1 Caixa de caudais con chaves orixinais
- 4 Caixoneira
- 2 Mesa oficina con mesas supletorias
- 1 Monitor Asus
- 1 Ordenador Fujitsu
- 1 Ordenador 21" (con rato) iMac
- 2 Papeleira
- 2 Percheiro (3)
- 1 Regleta (4)
- 1 Soporte ordenador
- 2 Teclado ordenador Phoenix
- 2 Teléfono fixo Panasonic

• Despacho de xefatura de estudos

- 1 Armario librería
- 1 Bandeixa portapapeis portátil
- 1 Cadeira de oficina
- 4 Cadeira profesor
- 1 Caixoneira
- 1 Lámpada de mesa
- 1 Mesa negra IKEA



- 1 Mesa pequena portátil
- 1 Mesa oficina
- 1 Ordenador completo iMac
- 1 Papeleira
- 1 Percha (3)
- 1 Rato Fujitsu
- 1 Regleta (6)
- 1 Teclado Phoenix
- 1 Teléfono fixo Panasonic
- 3 Vitrina

• Despacho de coordinación de GE

- 1 Armario librería
- 1 Cadeira de oficina
- 2 Cadeira profesor
- 1 Caixoneira
- 1 Encerado
- 1 Instrumento: Trompa J. Michel
- 1 Lámpada de mesa
- 1 Mesa profesor
- 1 Monitor LG con ordenador integrado
- 1 Papeleira
- 1 Percha (2)
- 1 Radiador eléctrico portátil
- 1 Rato sen fíos Logitech M185
- 1 Regleta (4)
- 1 Reloxo de parede
- 1 Teclado ordenador sen fíos Logitech K270
- 1 Teléfono inalámbrico SPC
- 1 Instrumento: Trompa J. Michael para préstamo
- 1 Instrumento: Viola para préstamo
- 1 Vitrina

• Despacho de Equipo de Actividades

- 1 Adaptador ethernet/usb
- 1 Altosfalantes pequenos NGS
- 1 Armario librería
- 2 Bancos verdes
- 1 Cadeira oficina
- 4 Cadeira profesor
- 1 Encerado
- 1 Enchufe triple
- 1 Mesa gris grande
- 1 Mesa gris pequena
- 1 Monitor HP
- 1 Monitor Lenovo
- 1 Ordenador Fujitsu
- 1 Papeleira
- 1 Papeleira con tapa Covid
- 1 Percha (8)
- 1 Rato Fujitsu
- 1 Regleta (5)



- 1 Splitter ethernet
- 1 Teclado ordenador HP
- 1 Vitrina Covid

• **Secretaría**

- 1 Armario blindado
- 2 Armario metálico
- 1 Armario metálico de redes
- 5 Archivador metálico
- 1 Bandeixa portapapeis 4 pisos
- 3 Cadeira de oficina
- 1 Cadeira profesor
- 1 Carriño audiovisuais
- 1 Contedor metálico Datapack
- 1 Estufa eléctrica
- 1 Fax Brother MFC-7820N
- 1 Fotocopiadora Bizhub C258
- 2 Mesa oficina
- 3 Mesa supletoria
- 1 Monitor Asus
- 1 Monitor Dell
- 2 Monitor Sony
- 1 Ordenador Dell
- 1 Ordenador Fujitsu
- 1 Ordenador HP
- 1 Ordenador HP (conectado á TV exterior)
- 2 Papeleira
- 1 Paraugueiro
- 1 Percha (5)
- 1 Pupitre marrón
- 2 Rato DELL
- 1 Rato Fujitsu
- 1 Rato Logitech M150
- 1 Regleta (3)
- 3 Regleta (4)
- 1 Reloxo de parede
- 1 Router MI AX1800
- 1 Router N2
- 1 Teclado ordenador Dell
- 1 Teclado ordenador HP
- 1 Teclado ordenador Labtec
- 1 Teclado ordenador Logitech
- 2 Teléfono fixo Panasonic
- 1 Trituradora de papel
- 2 Vitrina

• **Corredor traseiro**

- 4 Armario metálico
- 7 Archivador metálico
- 10 Archivadores pequenos cartón
- 2 Carriño audiovisuais
- 1 Carriño ordenador



- V Chaleco reflectante
- 1 Estante CD
- 1 Esterilla
- 1 Lámpada de pé
- 1 Mesa pequena auxiliar
- 1 Monitor Asus
- 1 Ordenador clónico
- 1 Ordenador Fujitsu
- 1 Rato HP
- 1 Rato Logitech
- 1 Soporte mesa baixa verde
- 1 Teclado ordenador HP
- 1 Vitrina

• Climatización

- V Andamio
- 2 Cadeira negras pregables
- 3 Cadeira verde
- 35 Cadeira verde con pá
- 1 Cadeira verde con pá zurda
- 1 Caixa metálica redes
- 1 Carro de transporte
- 1 Escaleira de madeira
- 1 Escaleira metálica
- 5 Estantería cadrada (4x4)
- 1 Expositor metálico
- 1 Lámpara de pé
- 1 Puitre verde
- 1 Vitrina sen cristais

• Sala de titorías

- 4 Butacas sky
- 4 Cadeira laranxa
- 4 Cadros/fotografías
- 1 Espello fixo
- 4 Estantes de cristal con CD
- 1 Lámpada de teito
- 1 Mesa cadrada
- 1 Mesa baixa
- 1 Televisor Hisense 70' con soporte

• Corredores dianteiro e laterais

- 1 Armario madeira
- 1 Banqueta de piano
- 1 Buzón suxestións e queixas
- 3 Cadeira negra
- 1 Cadeira verde
- 13 Cadeira verde con pá
- 1 Cadeira verde con pá zurda
- 1 Corda cortapaso con 2 soportes
- 5 Cortiza



- 2 Cortiza pequena
- 2 Cortiza-vitrina
- 1 Estantería branca grande instrumentos
- 1 Fotocopiadora Konica Minolta Bizhub 283
- 10 Fotos/Cadros graduación
- 1 Foto No Bico un cantar
- 1 Instrumento: Piano eléctrico Kawai CL36
- 2 Máquinas expendedoras Delikia
- 1 Máquina expendedora en desuso
- 2 Mesa madeira biblioteca
- 2 Mesa supletoria
- 5 Papeleira
- 1 Papeleira reciclaxe
- 1 Taquillas profesorado
- 1 Tarima (dividida en 3 partes)
- 1 TV Telefunken
- 1 Vitrina

• Vestíbulo principal

- 1 Altosfalantes 2.1 con subwoofer
- 2 Atril
- 4 Bancos verdes
- 1 Buzón ANPA
- 1 Buzón de permisos
- 2 Cadeira negra
- 1 Cadeira verde
- 1 Contedor pilas
- 1 Corda cortapaso con 2 soportes
- 1 Encerado imantado
- 1 Mesa grande alumnado
- 3 Mesa verde baixa
- 2 Papeleira
- 3 Paraugueiro
- 2 Plantas
- 1 Reloxo de parede
- 1 TV Samsung
- 2 Vitrina



4. Actividade dos órganos colexiados e de goberno

4.1 Actividade do claustro

4.1.1 Sesión de Claustro nº 1

1. Presentación e aprobación, se procede, do calendario da Programación Xeral Anual.
2. Aprobación, se procede, dos obxectivos pedagóxicos para o presente curso académico.
3. Reparto de docencia e espazos para o presente curso académico.

4.1.2 Sesión de Claustro nº 2

1. Aprobación, se procede, das actas anteriores.
2. Presentación do profesorado de nova incorporación ao Claustro.
3. Informe de dirección sobre inicio de curso.
4. Informe de xefatura de estudos sobre inicio de curso.
5. Informe de vicedirección sobre inicio de curso.
6. Rogos e preguntas.

4.1.3 Sesión de Claustro nº 3

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Aprobación, se procede, da PXA 2022-2023.
3. Instrucións da Xefatura de Estudos sobre a organización académica do 1º trimestre.
4. Erasmus+
5. Rogos e preguntas.



4.1.4 Sesión de Claustro nº 4

1. Votación para a elección de representantes de profesorado para o Consello Escolar.

4.1.5 Sesión de Claustro nº 5

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe da secretaría sobre o exercicio económico do ano 2021.
3. Materias optativas para o vindeiro curso académico.
4. Rogos e preguntas.

4.1.6 Sesión de Claustro nº 6

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Calendario de actividades de fin de curso.
3. Informe da Xefatura de Estudos sobre a planificación do 3º trimestre.
4. Informe da Vicedirección sobre actividades de difusión cultural do 3º trimestre.
5. Rogos e Preguntas.

4.1.7 Sesión de Claustro nº 7

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Calendario actividades de inicio de curso.
3. Informe da Xefatura de Estudos.
4. Informe da Vicedirección.
5. Informe da Secretaría.
6. Informe da Dirección.
7. Rogos e Preguntas.



4.2 Actividade do CE

4.2.1 Sesión de Consello Escolar nº 1

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe sobre admisión de alumnado de setembro.
3. Solicitude de días non lectivos para o presente curso académico.
4. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas anteriores á aprobación da PXA.
5. Rogos e preguntas

4.2.2 Sesión de Consello Escolar nº 2

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Aprobación, se procede, da Programación Xeral Anual.
3. Aprobación, se procede, das propostas recentes de actividades.
4. Rogos e preguntas.

4.2.3 Sesión de Consello Escolar nº 3

1. Constitución do Consello Escolar do CMUS Profesional de Vigo.
2. Informe da Xefatura de Estudos (matriculación excepcional en máis dun curso).

4.2.4 Sesión de Consello Escolar nº 4

1. Nova constitución do Consello Escolar do CMUS Profesional de Vigo.

4.2.5 Sesión de Consello Escolar nº 5

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
3. Informe sobre a autoavaliación da PXA do primeiro trimestre.



3. Aprobación, se procede, do exercicio económico do ano 2021.
4. Informe da Vicedirección sobre propostas de actividades de difusión cultural do segundo trimestre.
5. Rogos e preguntas.

4.2.6 Sesión de Consello Escolar nº 6

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento para ano en curso.
3. Proposta de vacantes para acceso ao 1º grao elemental e 1º grao profesional do vindeiro curso académico.
4. Rogos e preguntas.

4.2.7 Sesión de Consello Escolar nº 7

1. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento para ano en curso.

4.2.8 Sesión de Consello Escolar nº 8

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe sobre o fin de curso.
3. Rogos e preguntas.



5. Actividade dos órganos de coordinación docente

5.1 Proceso de avaliación

O proceso de avaliación tivo lugar nas datas establecidas no calendario da Programación Xeral Anual, aprobado no seu día no claustro, e transcorreu de xeito positivo.

O proceso de carga de notas, por parte do profesorado, na aplicación Centros-Net, foi realizado con tempo suficiente para elaborar as Actas que posteriormente de depositaron, físicamente, na sala do profesorado.

Xa no propio espazo das avaliacións, a xefatura de estudos e a coordinación de grao elemental trataron aqueles casos de alumnos e alumnas máis salientables en canto ás dificultades que presentan para poder superar o curso actual, e que xa foron comentados con anterioridade, e en diversas ocasións, nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

5.2 Matriculación excepcional en máis dun curso

Ao longo sa segunda quincena do mes de outubro, o xefe de estudos do centro fixo entrega a todo o profesorado do calendario de ampliacións do presente curso académico, sendo tratado devandito documento en sesión ordinaria da Comisión de Coordinación pedagóxica. As solicitudes tramitadas polos titores foron presentadas posteriormente, para a súa posible aprobación, en sesión de Consello Escolar, de tal modo que o alumnado que promocionou de curso xa se incorporou, nun breve prazo, ás clases das materias propias de cada especialidade.

5.3 Mellora das situacións de convivencia

Durante o presente curso non foi necesario por en marcha o Plan de Convivencia que figura no Proxecto Educativo de Centro. Do mesmo xeito, cabe destacar



que, a pesar de non terse producido conflitos de gravidade, si tiveron lugar algunhas pequenas incidencias provocadas polo alumnado de menor idade, tales como simples alborotos nos cambios de clase ou pequenas molestias ao profesorado.



6. Departamentos didácticos

6.1 Departamento de Canto

6.1.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

14 alumnos e alumnas

-Alumnado por materia

Canto 1º G.P: 3

Canto 2º G.P: 2

Canto 3º y 4º G.P: 2 (ampliación de matrícula)

Canto 5º G.P: 3

Canto 6º G.P: 4

MC 3º y 4º G.P: 2 (ampliación dematrícula)

MC 5º G.P: 3

MC 6º G.P: 4

Italiano 1º G.P: 3

Italiano 2º G.P: 2

Alemán 3º y 4º G.P: 2 (ampliación de matrícula)

Francés 5º G.P: 3

Inglés 6º G.P: 4



6.1.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Todo o alumnado do departamento de canto cumpríu os obxectivos da programación de canto menos dous alumnas, e unha alumna de idiomas aplicados ao canto (italiano).

(Beatriz Arenas Lago)

Estudar obras sinxelas baseadas na técnica e de diversos estilos, que facilitasen o desenvolvemento vocal do alumnado de 1º e 2º G.P, e traballar obras de todos os estilos, periodos e idiomas no alumnado de 5º e 6º G.P.

Interiorizar a dicción, pronunciación, articulación e entoación dos idiomas.

Interiorizar e coñecer as diversas seccións das obras, para expresar ao máximo o seu contido, así como o carácter estilístico delas.

Conseguir que a alumna Iria Hidalgo Ramos de 6º G.P. puidese finalizar os seus estudos este ano, e cabe destacar, que a pesar de non asistir a clase mais da metade do curso por realizar unha estancia Erasmus cos seus estudos superiores de piano, superou moitísimas dificultades técnicas vocais. Co seu constante estudo diario conseguiu aondar na musicalidade e na expresividade das obras durante as sesións e nas audicións de forma extremadamente positiva en 3 meses, conseguindo realizar todo o repertorio, que como se indicou nos seguimentos, cosa que parecía imposible de acadar.

Destacar o alumnado de 3º G.P de alemán, que fixo ampliación a 4º G.P cumprindo todos os obxectivos en ambos cursos.

(Esperanza Mara Filguiera Rama)

Realizar proxectos que favorecesen a profesionalización e o traballo conxunto vocal do alumnado.

Abarcar un repertorio dende o medieval ata o contemporaneo.



Todo o meu alumnado cumpriu os obxectivos e contidos mínimos da programación respecto ao seu curso. Os alumnos Manuel Estévez e David González fixeron ampliación de 3º GP a 4ºGP. A alumna M^a Elena Pavón tivo e ten dificultades derivadas por varios factores, entre eles o traslado do Conservatorio de Ourense e a conciliación cos estudos da ESAD.

-Obxectivos non acadados

(Beatriz Arenas Lago)

Conseguir que a ilusión do alumando fose a mais adecuada, completa e real por participar nas audicións, debido á falta de acceso público, independentemente do interese por estudar, faltaba interese no referente ás audicións.

A pesar da excepcional musicalidade e gran interese do alumno Juan José Rodal González, non chegou a cumprir os mínimos esixibles da programación de canto, ausentándose parte do terceiro trimestre, non participando nas audicións e non estudando as obras propostas para o curso.

As dous alumnas de 2º G.P, non acadaron os obxectivos da programación:

Silvia Otero Galerón: Non cumpriu ningún obxectivo da programación de canto, debido á falta de estudo e non asistiu a ningunha audición.

Adelaida Vidal Crespo: Non asistiu a clase e polo tanto, non acadou ningún obxectivo da programación de canto e italiano.

6.1.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

(Beatriz Arenas Lago)

A organización xeral do centro, e a súa comunicación co profesorado, e alumnado.

A liberdade na xestión da propia materia.

A nova situación Erasmus do Conservatorio.



A implicación dos titores co novo persoal en prácticas e o acollemento dos compañeiros.

6.1.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

(Beatriz Arenas Lago)

Mellorar o funcionamento do wifi na sala do profesorado.

Adquisición dun espello de parede para aula B17 e C9, xa que os espellos que temos non favorece a técnica vocal (o alumnado debe baixar o colo para poder observarse e esta acción repercute na emisión do seu son, se houberse un espello de parede o alumnado poderíase observar sen baixar a cabaza e poderíamos traballar hábitos posturais así como escena)

Sería bo facer publicidade do departamento de canto, tanto nas redes, como realizando un día de portas abertas, nas que tanto o propio alumnado conservatorio como persoal de fora, puidese asistir a unha actividade divulgativa, na que se informase e se realizase un concerto do alumnado de canto coa axuda dos pianistas acompañantes, no auditorio. Deste modo captaríase mais alumnado e daríase a coñecer o sistema de estudos musicais de canto, así como todas as portas profesionais ás que se pode optar.

6.1.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

(Beatriz Arenas Lago)

Anexo os carteis e programas das actividades.

Primeiro trimestre

Concerto de Santa Icíá (29 novembro): Participaron os alumnos Miriam Vila Figueirido, Juan José Rodal González.

Terceiro trimestre

Audición (11 de marzo) de repertorio barroco e lied, participou todo o alumnado



menos as alumnas de 2º G.P

Audición (1 abril) de arias antigas, asrias de cámara, ópera, lied e oratorio, participou todo o alumnado menos as alumnas de 2º G.P e Miriam Vila Figueirido.
(1 de abril)

Masterclass (19 de abril) impartida pola soprano Beatriz Arenas xunto o guitarrista Felix Justen sobre a canción italiana, inglesa, francesa, española e lied do S.XVIII, XIX e XX no Conservatorio Superior de Música de Vigo ao que asistiron 2 alumnos de 1º G.P e unha alumna de 5º G.P.

Concerto día das letras galegas (16 de mayo) en coordinación co equipo de dinamizacións da lingua galega e colaboración co alumnado de RTA da profesora Gloria R.G. do departamento de Linguaxe musical e o alumnado do departamento de canto.

Recital fin de grao profesional (12 de mayo) da alumna de 6º G.P Iria Ramos Hidalgo coa pianista Blanca Vázquez.

(Esperanza Mara Filgueira)

Primeiro trimestre

Audición trimestral (30 novembro): Participou todo o meu alumnado excepto M^a Elena Pavón. Realizamos unha unidade baseada en proxecto do oratorio “El Mesías” de Händel alén de arias antigas e leccións do Vaccaj.

Concerto de Santa Icíá (29 novembro): Participou a alumna Alba Viñas e David Laureano Corral Hidalgo.

Concerto Nadal (21 decembro): Participaron os alumnos M^a José Gallego Pastoriza e Manuel Estévez González.

Segundo trimestre



Actividade complementaria de Alfonso X O Sabio (14 decembro), coa colaboración do departamento de normalización lingüística, de historia, novas tecnoloxías e o alumnado do departamento de canto: Participou todo o meu alumnado de canto alén de José García e Tamara Vázquez.

Audición trimestral (15 febreiro): Participou todo o meu alumnado con repertorio de ópera e zarzuela.

Concerto Carnaval de homenaxe a ABBA (24 febreiro): Participou todo o meu alumnado en colaboración co departamento de vento metal, en concreto coa clase de trombón e de tuba-bombardino realizando un concerto no exterior do conservatorio.

Realización de vídeos en formato para redes sobre as diferencias de pronunciación entre o castelán e o italiano cos alumnos de 1º de idiomas aplicados ao canto.

Terceiro trimestre

Presentación en público dun pequeno proxecto creativo e a interpretación de varias arias antigas polos alumnos de 1º de idiomas aplicados ao canto.

Obradoiro de caracterización (11 maio): actividade inserida na unidade baseada en proxecto interdisciplinar e extraescolar sobre a canción galega inserida nas actividades que realiza na semana das letras o equipo de dinamización lingüística. Neste caso aprendemos a caracterizarnos de anciáns como complemento escénico o día do concerto, baseado na idea de que interpretaremos pezas da colección “Cantares viejos y nuevos” de Adalid así como na idea das “Sete Cancións populares” de Juan Durán posto que a tradición oral está moi ligada a figura dos nosos maiores e é un xeito de facerlles unha pequena homenaxe celebrando as nosas letras. Participou todo o meu alumnado excepto Alba Viñas e a maiores, a profesora Beatriz Arenas coa alumna Tamara Vázquez.

Recital fin de grado (12 maio): recital das alumnas M^a José Pastoriza e Alba Viñas.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Conservatorio Profesional de Música de Vigo



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

cmusVigo
Conservatorio Profesional de Música

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es

Concerto - conferencia (18 maio): coa participación de todo o meu alumnado e a presenza de Juan Durán como compositor convidado.



6.2 Departamento de Composición

6.2.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

199 alumnas e alumnos

-Alumnado por materia

Harmonía 3º GP: 47

Novas tecnoloxías 3º GP: 45

Harmonía 4º GP: 57

Historia da música 4º GP: 52

Análise 5º GP: 52

Historia da música 5º GP: 41

Análise 6º GP: 53

Itinerario de Musicoloxía 6º GP: 8

Itinerario de Composición 6º GP: 11

TCAD 6 GP: 2

Optativa cine e música: 9

6.2.2 Obxectivos do profesorado para o curso

Profesor Baldomero Barciela

-Obxectivos acadados

Todos os obxectivos previstos foron acadados. Con todo o curso tivo un desenvolvemento diferente ao de anos anteriores xa que o profesor titular foi substituído por unha profesora durante o segundo trimestre do curso, por disfrutar dunha licenza de formación. É importante facer notar que este cambio poido ser



positivo para o alumnado xa que tiveron a oportunidade de achegarse de dous xeitos diferentes aos contidos propostos, con profesorado con formacións, intereses e plantexamentos diversos.

Na materia de Itinerario de musicoloxía sen embargo este cambio tivo efectos un pouco complicados para o alumnado, xa que o segundo trimestre soe centrarse na lectura de diversos artigos de investigación, na reflexión sobre os mesmos, e na elaboración dun proxecto orixinal e persoal. Neste ano houbo máis un enfoque centrado nos aspectos formais da elaboración do traballo que na confección do mesmo propiamente falando, o que produxo un certo retraso na redacción final dos mesmos, con pequenos episodios de angustia entre o alumnado.

-Obxectivos non acadados

Ningún

Profesor Ramón Cabezas

Harmonía 3º

-Obxectivos acadados

Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal, as súas características e funcións.

Utilizar en traballos escritos os elementos e procedementos básicos da harmonía tonal.

Desenvolver o oído harmónico e a capacidade de escoitar internamente encadeamentos tonais simples tanto na análise como na realización de exercicios escritos.

Identificar a través da audición a funcionalidade e a natureza dos acordes propios da tonalidade e os procedementos máis comúns da harmonía tonal.



Aprender a valorar a calidade da música.

Ter actitude crítica ante á escasa calidade harmónica que puidera presentarse tanto en músicas propias como alleas como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático.

-Obxectivos non acadados

Todos os relacionados cas progresións unitonais e a serie de sextas.

Tocar esquemas básicos no piano nos que se presenten acordes propios da tonalidade.

Ser capaz de tocar os traballos realizados no piano.

Harmonía 4º

-Obxectivos acadados

Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal, as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.

Empregar en traballos escritos os elementos e procedementos estudados da harmonía tonal.

Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos.

Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados da harmonía tonal.

Identificar a través da análise de obras, os procedementos máis comúns da harmonía tonal e as transformacións temáticas.

Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical.

Aprender a valorar a calidade da música.

Ter actitude crítica ante á escasa calidade harmónica que puidera presentarse tanto en músicas propias como alleas como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático.



-Obxectivos non acadados

Todos os relacionados cas novenas de dominante, as progresións modulantes e a modulación.

Tocar esquemas básicos no piano nos que se presenten acordes propios da tonalidade.

Ser capaz de tocar os traballos realizados no piano.

Análise 5º

-Obxectivos acadados

Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores desde o canto gregoriano ata a actualidade, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal: Barroco, Preclasicismo e Clasicismo

Analizar obras dos estilos da práctica modal e tonal. A participación en audicións organizadas por outros departamentos, levando as partituras a interpretar e facendo un análise previo o post-audición, será unha das actividades posibles de realizar, concretamente é moi doado para esta actividade analizar as obras que se leven a

interpretación do Coro ou Orquestra do Conservatorio, tendendo aos parámetros que as compoñen: macroestructuras e microestructuras, proporcións, tonalidade, harmonía, temática e motivica, textura, ritmo, dinámica, agónica, tímbrica, articulación, etc.

Sinalar na obra as características dos parámetros anteriores conferíndolle unha estética propia do estilo á que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que derivan deles.

Escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmonicas máis características das obras analizadas.

-Obxectivos non acadados



Tocar esquemáticamente nun instrumento polifónico as formulas harmonicas máis características das obras analizadas.

Todos os relacionados co Preludio, o concerto, suite e oberturas do Barroco.

Todos os relacionados ca modalidade nos corais de J. S. Bach e o tema con variacións.

Cine e música: relacións interlingüísticas

-Obxectivos acadados

Todos

-Obxectivos non acadados

Ningún

Profesor Serafín Fernández

-Obxectivos acadados

Todos os obxectivos previstos na programación foron conseguidos

-Obxectivos non acadados

Ningún.

Profesor Ángel A. Montes

-Obxectivos acadados

Todos.

-Obxectivos non acadados

Ningún

Profesor Miguel Fco. Moreno

-Obxectivos acadados

En Harmonía todos os da programación.

En Análise, os contidos acadados foron principalmente os das formas clásicas



compoñentes do Barroco e da época modal.

-Obxectivos non acadados

O preclasicismo foi o menos profundizado

Profesora Myriam Pias

-Obxectivos acadados

Todos os contemplados na programación da materia.

-Obxectivos non acadados

Ningún

6.2.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

- A planificación dos horarios, tanto por parte do equipo directivo como do departamento.
- A organización do centro a todos os niveis.
- A renovación de todos os ordenadores da aula de Novas Tecnoloxías, que permitiu actualizar un material que comezaba a chegar ao final da súa vida útil.
- O bon ambiente no centro en xeral e no departamento en particular.
- A atención dos conserxes co profesorado é sempre moi profesional e humana.
- A planificación do calendario escolar e a anticipación dos horarios dos exames, facilitan enormemente a confección de datas para a realización dos exames.

6.2.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

- A conexión sen fíos do centro.
- Unha maior comunicación cos titores.



- O proxector da aula C11 presentou moitos problemas técnicos ao longo do curso. A substitución do mesmo por un televisor con conexión HDMI melloraría a visualización dos fragmentos de películas analizadas e das partituras de cine, e axilizaría moito o desenvolvemento das clases.
- A substitución do piano electrónico da aula C11 por un piano acústico de parede melloraría enormemente a calidade dos exemplos musicais tocados ao longo do curso, ilustrando de maneira mais precisa os contidos explicados na materia de Análise.
- Un televisor para a aula C7, xa que o funcionamento do proxector é deficiente.
- As materias opcionais considero que é un erro telas que realizar só o mércores pola tarde. Comprendo que as veces é moi problemático o encaixe de todo (coñezo dita dificultade), pero hai materias opcionais que poderían realizarse pola mañá polas características do alumnado de 6º que en parte están estudando na universidade ou traballan e teñen esta posibilidade.
- Nun contexto de crise climática e enerxética, priorizar en todo o ámbito do conservatorio a realización de reunións telemáticas, que limitarían a utilización de vehículos privados de xeito irresponsable, e que funcionan con resultados similares aos das presenciais como amosa o que ocorre no noso departamento. Isto non impide que algunhas das reunións especialmente importantes sexan presenciais.
- Unha parte do departamento (non hai unanimidade), propón suprimir o sistema de adxudicación de horario baseada no expediente académico. Este método favorece “valores” como a competitividade que contradín os que figuran habitualmente na maioría das PD (cooperación, traballo en equipo, coavaliación...). Se desgraciadamente en todo o sistema educativo hai unha sobrevaloración inexplicable da cualificación por riba



doutros moitos aspectos educativos, engadir aínda un novo incentivo para elo non fai máis que perverter de xeito infame a apreciación que o alumnado pode ter da mesma.

- Unha parte do departamento (non hai unanimidade), cre que a pesar de non depender do noso centro, cada vez o período lectivo faise máis curto impedindo o desenvolvemento óptimo das materias.

6.2.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

- O alumnado de Historia de 4º GP-D participou na actividade conmemorativa do oitavo centenario do nacemento de Afonso X, organizada polo Departamento de Canto. O alumnado de Historia de 5º GP-C participou na actividade, organizada igualmente polo Departamento de Canto, de representación da obra *Bastien und Bastienne* de W. A. Mozart. En ambos casos, o alumnado realizou unha exposición oral sobre o contexto histórico e as principais características musicais referidas ás temáticas mencionadas.
- Os grupos de Historia 4º GP-C e 5º GP-C tiveron unha sesión da materia impartida por dúas estudantes do último curso da especialidade de Etnomusicoloxía do Conservatorio Superior de Vigo. Os obxectivos plantexados nesta actividade foron: ampliar os coñecementos do alumnado de Historia da música enriquecéndoos co enfoque da Etnomusicoloxía, dar a coñecer a disciplina da Etnomusicoloxía e afondar nos contidos de Historia da música a través da realización de actividades que requiran a participación activa do alumnado.
- Fíxose unha presentación telemática na aula de Itinerario de Musicoloxía, do grao de Musicoloxía impartido no Conservatorio Superior de Vigo por parte de dous profesores do mesmo.



6.3 Departamento de Conxunto

6.3.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

??? Alumnos

-Alumnado por materia

O alumnado está repartido nas diferentes materias e agrupacións pertencentes ao Departamento de Conxunto:

Conxuntos, Banda, Orquestra, Coro e Música de Cámara

(Beatriz Arenas e Esperanza Mara, MC de Canto)

MC 3º y 4º G.P: 2 (ampliación dematrícula)

MC 5º G.P: 3

MC 6º G.P: 4

(Milagros Gómez, Coro I)

49 Alumnos/as de 1º, 2º, 3º, 4º e 5º de GP.

Do alumnado que asiste habitualmente a clase, todos obtiveron o aprobado.

Houbo 3 ampliacións de matrícula: de 1º a 2º, de 2º a 3º, e de 3º a 4º.

3 alumnos non asisitiron a clase e comunicouse a Perda de Avaliación Continua.

Somentes 1 se presentou á proba PAC, obtendo o aprobado da asignatura. Por tanto, hai 2 suspensos do alumnado de PAC.

Tamén houbo 1 alumna que anulou matrícula no terceiro trimestre.

En definitiva, 1 anulación de matrícula, 46 aprobados e 2 suspensos.

(Oscar Rodríguez, Conxunto Corda)

Dos grupos:



Un octeto de corda (seis chelos e dous contrabaixos)

Un trío de chelos (que no primeiro trimestre era un cuarteto con contrabaixo cun alumno que obtivo unha ampliación de matricula) .

(Oscar Rodríguez, Orquestra Junior)

Un total de 40 alumnos (21 violíns, 5 violas, 10 chelos e 4 contrabaixos) .

(Daniel Garrido, Conxunto Fagot)

4 alumnos

(Alejandro Alonso, MC)

11 alumnos

(Rosa Fernández, Conxunto Corda)

7 alumnos

(Virginia Lis, Conxunto Clarinetes)

Alumnado da materia de Conxunto: 9

7 alumnas/os de 1º de Ensinanzas Profesionais:

2 alumnas de 2º de Ensinanzas Profesionais: unha de elas, Amaya Miniño Costas, perdeu a avaliación continua por non asistir a clase en todo o ano, nin de Conxunto nin de Clarinete.

Curso		Nº Alumnas/os
Ensinanzas Profesionais	1º	7
	2º	2 (unha alumna, con perda de avaliación continua)

GRUPOS:

LUNS DE 20:00 A 21:00: Quinteto de clarinetes integrado polo alumnado de 1º.



Neste grupo un alumno, Roi Álvarez Barreiro, e unha alumna, María González Dopeso, comezaron o curso con grandes problemas de lectura e un nivel técnico bastante inferior ao desexado para o curso. María conseguiu mellorar o seu grao de implicación e nivel técnico, pero Roi continuou amosando grandes carencias técnicas e de lectura. Por outra banda, Anxo Terán González, comezou con moita implicación e boa actitude pero diminuíu o seu rendemento de cara ao final do curso. Cabe destacar o altísimo rendemento de Antonio Ramón Martínez Castro, cunha madurez musical e técnica moi por encima do nivel do grupo e do curso.

XOVES DE 19:00 A 20:00: Trío de clarinetes integrado por dous alumnas de 1º e unha de 2º. Inicialmente era un cuarteto, pero a alumna Amaya Miniño Costas, non asistiu a clase en todo o ano, polo que pasou a ser un trío. O alumnado de 1º dividiuse en dous grupos para evitar ter que facer desdoblamento e así puidesen ter clase todas as semanas e non cada dúas. Ademais, grazas a iso, a alumna de 2º non quedou soa no grupo e puido traballar repertorio grupal. Este grupo destaca polo bo ambiente creado e a amizade que construíron as tres compoñentes a raíz desta materia.

(Elvira Rodríguez, Coro II)

Coro II: 52 alumnos e alumnas dos que, 7 alumnos non asistiron a clase durante todo o curso (por diferentes motivos), a maioría deles cursan outros estudos fora de Vigo. Unha alumna acadou a validación da materia e hai dous alumnos matriculados en dous cursos, un por repetir a materia e outra por ampliación.

(Iago Lariño, Banda)

43 Alumnos

(Daniel Pereira, Conxunto Piano)

22 distribuídos en 11 dúos de piano.



(Cecilia Castro, Conxunto Óboe)

2 alumnos.

(Alexandre Gallego, Conxunto Saxofón e MC)

6 Alumnos

(Eneas Fernández, Conxunto de Guitarras e MC)

6 Alumnos

(Cristian Silva, Conxunto Gaita)

14 alumnos en 6 grupos

(Ángel Montes, Banda D Junior)

49 Alumnos

(Patricia Cadaveira, Conxunto Saxofón)

2 alumnos

(Felipe Agell, MC)

14 alumnos

(Edita Shulman, Conxunto Corda)

2 grupos de 3 alumnos

(Marcos Escobar, MC)

5 Alumnos

6.3.2 Obxectivos do profesorado para o curso

(Beatriz Arenas Lago, MC Canto)

Todo o alumnado do departamento de canto cumpríu os obxectivos da programación de MC menos 1 alumno.

Estudar obras sinxelas e de diversos estilos que lles facilitasen o desenrolo vocal



no alumnado de 1º e 2º G.P, e traballar obras de todos os estilos, periodos e idiomas no alumnado de 5º e 6º G.P

Comprender a importancia das respiracións no conxunto e o diálogo musical co pianista.

Interiorizar e coñecer as diversas seccións das obras, para expresar ao máximo o seu contido, así como o carácter estilístico delas.

Conseguir que unha alumna Iria Hidalgo Ramos de 6º G.P. puidese finalizar os seus estudos este ano, e cabe destacar, que a pesar de non asistir a clase mais da metade do curso por realizar unha estancia Erasmus cos seus estudos superiores de piano, superou moitísimas dificultades técnicas vocais e co seu constante estudo diario conseguiu aondar na musicalidade e na expresividade das obras durante as sesións de MC e nas audicións de forma extremadamente positiva en 3 meses, conseguindo realizar todo o repertorio, que como se indicou nos seguimentos parecía imposible de acadar.

(Esperanza Mara Filguiera Rama, MC Canto)

Todo o alumnado do departamento de canto cumpríu os obxectivos da programación de MC menos 1 alumno.

Realizar proxectos que favorecesen a profesionalización e o traballo conxunto vocal do alumnado.

Abarcar un repertorio dende o medieval ata o contemporaneo.

Todo o meu alumnado cumpriu os obxectivos e contidos mínimos da programación respecto ao seu curso. Os alumnos Manuel Estévez e David González fixeron ampliación de 3º GP a 4ºGP. A alumna Mª Elena Pavón tivo e ten dificultades derivadas por varios factores, entre eles o traslado do Conservatorio de Ourense e a conciliación cos estudos da ESAD.



-Obxectivos acadados

(Beatriz Arenas Lago, MC Canto)

Realizar obras de conxunto cos seus compañeiros durante as sesións de MC, xa que a incompatibilidade horaria do alumnado lles dificultan a labor.

Conseguir que a ilusión do alumando fose a adecuada, completa e real por participar nas audicións, debido á falta de acceso público.

A pesar da excepcional musicalidade e gran interese do alumno Juan José Rodal González, non chegou a cumprir os mínimos esixibles da programación de MC, ausentándose parte do terceiro trimestre, non participando nas audicións e non estudando as obras propostas para o curso.

(Milagros Gómez Fandiño, Coro I)

En xeral, somentes conseguimos alcanzar os mínimos esixibles debido ó protocolo Covid19. O alumnado traballou en grupos de 8/9 por ensaio. En cada ensaio asisitían dous grupos de media hora. Deste xeito, a asistencia era de 3 clases cada trimestre, aproximadamente. Traballamos 1 partitura no primeiro trimestre, 2 partituras no segundo trimestre, 1 partitura no terceiro trimestre.

(Oscar Rodríguez, Conxunto Corda e Orquestra Junior)

Aspectos como a calidade da afinación, a precisión rítmica, do tempo, o empaste e calidade sonora, o fraseo e solvencia interpretativa, entre outros moitos aspectos, son obxectivos a conseguir en cada clase. Os alumnos tiveron un bo seguimento durante o curso en canto ao traballo realizado e un axeitado rendemento, completando a programación establecida.

(Daniel Garrido, Conxunto Fagot)

Realizar audicións trimestrais, tanto internas na aula como públicas no Auditorio. Seleccionar un repertorio adecuado ao nivel do alumnado e aos seus intereses.



Traballar diferentes estilos musicais e coñecer as súas características fundamentais a nivel interpretativo.

Traballar os distintos roles dentro da práctica musical en conxunto.

Fomentar unha escoita activa no alumnado para favorecer a adaptación individual á práctica musical conxunta.

Coñecer e identificar as funcións armónicas básicas para poder adaptar a afinación dentro do grupo.

(Virginia Lis, Conxunto Clarinetes)

Os obxectivos mencionados na Programación Didáctica de Conxunto foron acadados en maior ou menor medida por todo o alumnado do 1º Curs, aínda que Roi Álvarez Barreiro amosou grandes dificultades para conseguilo.

(Sara Peral, Conxunto Piano)

Pese ás circunstancias excepcionais do presente curso no que respecta ás medidas e aos protocolos COVID que, entre outras cuestións, limitaron os tempos de clase debido aos tempos de ventilación, e pese ás modificacións deste ano do calendario escolar como consecuencia das modificacións da avaliación extraordinaria, cumpríronse cos obxectivos.

(Elvira Rodríguez, Coro II)

Tendo en conta as circunstancias especiais e absolutamente adversas nas que traballamos este curso, o alumnado conseguiu, a pesar de telo todo en contra, acadar os obxectivos mínimos, excepto o alumnado que non aprobou a materia.

Me gustaría destacar especialmente o esforzo que realizou o meu alumnado de coro dadas as circunstancias do curso pois tiveron que facer moito traballo na propia casa con materiais alternativos que lles fun elaborando e proporcionando durante o curso, gracias ao meu traballo fora das horas de clase (o cal non considero que sexa nada extraordinario, simplemente o fago notar) e coa axuda da plataforma da aula virtual.



(Iago Lariño, Banda)

Na materia de Banda este curso estivo condicionado polo protocolo COVID. Isto condicionou en gran medida a consecución e o grado dos obxectivos acadados para este curso. Obxectivos como os que fan referencia á interpretación en público ou á interpretación en grupo foron acadados dun xeito mínimo.

(Daniel Pereira, Conxunto Piano)

Os obxectivos estipulados na Programación Didáctica e no Decreto 203/2007 foron, en termos xerais, acadados polo alumnado, aínda que non no mesmo grado por os integrantes de cada dúo. Por outra banda, por mor da situación de pandemia, non se pudo traballar o repertorio específico de catro mans nun so piano nin as súas dificultades concretas técnicas, sonoras e musicais. Máis especificamente, acadáronse os seguintes obxectivos:

Aprender a diferenciar diversos estilos de escritura pianística a través da lectura e audición do repertorio para a piano a catro mans e dous pianos.

Alcanzar o dominio técnico necesario para a interpretación das obras programadas para o curso.

Adoptar a actitude necesaria para a interpretación no piano a catro mans (obras interpretadas en dous pianos por mor da situación de pandemia) tendo en conta as particularidades da execución de dous intérpretes nun mesmo instrumento, tanto na función de primo como de segundo. Cumprir correctamente coa función destinada a cada parte tanto si é de solista como de acompañante.

Potenciar o sentido da audición na interpretación de obras para piano a catro mans, dous pianos, tendo en conta as distintas esixencias sonoras en cada un dos contextos.

Coñecer as distintas cualidades tímbricas derivadas dos posibles ataques que forman parte da técnica pianística e aplicarlas no contexto das obras do repertorio que se traballe.



Alcanzar un bo nivel de comunicación musical a través da vista, o xesto e a respiración nun contexto de dúo.

Interpretar obras representativas das diversas épocas e estilos dentro do repertorio de piano a catro mans e dous pianos, de dificultade axeitada ao nivel.

(Cecilia Castro, Conxunto Óboe)

Seleccionar o repertorio acorde ao nivel do curso.

Fomentar a conexión musical entre os diferentes compoñentes do grupo.

Organizar as audicións trimestrais.

Conseguir que o alumnado empregue unha correcta posición corporal que favoreza o diálogo musical entre o alumnado.

Acadar no alumnado unha escoita activa e os reflexos necesarios para integrarse dentro do grupo.

Fomentar un espírito crítico e imaxinativo na creación de versión dentro do repertorio.

Mellorar a técnica individual do instrumento tendo como base as características musicais do conxunto.

Conseguir que ao alumnado se adapte aos diferentes papeis dentro do conxunto.

Potenciar o valor da música de conxunto e a súa dificultade.

(Alexandre Gallego, Conxunto Saxofón, Música de cámara)

O alumnado pertencente á asignatura de conxunto de saxofóns neste curso 2021/2022 acadou a maior parte dos obxectivos de maneira moi satisfactoria.

A pesar de que se cumpriron todos os obxectivos, no vindeiro curso, haberá que prestar unha maior atención aos seguintes, para lograr unha formación integral do alumnado:



- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos básicos para a improvisación co instrumento.

O alumnado pertencente á asignatura de música de cámara neste curso 2021/2022 acadou a maior parte dos obxectivos de maneira moi satisfactoria.

A pesar de que se cumpriron todos os obxectivos, no vindeiro curso, haberá que prestar unha maior atención aos seguintes, para lograr unha formación integral do alumnado:

- Utilizar unha ampla e variada gama sonora de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades estilísticas e interpretativas da obra.

(Eneas Fernández, Conxunto de Guitarras e MC)

En termos xerais, os obxectivos foron acadados. Aspectos como acalidade da afinación, a precisión rítmica, do tempo, o empaste e calidade sonora, o fraseo e solvencia interpretativa, entre outros moitos aspectos, foron algúns destes obxectivos. A situación sanitaria fixo que os alumnos de conxunto e música de cámara, non puideran ensaiar presencialmente. Este feito, deu como resultado que o traballo de concertación se dilatase no tempo pero no fin conseguíronse bos resultados.

(Rebeca Carrera e Cristian Silva, Conxunto Gaita)

Todo o alumnado de conxunto acadou unha visión integral do instrumento, coñecendo as posibilidades e rexistro total do instrumento e traballando na aula dende obras de música antiga (medieval e barroco francés), obras románticas, obras de corte tradicional, obras neotradicionais e folk e adaptacións de obras para outros instrumentos.

Os diferentes grupos de conxunto foron dotados de diferentes recursos como



afinación de acordes por notas diferenciais, axuste e preparación do punteiro e emprego de dixitacións alternativas, o que mellorou considerablemente as interpretacións.

Tamén revisamos o protocolo dos concertos para poñer en práctica nas audicións.

(Patricia Cadaveira, Conxunto Saxofón)

Valorar a música de cámara como un aspecto fundamental da formación musical e instrumental.

Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia.

Utilizar unha ampla e variada gama sonora de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades estilísticas e interpretativas da obra.

Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen director ou directora.

Fomentar un espírito crítico e esixente no alumno para coa súa propia interpretación individual e de conxunto, que o conduza a unha actividade metódica no estudo e detallista na interpretación.

Interpretar con corrección e musicalidade axeitada as obras de programa tanto en cuanto á execución individual como de conxunto [Acadado parcialmente]

(Ángel Villafáfila, Conxunto Piano)

Respectar as normas que esixe toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.

Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.



Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función do compañeiro de conxunto e das necesidades interpretativas da obra.

Cofecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.

Alcanzar o dominio técnico necesario para a interpretación das obras programadas para o curso.

(Leonardo Blanco, Orquestra Senior A)

Os obxectivos, a falta do desenrolo das probas de acceso a GP, acadáronse de maneira bastante satisfactoria. Organizáronse probas de atril presenciais e telemáticas.

(Edita Shulman, Conxunto Corda)

3 audicions durante o curso

-Obxectivos non acadados

(Beatriz Arenas Lago, MC Canto)

Realizar obras de conxunto cos seus compañeiros durante as sesións de MC, xa que a incompatibilidade horaria do alumnado lles dificultan a labor.

Conseguir que a ilusión do alumando fose a adecuada, completa e real por participar nas audicións, debido á falta de acceso público.

A pesar da excepcional musicalidade e gran interese do alumno Juan José Rodal González, non chegou a cumprir os mínimos esixibles da programación de MC, ausentándose parte do terceiro trimestre, non participando nas audicións e non estudando as obras propostas para o curso.

(Milagros Gómez Fandiño, Coro I)

Estudo dun maior número de obras durante o curso escolar e traballo con grupos máis numerosos.



Facer audicións e concertos.

Vivir a experiencia real de cantar no coro

(Oscar Rodríguez, Conxunto Corda e Orquestra Junior)

En particular na clase de orquestra, coa fin de planificar as clases dá citada materia e tendo en conta a evidente imposibilidade de que todos os alumnos e alumnas acudan xuntos aos ensaios todas as semanas e que en ningún caso poderase superar a rateo establecida seguindo o protocolo COVID (25 escenario + director) e sendo unha orquestra formada por un total de 40 alumnos, polo que esta razóns fai imposible facer audicións de orquestra ao completo nos dous primeiros trimestres e tiven que dividir en dous grupos 20 alumnos, excepto no terceiro trimestre o día 27/04/22 que se fixo un concerto ao completo o Hall exterior do conservatorio.

O traballo consistiu no seguimento da programación mediante avaliación continua e a hechura de vídeos-audios e o montaxe do mesmo co fin de ser colgados nos diferentes medios que teña o conservatorio para ese fin.

(Daniel Garrido, Conxunto Fagot)

Participar nas actividades de animación musical e cultural organizadas polo centro (concerto de nadal, etc.)

(Virginia Lis, Conxunto Clarinetes)

No 2º curso, Amaia Miniño Costas non acadou avaliación positiva en ningunha avaliación debido á súa perda de avaliación continua e, por tanto, non acadar ningún dos obxectivos definidos pola programación didáctica.

(Elvira Rodríguez, Coro II)

Como xa expliquei no parágrafo anterior, o alumnado que non acadou os obxectivos do curso foi por non asistencia a clase e non presentación na convocatoria de exame. A este exame de recuperación se presentaron dous alumnos dos 7 que debía telo feito. Destes dous alumnos, unha alumna acadou a puntuación



de 8 pois presentou todo o traballo encomendado para recuperar e outro alumno acadou so un 2 pois so se presentou ao exercicio de lectura a vista pero non presentou as cancións requeridas.

(Iago Lariño, Banda)

Participar nos periodos de audicións así como fomentar a participación en actividades de animación musical e cultural.

(Daniel Pereira, Conxunto Piano)

Especialmente, non se acadou o obxectivo de interpretar obras de memoria dentro do repertorio escollido para cada curso. Non obstante, non se acostuma a interpretar de memoria o repertorio de dúo pianístico.

Utilizar a análise musical como ferramenta para a mellor comprensión e posterior memorización das obras traballadas.

Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista. Este aspecto ten que mellorar substancialmente xa que a meirande parte do alumnado ten dificultades para ler os pasaxes máis sinxelos.

Improvisar harmónica e melodicamente nun contexto de dúo.

(Eneas Fernández, Conxunto de Guitarras e MC)

En referencia o anteriormente mencionado, a falla de estudo conxunto levou a un menor traballo de pezas, por ter que realizar este traballo nas sesións semanais.

(Rebeca Carrera e Cristian Silva, Conxunto Gaita)

Debido ao tempo de progreso nas novas técnicas de interpretación dos discen-tes, quedounos pendente o traballo de música contemporánea e o emprego de técnicas estendidas en conxunto.

(Patricia Cadaveira, Conxunto Saxofón)

Interpretar con corrección e musicalidade axeitada as obras de programa tanto



en cuanto á execución individual como de conxunto [Acadado parcialmente: a corrección técnica e musical individual do alumando a nivel instrumental mostrouse limitada en algunhas das pezas traballadas]

(Ángel Villafáfila, Conxunto Piano)

Adoptar a actitude necesaria para a interpretación no piano a catro mans tendo en conta as particularidades da execución de dous intérpretes nun mesmo instrumento, tanto na función de primo como de secondo.

Potenciar o sentido da audición na interpretación de obras para piano a catro mans, tendo en conta as distintas esixencias sonoras en cada un dos contextos.

Interpretar obras de memoria dentro do repertorio escollido para cada curso.

(Leonardo Blanco, Orquestra Senior A)

Un ano máis, o feito de non poder contar con público nas audicións, supuxo unha falta de motivación do alumnado e das familias. A interpretación en público é fundamental, polo que este obxectivo non se puido acadar.

(Edita Shulman, Conxunto Corda)

Non se puideron levar a cabo audicións con público, un obxectivo fundamental para os alumnos para adquirir un mínimo nivel de seguridade e confianza en si mesmos

6.3.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

(Beatriz Arenas Lago, MC Canto)

A organización xeral do centro, e a súa comunicación co profesorado, e alumnado.

A liberdade na xestión da propia materia.

A nova situación Erasmus do Conservatorio.



A implicación dos titores co novo persoal en prácticas e o acollemento dos compañeiros.

(Milagros Gómez Fandiño, Coro I)

Organización dos espazos e das actividades.

Comunicación co profesorado.

(Oscar Rodríguez, Conxunto Corda e Orquestra Junior)

Boa planificación e información por parte da dirección do funcionamento do curso académico.

E bo funcionamento do persoal de limpeza en todo momento, conserxería, etc

(Daniel Garrido, Conxunto Fagot)

A rápida resposta ante as dúbidas plantexadas no curso.

(Alejandro Alonso, MC)

Eficiencia do Xefe de departamento, boa capacidade de comunicación.

(Rosa Fernández, Conxunto Corda)

Foron facilitadas aulas máis grandes cando foi necesario xuntar dúas agrupacións en coordinación con outra profesora.

Facilitouse tamén que os alumnos dunha agrupación tocasen no exterior do centro (diante da porta) para que os seus pais e amigos puidesen velos e escoitalos.

A petición dos propios alumnos.

(Virginia Lis, Conxunto Clarinetes)

As avaliacións son áxiles. O feito de reunir ao profesorado unha vez as notas xa foron lanzadas e comprobadas, dinamiza o proceso avaliador.

As Reunións de Departamento telemáticas facilitan a vida interna do centro ao non esixir ao profesorado a presencialidade cando non é estrictamente necesaria.



Existe boa comunicación co resto dos membros do departamento de Vento Ma-deira e Conxunto

É destacable o rigor na organización e xestión do centro á hora de comunicar as obrigas do claustro e establecer prazos.

(Sara Peral, Conxunto Piano)

Valórase moi positivamente a organización e planificación do centro a tódolos niveis: planificación do calendario escolar, reunións, datas das avaliacións, or-ganización das audicións... Resulta moi positivo coñecer con antelación toda a planificación xeral e os diferentes prazos.

Descatar tamén positivamente a transparencia e a información, así como a dis-ponibilidade do equipo directivo para atender as dúbidas e cuestións que xorden durante o curso.

Salientar tamén o traballo do Equipo COVID nestes cursos tan atípicos polas circunstancias sanitarias, elaborando o protocolo COVID e adoptando as dife-rentes adaptacións aos cambios acontecidos durante todo o curso. Citar espe-cialmente a realización dos concertos en *streaming*. Dentro das limitacións im-perantes, permitiu acercar á nosa actividade ás familias e que, á vista da expe-riencia, foi moi motivadora para o alumnado participante. No meu caso, un dos meus conxuntos de piano no concerto de Entroido, e a valoración do alumnado foi moi positiva.

No que respecta ao Departamento de Conxunto, considero que funciona ade-cuadamente. O xefe de departamento traslada aos membros do mesmo a infor-mación pertinente e eficiente. As medidas de distancia que hai que manter polo protocolo COVID respéctasen sen problema na materia de Conxunto de Piano grazas a que dispoñemos de dous pianos nas aulas nas que se imparte. Esta medida permite, ademais, poder programar tamén repertorio de dous pianos, non só de piano a 4 mans, polo que esta posibilidade de variedade no repertorio traballado fai que sexa máis enriquecedor.



Por último, gustaríame salientar a oportunidade que tiven de realizar unha mobilidade no marco do proxecto Erasmus+ “Música Sen Fronteiras” do Conservatorio. Puiden visitar durante unha semana o Conservatorio de Cuneo (Italia), tempo no que, entre outras cuestións, tiven reunións con profesorado e con persoal de xestión, asistín a audicións de fin de grao e asistín a diferentes clases de diversos profesores. Unha experiencia realmente positiva e moi recomendable. Foi unha grande oportunidade para poder coñecer outras formas de traballo, outras realidades educativas (tamén de niveis superiores) ou outros sistemas educativos musicais. Ademais, tamén considero moi positivo poder ver como a problemática e dificultades que ten o alumnado son as mesmas que as do noso alumnado, con independencia do seu nivel ou a súa procedencia. Doutra banda, puiden constatar que as metodoloxías e o modo de traballo na aula que temos no noso conservatorio é moi similar, polo que viño a ser un reforzo, unha confirmación de que estamos a traballar adecuadamente.

(Elvira Rodríguez, Coro II)

Xa apuntei unha serie de apartados na memoria do departamento de Linguaxe Musical.

O único que me gustaría destacar nesta programación é o meu agradecemento á Vicedirectora coa axuda e boa disposición á hora de preparar a miña “audición” de coro no xardín do centro.

(Iago Lariño, Banda)

A boa organización e planificación por parte do equipo directivo do funcionamento do centro que permite coñecer no mes de setembro todo o calendario xeral do ano lectivo.

O bo ambiente xeral do centro así como o bo traballo do persoal de conserxería e administración.

A capacidade de organización que permitiu que a clase de banda poidese ter lugar todo ano no auditorio ao ser este o espazo máis grande co que conta o



centro.

(Daniel Pereira, Conxunto Piano)

A organización das audicións por parte do Departamento se desenvolven con tempo suficiente de preparación e todos o alumnado que estexa preparado para actuar en público no Auditorio ten a opción de facelo ao longo do curso.

(Cecilia Castro, Conxunto Óboe)

A boa organización.

(Alexandre Gallego, Conxunto Saxofón, Música de cámara)

Como aspectos positivos en canto ao funcionamento xeral do Centro destaco a organización e planificación do curso académico, a boa comunicación entre o profesorado e a directiva e a liberdade na xestión da materias.

(Eneas Fernández, Conxunto de Guitarras e MC)

Boa comunicación co equipo directivo e o departamento, moi boa organización do centro conforme as medidas e xestión da crise sanitaria tanto a nivel académico como organizativo, ademáis de un bo ambiente de traballo.

(Rebeca Carrera e Cristian Silva, Conxunto Gaita)

Cabe destacar a boa coordinación na organización das audicións por parte do xefe de Departamento.

(Berta Fresco, MC)

En termos xerais o funcionamento do centro é impecable. O nivel de previsión e de anticipación na achega de información relevante para o claustro é enorme, e dadas as complexas circunstancias de falta de espazo no centro e de protocolos derivados da situación sanitaria, creo que non se pode facer máis do que se fai.

(Ángel Montes, Banda D Junior)

A organización do centro a todos os niveis.



A limpeza e coidado do material.

É de agradecer a implicación do alumnado nunha situación tan complexa como a que levamos dous anos vivindo.

(Patricia Cadaveira, Conxunto Saxofón)

O bo funcionamento do centro en xeral, que é un reflexo da coordinación entre toda a comunidade educativa. Un dos aspectos concretos que considero moi positivos é a organización e a planificación xeral do curso académico con anticipación, o que denota a implicación do equipo directivo.

Cabe destacar o interés e a boa disposición por aprender do alumnado, así como o apoio mostrado polas familias; ao mesmo tempo da colaboración mostrada no cumprimento das medidas de prevención do contexto da covid.

Por último, considero positiva a posibilidade que ofrece a Aula Virtual como recurso pedagóxico complementario e fomento das TICs, así como todas as audicións, concertos e actividades propostas que en suma dinamizan o centro e permiten a participación, a colaboración e o intercambio de ideas, dentro e fora do centro.

(Ángel Villafáfila, Conxunto Piano)

Organización e planificación do curso durante o periodo lectivo e non lectivo

(Leonardo Blanco, Orquestra Senior A)

Persoal de administración e servizos.

(Marcos Escobar, MC)

A boa organización do centro e a boa previsión do equipo directivo, a facilidade para facer cambios e adiantarse aos problemas previsibles que aparecen.

Moi boa actitude e predisposición de todo o equipo directivo do centro, pese as dificultades evidentes que estamos a vivir.



6.3.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

(Beatriz Arenas Lago, MC Canto)

Mellorar o funcionamento do internet na sala do profesorado.

Adquisición dun espello de parede para aula B17.

Sería bo facer publicidade do departamento de canto, mediante un ou dos días de portas abertas, nas que tanto o propio alumnado conservatorio como persoal de fora, puidese asistir a unha actividade divulgativa, na que se informase e se realizase un concerto do alumando de canto coa axuda dos pianistas acompañantes, no auditorio. Deste modo captaríase mais alumando e daríase a coñecer o sistema de estudos musicais de canto, así como todas as portas profesionais.

(Milagros Gómez Fandiño, Coro I)

No tocante á asignatura de CORO sería desexable ter un espazo máis amplo onde poder facer as clases, xa que se trata dun grupo moi numeroso e é moi difícil poder facer un ensaio axeitado debido á falta de espazo físico. Sería perfecto ter un aula máis grande, luminosa, ben ventilada, con colchonetas, con espazo para facer exercicios de respiración no chan, con espellos para o alumando e piano/teclado de fronte ós alumnos, e por suposto, baixar a ratio dos grupos de Coro (en condicións normais, sen restriccións pola Covid19) para poder facer un traballo máis individualizado do que se fai habitualmente. Unha proposta sería facer 3 grupos de coro: 1º-2º, 3º-4º e 5º-6º. E outra proposta sería integrar a alumando de distintos cursos en cada un dos tres grupos, sendo a mesma clase semanal para os tres grupos, algo que só sería posible se impartise as clases o/a mesmo/a profesor/a.

Tamén sería de agradecer que se permitise realizar clases no exterior cando se solicita, para poder xuntar a grupos máis numerosos mentres estea vixente o protocolo Covid19. Facer Coro en grupo é esencial e primordial para o bo desenvolvemento da asignatura. E a asignatura de Coro é esencial para a formación dun bo músico, algo xa de sobra demostrado e respaldado por pedagogos de



prestixio. No CORO I hai moito alumnado de 1ºGP que nunca cantou nun Coro e por tanto precisan desa experiencia grupal para poder alcanzar os obxectivos. Nestes dous últimos cursos non houbo esa experiencia e, por tanto, faise imposible realizar unha audición ou concerto con certa solvencia e un nivel mínimo. O meu propósito era que vivisen a experiencia de cantar nun grupo máis numeroso (polo menos a metade do grupo) nas últimas catro clases e que soubesen cal é a realidade do traballo no coro. En definitiva, a finalidade de facer as últimas clases no exterior cun grupo máis numerosos era únicamente pedagóxica e beneficiosa para o alumnado.

(Oscar Rodríguez, Conxunto Corda e Orquestra Junior)

Se o curso próximo e a mencionada pandemia permíteo,

1-) Propoño manter a idea de portas abertas que vén realizando onde os aspirantes sentan a escoitar as explicacións ou minis actuacións ofrecidas no centro sen interromper clases e trasladar esta idea ao auditorio, así como facer uso no posible para o seu efecto as clases de cámara e conxunto onde poidan ver os aspirantes os instrumentos que pretenden estudar executados polos alumnos ou grupos de alumnos.

2-) Propoño que se realice un modelo entrada de invitación para familiares (polo menos un membro) ás audicións como medida protocolar, pera que poidan asistir ás audicións dos seus fillos e así darlle algo máis de sentido ao obxectivo das mesmas.

3-) Propoño que se coloque na sala de profesores un documento de auto xestión semanal (parecido ao que veu facendo coas cabinas de estudo de piano), onde estean reflectido as reservas dos espazos de horarios de audición no auditorio pra utilización do espazo do Hall interior, onde o profesorado interesado poida reservar o día e a hora que necesite para realizar actuacións cos seus alumnos neste espazo, e así alixeirar o proceso de tramite para tal efecto.

4-) Propoño que para o próximo curso e seguintes, que na listaxe de alumno de



orquestra, a comezo de curso veiga reflectido a nota final de cada un, para así poder facer unha primeira previsión de atrás.

(Daniel Garrido, Conxunto Fagot)

Contar con máis franxas horarias para escoller nas audicións trimestrais no auditorio.

(Alejandro Alonso, MC)

Mellorar o rendemento do uso do Auditorio.

(Rosa Fernández, Conxunto Corda)

Na medida do posible, se as circunstancias o permiten, comenzo a permitir a entrada dos pais ás audicións, quizás de forma controlada e limitada.

(Virginia Lis, Conxunto Clarinetes)

Un dos feitos mais salientables que veño sentindo nestes meses foi a falta dunha materia colectiva nos anos das ensinanzas elementais. A motivación nestas idades baséase principalmente na socialización e a compoñente lúdica, algo que dificilmente podemos lograr na clase individual,

Por outra banda, o feito de non realizar audicións con público tamén ven provocando unha perda de motivación por parte do alumnado, xa que non conseguen ver que traballen de cara a un obxectivo real, una presentación en público formal, e iso reduce o nivel de implicación.

Realización de audicións conxuntas do mesmo departamento. Axudaría a que o alumnado escoitara a máis compañeiras/os e reflexionar máis nos aspectos musicais e non só técnicos. Ademais, daría máis flexibilidade á hora de escoller data e hora para a audición por poder ofrecer franxas horarias máis amplas.

Realización de “microconcertos” no hall ou no exterior do CMUS. É unha práctica que se ven facendo noutros conservatorios e que se está a levar a cabo no CMUS de Vigo nestas últimas semanas e ameniza notablemente a vida do centro, ademais de permitir ao alumnado facer presentacións públicas coa presenza



de máis xente e incluso amigos e familiares. Sería interesante que se mantivese como actividade permanente nos próximos anos.

Dende o inicio do ano, ter a listaxe dos profesores das outras materias de cada alumna/o.

A conexión WiFi é mellorable, sobre todo para levar a cabo clases telemáticas cando fose necesario.

(Sara Peral, Conxunto Piano)

Pese a que non é unha cuestión que dependa da organización do centro, gustárame comentar que a modificación no presente curso do calendario escolar no que respecta ás das datas das avaliacións ordinaria e extraordinaria fixeron que este ano se visen reducidas as semanas de clase e que algúns trimestres foran especialmente curtos (como o caso do primeiro trimestre). Isto fixo que moito alumnado tivera problemas para coller o ritmo (o primeiro trimestre especialmente). Doutra banda, nunhas ensinanzas como as nosas, que supoñen un esforzo engadido ao noso alumnado para compaxinar os seus estudos obrigatorios (e postobrigatorios) co conservatorio, eliminar de setembro a avaliación extraordinaria e adiantala a xuño (unhas poucas semanas máis tarde da ordinaria) é unha traba máis para eles, que perden o poder ter os meses de verán para traballar as materias que non podan levar ao día durante o curso.

Respecto á materia de Conxunto de piano, dispoñer de dous pianos, como comentouse, é positivo de cara a poder programar repertorio máis variado (piano a 4 mans e a obras para dous pianos). Non obstante, se as circunstancias o permiten no futuro, o repertorio a 4 mans sería mellor poder volver de novo a facelo nun só piano, pois hai unha parte técnica que deriva do feito de compartir un mesmo instrumento por dous pianistas, que nestes intres non pode traballarse dende dous pianos diferentes. Si mantería a dispoñibilidade de aulas con dous pianos, pois permite máis variedade, pero traballando o repertorio a 4 mans nun piano e o repertorio a dous pianos usando ambos instrumentos.



Doutra banda, no meu caso, un dos meus conxuntos de piano estivo moi desequilibrado: un dos alumnos fixo matrícula extraordinaria a comezo de curso (polo que promocionó de 1º a 2º GP), mentras o seu compañeiro tivo máis dificultades (por ser dun curso inferior, 1ºGP e poruqe non dispoñía de tempo para estudar). A situación solventouse solicitando a xefatura de estudos unha outra aula de apoio: cada día alternábanse un deles durante unha parte da clase (15 minutos aproximadamente) para ir traballar cuestións concretas mentres o outro compañeiro quedaba ese tempo na aula (co alumno que fixo ampliación de matrícula traballamos máis repertorio, neste caso a dúo coa profesora; co outro alumno traballamos as pasaxes máis problemáticas ou cuestións máis técnicas nas que tiña dificultades). O resto da clase continuamos coa dinámica habitual, traballando ambos estudantes xuntos. Non obstante, sería recomendable de cara ao próximo curso revisar este conxunto para os conxuntos sexan máis homoxéneos.

Se a situación sanitaria mellorara e actualizaran o protocolo COVID da Xunta á situación actual (na que practicamente retomouse a normalidade fora do ámbito escolar), sería moi positivo poder retomar as audicións con público, así como outras actividades interesantes a nivel de departamento como concertos de profesorado de do centro e de músicos externos, cursos con profesores convidados ou organización de salidas para ver concertos de interese para o alumnado. Deste modo, melloraría a motivación do alumnado e á súa implicación no conservatorio.

(Elvira Rodríguez, Coro II)

O alumnado de coro sufríu tamén as consecuencias das decisións da administración educativa con respecto á súa preparación. Por un lado, e como xa levo destacando nos últimos anos, o tempo de clase é absolutamente insuficiente e, neste curso, aínda se reduciu mais pois o timbre de cambio de clase soaba a menos cuarto. Por outro lado a ratio de 1alumno/3metros é abslutamente discri-



minatorio con respecto ao alumnado de Linguaxe Musical (coa mesma problemática de emisión de partículas) e incluso discriminatorio co alumnado de banda pois este pode prescindir da máscara mentras toca pero non así o alumnado de coro.

Tendo en conta que a materia de Coro, malia o que subxace nos currículos educativos e ao modo de pensar de certa parte do profesorado anclada nos tempos de Matusalén, é unha materia fundamental PARA TODO O ALUMNADO DE ESPECIALIDADES MUSICAIS. Quero expor a miña proposta de cara ao próximo curso e que aínda que non resolva o problema pode axudar a sobrevalo:

A miña proposta é que se desdobren os grupos e que en vez de dous grupos de coro haxa como mínimo catro para que así o alumnado non se vexa na mesma situación que neste curso.

Por outro lado, sigo reivindicando o dereito do alumnado de coro de dispor do mesmo tempo de clase que o alumnado de banda e orquestra (ou sexa unha hora e media, pois non podemos ignorar que o alumnado de coro tamén necesita tempo de preparación, de quecemento, de afinación, e inda por riba debe ter tempo para realizar uns exercicios mínimos de preparación física e de respiración). Non debemos olvidar que esa decisión pode tomala a dirección do centro pois noutros centros a clase de coro dura, efectivamente, hora e media; e que é unha decisión que favorece ao alumnado e, por outro lado, nos achega un pouco mais aos países punteiros en educación musical, países que otorgan a importancia que se merece á educación coral.

Confío en que no proximo curso podamos realizar xa unha clase de coro normal cos grupos completos ou, polo menos, divididos en dúas metades como máximo.

(Iago Lariño, Banda)

De cara ao próximo curso sería moi necesario poder articular algún tipo de préstamos dos instrumentos afíns dos que dispón o conservatorio (saxofón tenor, saxofón barítono e clarinete baixo) para o uso nas materias instrumentais grupais



(quendas mensuais, trimestrais ou anuais). O alumnado de instrumentos graves é insuficiente para poder organizar grupos cun sentido musical axeitado o que condiciona enormemente o resultado final.

(Daniel Pereira, Conxunto Piano)

A procura de combinar pianistas nos dúos de Conxunto dun nivel máis similar, aínda que sexa unha tarefa complicada por mor dos horarios e outros factores. Nalgúns casos, o nivel pianístico, musical e de lectura entre os compoñentes dos membros dos dúos era substancialmente diferente e, por tanto, complica a evolución do aprendizaxe e aproveitamento da materia.

(Cecilia Castro, Conxunto Óboe)

Debido á falta de espazo no centro, o tempo de actuación para o departamento de conxunto é limitado e mais na situación de pandemia na que nos atopamos, con tempo de ventilación, etc. Sería interesante poder dispoñer doutros espazos da cidade onde o alumnado puidera expoñer o traballo realizado durante o trimestre, e deste xeito tamén se aumentarían as actividades de promoción das nosas ensinanzas.

(Rebeca Carrera e Cristian Silva, Conxunto Gaita)

Un asunto grave é a realización das audicións sen público, xa que é vital para o proceso educativo dun músico. Non se admite público externo pola situación actual, pero temos público interno que participa nas audicións que na maioría dos casos espera fora o seu turno acompañado polo seu profesor ou profesora. É necesario inculcar un protocolo e unhas normas de educación básicas para as audicións, respectando o traballo de todos os grupos participantes nas mesmas. Debería ser obrigatorio asistir a toda a audición para poder ver o traballo dos compañeiros e compañeiras, salvo casos xustificados.

En canto á organización do Departamento, sería interesante potenciar as reunións telemáticas para axilizar trámites e evitar desplazamentos e problemas de espacios.



Tamén sería bo potenciar a participación das agrupacións de conxunto en outras actividades.

Outro aspecto a destacar sería a posibilidade de facer conxuntos de gaita con outros instrumentos.

(Berta Fresco, MC)

A imposibilidade de poder ensaiar nas cabinas para a asignatura ata ben entrado o curso, foi un dos máis importantes impedimentos para a mellora do rendemento dos alumnos.

(Ángel Montes, Banda D Junior)

Non depende do noso centro, pero sería ideal rematar coas restricións causadas pola Covid e volver a reunir a todo o alumnado nos ensaios.

Unha maior comunicación cos titores, non só para levar a cabo o seguimento do alumnado senón tamén para unificar criterios.

A conexión sen fíos do centro.

(Patricia Cadaveira, Conxunto Saxofón)

Unha vez que a situación da pandemia comeza a permitir relaxar as medidas preventivas, considero que sería moi importante permitir o acceso de público exterior ás audicións e concertos do auditorio, especialmente ás familias do alumnado, pois este acompañamento é un factor emocional importante na súa formación. De non ser posible, outra posibilidade é promover aínda máis a utilización do espazo exterior.

Por outra parte, como proposta de mellora, podería ser interesante revisar os tempos asignados para a realización das audicións e da súa preparación, sendo positivo contar mais posibilidades temporais para as mesmas e unha maior coordinación co traballo do profesorado de piano acompañante.



(Felipe Agell, MC)

Máis pianos de cola

(Leonardo Blanco, Orquestra Senior A)

Sistema de audicións. Formación do profesorado. Actualización de documentos, máis transparencia en moitos aspectos organizativos do centro e reconfiguración dos mesmos en xeral e a diferentes niveis.

(Marcos Escobar, MC)

Pra min o 99% das posibilidades de mellorar o centro pasan por ter un centro en condicións e acorde ao tamaño e esixencias dunha cidade como Vigo. Máis infraestructuras e apoio económico necesario para facelas funcionar. Evidentemente isto non depende do equipo que dirixe un centro, creo que por esa parte se fai todo o que é humanamente posible.

6.3.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

(Beatriz Arenas Lago, MC Canto)

Anexo os carteis e programas das actividades.

Primeiro trimestre

Concerto de Santa Icíá (29 novembro): Participaron os alumnos Miriam Vila Figueirido, Juan José Rodal González.

Terceiro trimestre

Audición (11 de marzo) de repertorio barroco e lied, participou todo o alumnado menos as alumnas de 2º G.P

Audición (1 abril) de arias antigas, asrias de cámara, ópera, lied e oratorio, participou todo o alumnado menos as alumnas de 2º G.P e Miriam Vila Figueirido.
(1 de abril)



Masterclass (19 de abril) impartida pola soprano Beatriz Arenas xunto o guitarrista Felix Justen sobre a canción italiana, inglesa, francesa, española e lied do S.XVIII, XIX e XX no Conservatorio Superior de Música de Vigo ao que asistiron 2 alumnos de 1º G.P e unha alumna de 5º G.P.

Concerto día das letras galegas (16 de mayo) en coordinación co equipo de dinamizacións da lingua galega e colaboración co alumnado de RTA da profesora Gloria R.G. do departamento de Linguaxe musical e o alumnado do departamento de canto.

Recital fin de grao profesional (12 de mayo) da alumna de 6º G.P Iria Ramos Hidalgo coa pianista Blanca Vázquez.

(Esperanza Mara Filguiera Rama, MC Canto)

Primeiro trimestre

Audición trimestral (30 novembro): Participou todo o meu alumnado excepto M^a Elena Pavón. Realizamos unha unidade baseada en proxecto do oratorio “El Mesías” de Händel alén de arias antigas e leccións do Vaccaj.

Concerto de Santa Icía (29 novembro): Participou a alumna Alba Viñas e David Laureano Corral Hidalgo.

Concerto Nadal (21 decembro): Participaron os alumnos M^a José Gallego Pastoriza e Manuel Estévez González.

Segundo trimestre

Actividade complementaria de Alfonso X O Sabio (14 decembro), coa colaboración do departamento de normalización lingüística, de historia, novas tecnoloxías e o alumnado do departamento de canto: Participou todo o meu alumnado de canto alén de José García e Tamara Vázquez.

Audición trimestral (15 febreiro): Participou todo o meu alumnado con repertorio de ópera e zarzuela.

Concerto Carnaval de homenaxe a ABBA (24 febreiro): Participou todo o meu



alumnado en colaboración co departamento de vento metal, en concreto coa clase de trombón e de tuba-bombardino realizando un concerto no exterior do conservatorio.

Terceiro trimestre

Recital fin de grado (12 maio): recital das alumnas M^a José Pastoriza e Alba Viñas.

Concerto - conferencia (18 maio): coa participación de todo o meu alumnado e a presenza de Juan Durán como compositor convidado.

(Milagros Gómez Fandiño, Coro I)

Neste curso, e debido ás restricións pola Covid19, non realizamos ningunha actividade.

(Oscar Rodríguez, Conxunto Corda e Orquestra Junior)

No departamento realizáronse un total de dos (2) audicións dentro do plan de audicións do curso, un por trimestre. En xeral os alumnos/as desta especialidade (Conxunto) participaron en as audicións propostas polo conservatorio e nalgunhas extras no hall interior do centro e o Hall exterior o 02/05/22.

A Orquestra realizáronse montaxes vídeos coas obras propostas para cada trimestre menos a actividade realizada o día 27/04/22 no hall exterior do conservatorio que foi co a orquestra ao completo.

(Virginia Lis, Conxunto Clarinetes)

O profesorado de clarinete organizou unha actividade relacionada co departamento de Conxunto:

O Concerto de Semana Santa na igrexa da "Parroquia de San Antonio da Florida". Tivo lugar o día 4 de abril ás 20.45h e constou dun programa de música de cámara e repertorio para ensemble de clarinetes. Dito ensemble estaba conformado polos alumnos de Conxunto de 1^o e 2^o de Ensinanzas Profesionais. Ade-



mais, a gañadora do concurso mencionado anteriormente Lara González Garrido, tocou como solista unha obra de clarinete solo para comezar o evento e o Concertino de Gaetano Donizetti, acompañada polo ensemble.

Ensaio extra co alumnado para traballar dúos de clarinetes: co alumnado de ensinanza profesional.

(Sara Peral, Conxunto Piano)

O meu alumnado de conxunto participou, ao menos, nunha audición por trimestre. O primeiro trimestre os meus conxuntos tocaron na audición do departamento de tecla do 23 novembro de 2021 ás 17h. No segundo trimestre, na audición de Nadal do meu alumnado que tivo lugar o 20 de decembro de 2021 ás 18h. O terceiro trimestre participou na audición do Ciclo de Elissa Milne do 20 de abril de 2022 ás 17h (organizada xunto co profesor de piano Jesús Pardal) e na audición do meu alumnado do 6 de maio de 2022 ás 16h.

Ademais, ambos conxuntos participaron dende xaneiro na investigación “Músicas e Silencios” da profesora Susana Pérez Otero, pola que traballamos repertorio dunha muller compositora (Elissa Milne) e fixemos unha audición específica (antes mencionada), co Ciclo completo “Little Peppers (very easy)”.

Por último, indicar que un dos meus conxuntos participou no concerto do conservatorio celebrado con motivo do Etroido o 22 de febreiro de 2022 ás 20h e que foi retransmitido en *streaming*.

(Elvira Rodríguez, Coro II)

Como xa apuntei máis arriba este ano o meu alumnado de Coro II realizou unha actividade de audición no xardín anexo ao centro onde mostrou o traballado durante o curso. So puidemos cantar cinco cancións das 6 traballadas no curso pois unha delas era unha panxoliña que non considerei adecuada para un concerto en maio.

(Iago Lariño, Banda)



Realización dunha audición no exterior do conservatorio dos 5 grupos nos que se dividiu a banda.

(Daniel Pereira, Conxunto Piano)

Se realizaron audicións extraordinarias de Conxunto no Auditorio do Conservatorio onde os alumnos e alumnas tiveron ocasión de interpretar todo o programa traballado durante o curso e escoitar a outros compañeiros e outras pezas do repertorio. As pezas se interpretaron en dous pianos, tanto as orixinais para catro mans como as de dous pianos.

(Eneas Fernández, Conxunto de Guitarras e MC)

Realizáronse as audicións preceptivas tanto para o grupo de conxunto como o grupo de música de cámara. En tódalas elas acadáronse mois bos resultados como así queda reflectido nas puntuacións acadadas polo alumnado.

(Rebeca Carrera e Cristian Silva, Conxunto Gaita)

Os conxuntos de gaita participaron nas 3 audicións trimestrais de Conxunto, mais non participaron en ningunha outra actividade extraordinaria ou complementaria, xa que a oferta é escasa coa situación actual.

(Patricia Cadaveira, Conxunto Saxofón)

O grupo cámara de saxofóns de 5ºGP participou en tres audicións das propostas polo departamento, unha por trimestre: Luns 22 de Novembro ás 20h, Venres 4 de Febreiro ás 19h, e Luns 9 de Maio ás 19h.

(Ángel Villafáfila, Conxunto Piano)

Asistencia a concertos fora do centro

(Felipe Agell, MC)

Concerto de nadal e de entroido.

(Leonardo Blanco, Orquestra Senior A)



Organizouse un concerto da Orquestra A GP Senior no hall exterior do conservatorio o xoves 28 de Abril.

(Marcos Escobar, MC)

A continuación inclúo as audicións e concertos que se fixeron no departamento este curso:



6.4 Departamento de Corda

6.4.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

140 alumnos

-Alumnado por materia

Violín 71 alumnos

Viola 18 alumnos

Violoncello 40 alumnos

Contrabaixo: 11 alumnos

6.4.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Fernando Arenas

Os mínimos acadados na programación en todos os alumnos menos nun deles por baixo rendimento e un nivel fora co curso.

M^a Isabel Figueroa

En xeral, os reflectidos na programación didáctica. Todo o meu alumnado acadou os obxectivos do curso en maior ou menor medida.

Teño a percepción que dous alumnos de 1º GE (real) tardaron un pouco máis de tempo en centrarse e empezar a traballar, pero nun caso foi pola tardanza en conseguir un instrumento axeitado e noutro caso porque tiña previamente un instrumento un pouco máis grande do debido. Ademáis, creo que cada vez máis, os cativos non saben moi ben qué se espera deles cando acceden ao conservatorio e teñen unha idea un pouco errónea do que supón vir aquí, por inmadurez ou por comparación con outras actividades extraescolares. A partir de segundo



trimestre empezaron a traballar de forma un pouco máis productiva e acabaron o curso sen problema.

En relación ás alumnas de 4º GE e á expectativa do que aconteza nas probas de acceso a GP, conseguiron bos resultados tanto a nivel instrumental como de madurez expresiva.

Nos cursos máis altos de GP, percibo que cada vez máis, o feito de compaxinar os estudos de bacharelato cos de conservatorio é unha heroicidade. A única alumna de 6º GP que tiven este curso, a pesar desta circunstancia e algúns problemas de índole persoal que fixeron que comenzase o curso moi desmotivada e “fóra de forma” instrumental, conseguiu (a falta de saber as cualificacións finais) superar o curso de violoncello ademais de moi bos resultados no resto das materias do conservatorio e no Bacharelato. Esta alumna aparentemente sería candidata a poder optar aos Premios de Fin de GP por media académica, pero ten pensado deixar os estudos de música e optar por continuar os estudos superiores de Arte dramática.

Elena Pérez Iglesias

-A consecución dos obxectivos mínimos do curso por tódolos alumnos/as.

-A realización de dúas audicións na que participaron a totalidade do alumnado.

Belén Ferreiro

Todos.

Oscar Rodríguez

Os alumnos de G.E e G.P tiveron un bo seguimento durante o curso en canto ao traballo realizado e un axeitado rendemento completando en su totalidade o 100% da programación establecida salvo un caso.

Cunha media xeral do curso en GE de 74,17 e en GP de 21,19

Leonardo Blanco



Os obxectivos, a falta do desenrolo das probas de acceso a GP, acadáronse de maneira bastante satisfactoria. Organizáronse audicións en decembro, marzo e maio.

Marcos Escobar

Todos.

Mykolas Pocius

Todos

Edita Shulman

Tres audicións durante o curso.

Rosa Fernández

Os dispostos na programación didáctica.

-Obxectivos non acadados

Fernando Arenas

En carto curso de grao profesional, unha alumna non acadou os obxetivos mínimos por ter un nivel de estudo e rendimento moi baixo para seu curso.

M^a Isabel Figueroa

Tendo en conta que este curso foi máis curto en relación a outros debido a duración das clases inferior á habitual (aínda que na mesma liña destes dous cursos anteriores), a duración menor do curso académico (debido ao cambio do calendario escolar por parte da Consellería) e a intermitencia de asistencia ás aulas por gran parte do alumnado debido a confinamentos preventivos pola COVID (nalgúns casos supuxeron a perda de gran parte de algún trimestre), non me foi posible traballar todo o que tiña pensado, sobre todo en relación a aspectos técnicos e material complementario.

En xeral, este curso traballei na aula menos volumen de traballo relacionado con aspectos técnicos (escalas e exercicios relacionados con elas) e estudos. Aínda



que se falou da necesidade de traballar eses aspectos na casa, para mellorar a propia autonomía de estudio, a realidade é que o alumnado ten pouco tempo para estudar e en caso de sacrificar algo, sempre tenden a deixar de lado o traballo técnico.

Elena Pérez Iglesias

Realización dunha audición conxunta que facilitaría a interrelación do alumnado da mesma especialidade.

Belén Ferreiro

Ningún.

Oscar Rodríguez

Só un alumno un de 2 GE non completaron os obxectivos.

Leonardo Blanco

Un ano máis, o feito de non poder contar con público nas audicións, supuxo unha falta de motivación do alumnado e das familias. A interpretación en público é fundamental, polo que este obxectivo non se puido acadar.

Marcos Escobar

Ningún.

Mykolas Pocius

Ningún.

Edita Shulman

Non se puideron levar a cabo audicións con público, un obxectivo fundamental para os alumnos para adquirir un mínimo nivel de seguridade e confianza en si mesmos

Rosa Fernández

2 alumnas non acadaron os obxectivos dispostos na programación:



-Claudia Castro Bargiela (1º GE)

No 3º trimestre xa non asistiu a clase.

-Sara Álvarez Giráldez (1º GP)

6.4.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Fernando Arenas

Xefatura de estudos, administración, servicios y conserjería.

Mª Isabel Figueroa

En xeral, a planificación das actividades lectivas e complementarias e a inmediatez na resolución de incidencias.

Dadas as circunstancias e aplicación do protocolo COVID, pareceume moi boa idea a realización das audicións no exterior do edificio e creo que é algo que se pode manter de cara a vindeiros cursos se o tempo acompaña.

Por outra banda, quero destacar a seriedade e resiliencia do alumnado, que traballou moito a pesar das incidencias deste curso. Houbo casos de alumnas que foron encadeando varios confinamentos seguidos e aínda así, conseguiron manter o nivel de motivación e estudo.

Elena Pérez Iglesias

A planificación e organización de toda actividade lectiva e non lectiva do centro dende comezos de curso (claustrros,avaliacións,audicións...)

Belén Ferreiro

A planificación e organización das distintas actividades, tanto lectivas coma non lectivas.

Oscar Rodríguez

Boa planificación do curso académico por parte do equipo directivo, do persoal de limpeza, conserjería, etc.



A organización e sistema de portas abertas realizadas este curso así como outras medidas por exemplo, o acceso ao centro de persoas alleas ao mesmo imperando unha tranquilidade no traballo, o sistema de préstamo de instrumento realizado este curso, así como a medida de flexibilidade de números de ensaios con piano entre outros puntos expostos en dicha medida, considero que é algo positivo que se debe manter de fronte ao futuro para a comodidade e bo funcionamento das actividades do centro.

Leonardo Blanco

Persoal de administración e servizos.

Marcos Escobar

Moi boa organización en xeral do centro.

Mykolas Pocius

Organización en xeral

Edita Shulman

Rosa Fernández

Foron facilitadas aulas para recuperación de clases ou para outras necesidades.

Moi boa atención da Xefatura de Estudos para atender consultas e peticións.

6.4.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Fernando Arenas (Xeje do departamento)

Reanudar a volta da orquestra infantil si as condicións sanitarias o permiten.

As relacións entre o equipo directivo e o profesorado en xeral deben basearse na confianza e o respecto mutuo para acadar un entendemento que non altere as relacións persoais e profesionais do profesorado.

O sistema de audicions pode mellorarse coa colaboración de todo o claustro. O



departamento de corda está a traballar para propoñer algunhas melloras no sistema sempre en colaboración con outros departamentos e a aprobación do claustro para o vindeiro curso, para aumentar as franxas horarias das audicións do alumnado.

As devanditas melloras ou propostas consisten nun incremento dunha semana para a realización das probas teóricas e despois as dúas semanas para as audicións instrumentais co importante incremento da ratio instrumental na que se poderían unificar as franxas horarias en beneficio da organización dos departamentos, ao ter máis horas de audicións. As materias teórico-prácticas poderían seguir tendo as súas probas, coordinando cos titores as posibles coincidencias, se é o caso, cos horarios das audicións. Esta proposta elevarase ao centro polo rexistro para a súa posterior valoración no órgano competente.

A distribución da docencia deberá axustarse ao ROC, tanto en orquestras, conxuntos e música de cámara.

Sería interesante que as OAS GARDAS, se puidesen trocar por reforzos, tanto para o alumnado como para as orquestras, sempre co control da xefatura de estudos.

É absolutamente imprescindible e necesario abrir a biblioteca o venres pola tarde en beneficio do alumnado e profesorado que o precise, así como nos demais días da semana.

M^a Isabel Figueroa

A afinación do piano da A1 debe ser máis frecuente, alomenos unha ou dúas veces máis ao longo do curso.

Asimesmo, necesitamos máis sillas pequenas (ou cortadas) para o alumnado de GE (as que tiñamos foron desaparecendo pouco a pouco). A banquetta do piano ten un bo tamaño e posibilidade de regular a altura, pero é demasiado pesada como para trasladar ao auditorio ou outro espazo, e as sillas plegables son enfebles e incómodas para tocar. O ideal sería una banquetta ou silla regulable en



altura, pero máis lixeira de peso.

Por último, e como todos os anos, solicito revisar o procedemento de empréstito dos instrumentos e valorar algún sistema que permita que os violoncellos pequenos do centro se podan emprestar, (de forma regulada e controlada) ao alumnado en caso de reparación do seu, encerdado do arco ou cambio de tamaño de instrumento. Entendo os problemas que pode traer o tema dos seguros, pero a día de hoxe, cando un alumno leva o instrumento ao luthier, depende de que este lle empreste outro instrumento, ou ten que vir a estudar ó conservatorio, o que non sempre é posible. Deste xeito se lle daría un servizo ao alumnado nesta situación e os instrumentos do centro estarían en uso e por tanto non quedarían xordos.

Elena Pérez Iglesias

O sistema de audicions.

Belén Ferreiro

Tendo en conta que actualmente hai 18 persoas matriculadas, e que para o vindeiro curso académico hai 3 solicitudes, se cadra habería que empezar a plantexarse a posibilidade de contar con outra praza de viola. É moi complicado para unha sola persoa ter un volume de alumnado que garante un equilibrio nas distintas formacións do centro, e que no caso das orquestras practicamente nunca son máis de 3 ou 4 violas. O único xeito viable de aumentar o alumnado e aumentando o profesorado.

Gustaríame que se revisasen as condicións no préstamo de instrumentos. Actualmente o alumnado debe contratar un seguro, e ademais depositar unha fianza de 50€ que non é reembolsable. Considero que aquelas persoas que devolvan os instrumentos en boas condicións, e que polo tanto non precisen ningún tipo de reparación, deberían poder recuperar dita fianza. Naqueles casos en que o prezo da posta a punto non chegue a esa cantidade, deberían recuperar a diferenza.



Por outro lado, considero que sería interesante cambiar o protocolo da escolla de horarios. O feito de que se faga en función da nota crea un ambiente de competitividade entre o alumnado pouco recomendábel, ademais da presión á que se ven sometidas/os ás veces dende casa para acadar boas notas, ao seren garantía de máis facilidades á hora de organizarse. Cómpre subliñar tamén que non sempre as mellores cualificacións se corresponden co máximo esforzo, e isto supón que aquel alumnado con máis dificultades de aprendizaxe sexa, dalgún xeito, penalizado.

E xa por último, agradecería que se retomase a idea de asinar as actas de avaliación polas tardes, como se fixo en anos anteriores para facilitar a conciliación familiar.

Oscar Rodríguez

Se a situación actual mellora para o curso que vén e hai posibilidades.

1-) Propoño manter esa idea de portas abertas que se realizaron este curso onde os aspirantes sentan a escoitar as explicacións ou minis actuacións ofrecidas no centro sen interromper clases e trasladar esta idea ao auditorio.

2-) Propoño que se realice un modelo entrada de invitación para familiares (polo menos un membro) ás audicións como medida protocolar, pera que poidan asistir ás audicións dos seus fillos e así darlle algo máis de sentido ao obxectivo das mesmas.

3-) Propoño que se coloque na sala de profesores un documento de auto xestión semanal para a utilización do espazo do Hall interior, onde o profesorado interesado poida reservar cunha SEMANA DE ANTELACIÓN OU O MESMO DÍA e no caso de que non haxa espazos marcados, o día e a hora que necesite para realizar actuacións cos seus alumnos neste espazo, e así alixeirar o proceso de tramite para tal efecto, donde e no devandito documento veña reflectido tamén os días que estea reservado o auditorio con actividades para non chocar con elas.



4-) Propoño se as condicións permíteno y dado o bo resultado pedagóxico que tivo as clases de colectiva- orquestra de corda co alumnos de GE no curso 2019-20 e suspendidas pola pandemia e porque algúns pais preguntáronme aínda a comezos deste curso 21-22. Retomar esta boa idea pra garantir o desenvolvemento do alumnado de corda de grao elemental e ter un bo resultado desta materia en grao profesional, xa que algúns comezan dita materia sen participar nunca en ningún tipo de formación como esta e propoño para este fin, que se teña en conta as mesmas medidas da ratio que se ten para coas clases de orquestra e conxunto no caso de que se presentasen moitos alumnos e se o auditorio ten espazos horarios libres, désense aí.

5-) Debido ao uso constante do material da clase (instrumentos, arcos, etc) , necesítase pra o uso na clase, unha resina marca NYMAN para contrabaixo (polo constante uso e desgaste durante o curso deste material en particular) e un tallo ríxido para contrabaixo que sexa só regulable en altura xa que só hai unha e as existentes están en mal estado e non son moi específica para contrabaixo.

Leonardo Blanco

Sistema de audicións. Formación do profesorado. Actualización de documentos, máis transparencia en moitos aspectos organizativos do centro e reconfiguración dos mesmos en xeral e a diferentes niveis.

Marcos Escobar

-Necesidade imperiosa de ampliación do centro.

-A xornada laboral en 4 días podería favorecer a reorganización das aulas

-Falta profesorado en viola que repercute ademáis na música de cámara e na orquestra.

-No aspecto de respecto aos alumnos, comentar que incluso despóis de telo falado nas reunións de departamento de corda, os martes as 19 horas non puiden empezar en hora ningunha clase do curso porque o profesor da hora anterior



(Leonardo) acabou sistemáticamente as súas clases despois do segundo timbre.

-Asimesmo as audicións de finais de curso tampouco remataron en hora, chegando algún alumno ata media hora tarde as miñas clases por ter audición de orquestra.

Mykolas Pocius

Organización de audicións conxuntas de violín para mellor coñecemento do nivel do alumnado, o que axudaría para as calificacións.

Flexibilidade na normativa xeral para que se adapte mellor á realidade e carácter aberto e construtivo á hora de propoñer e discutir alternativas ás decisións adoptadas.

Edita Shulman

Aproveitar as horas de gardas (si hai mais de 2) para as clases do reforzo.

Rosa Fernández

-Dificultades para organizar as audicións de alumnos, por falta de espazo no auditorio e por falta de disponibilidad de pianista acompañante.

No 3º trimestre foron resoltas facendo audicións de aula na semana posterior ó remate das clases.

No departamento estanse a estudar propostas de mellora no sistema de audicións.

Proposta de que as familias, na medida do posible e quizás de forma controlada e limitada, podan comezar a asistir as audicións, tendo en conta que é un punto de motivación importante para o alumnado.

Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento



Fernando Arenas

M^a Isabel Figueroa

Ao longo do curso foron realizadas diferentes audicións no auditorio e outros espazos, así como gravacións en vídeo nalgúns casos. No caso das audicións, o meu alumnado participou nas audicións organizadas pola Vicedirección así como outras organizadas aparte. En xeral, houbo unha audición no 1^o e no 2^o trimestre, e no mes de maio houbo catro: dúas para o alumnado en xeral, unha específica para alumnado de 4^o GE (que se presenta á proba de acceso a 1^o GP) e outra a modo de recital final de 6^oGP.

En relación ao sistema de audicións, vexo necesaria algunha modificación ou implementación que permita maior flexibilidade de horarios. Os horarios de audición ás 15'00 horas da tarde non son axeitados para a meirande parte do alumnado, porque son incompatibles cos seus horarios de instituto ou familiares. Este tema foi tratado no departamento e en xeral, e estamos traballando para elaborar alguna proposta que, sen interferir co sistema actual, nos deixa algo máis de flexibilidade á hora de calendarizar as audicións do departamento.

Belén Ferreiro

Durante este curso realizáronse 4 audicións no auditorio.

5 de Novembro: Audición técnica coas alumnas de GP.

20 de Decembro: Alumnado de GE e GP.

14 de Marzo: Alumnado de GE e GP.

2 de Maio: Alumnado de GE e GP.

Oscar Rodríguez

No departamento e particularmente na especialidade do contrabaixo realizáronse un total de tres (3) audicións, dentro do plan de audicións do curso 2021-22 e algunhas extras no hall interior do centro.



Leonardo Blanco

Marcos Escobar

Fixemos 7 audicións de aula, unha cada mes aproximadamente, nos Xoves entre as 19 horas e as 22 horas na C16, algunhas coa axuda tamén da pianista acompañante, onde os alumnos tiveron oportunidade de pasar o repertorio, coñecerse e falar entre eles das obras que tocaron, de cómo foron as audicións, etc. 3 Audicións no auditorio, ademási das de aula.

Mykolas Pocius

Edita Shulman

Rosa Fernández

Audicións compartidas entre varios compañeiros da especialidade, co fin de coñecer ó alumnado, coas conseguites calibracións.



6.5 Departamento de Corda Pulsada

6.5.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

41 alumnos

-Alumnado por materia

Guitarra: 41

Conxunto: 11

RTA: 4

6.5.2 Obxectivos do profesorado para o curso

O obxectivo principal do departamento para o curso é , como cada ano, ofertar un ensino de calidade ós nosos alumnos a través do seguimento da programación e das distintas accións levadas a cabo na aula. Ademais dos aspectos máis técnicos que conduzan aos alumnos a desenvolver as destrezas necesarias para tocar un instrumento, queremos que aprendan tamén a importancia da constancia no seu traballo e adquiran hábitos de estudo diario como base imprescindible para a súa evolución no instrumento, así como reforzar a práctica de tocar en público facendo que se afronten a esta situación o maior número de veces posible durante o curso. Esta práctica verase especialmente reforzada nos últimos cursos de grao profesional.

-Obxectivos acadados

Tendo en conta o carácter xeral dos obxectivos que se trazan para os graos elemental e medio consideramos que estes se lograron dunha maneira aceptable.



-Obxectivos non acadados

Este ano non se puideron organizar as audicións de aula debido ás limitacións de número de alumnos por aula que non o permitía.

6.5.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

A organización do centro en xeral: Calendarios de principio e fin de curso, audicións , actividades...etc.

6.5.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Consideramos que as reunións on line de departamento, CCP, Consello Escolar e Claustro son unha mellor opción que as presenciais xa que evitarían o desprazamento ó centro de moitos profesores só para tratar cuestións que se poden solventar perfectamente a través de internet. Por iso propomos que todas estas reunións se realicen de maneira telemática.

Por outra banda, vimos observando nos últimos anos unha crecente obsesión dos alumnos e das súas familias por as notas. Hai unha tremenda neurose con este tema, que ven derivada en gran medida do ensino obrigatorio, e que no caso do noso centro se ve acrecentada por o sistema de elección de horarios. Bastantes alumnos nos teñen comentado que queren sacar boas notas para poder elixir un mellor horario no curso seguinte e incluso intentan exercer unha certa presión neste sentido, a cuestión académica queda ás veces nun segundo plano. Pensamos que unha medida coma esta que foi implementada fai xa varios anos podería ser revisada para buscar unha alternativa. Nós propomos que a elección se faga cada ano por o resultado do sorteo da letra administrativa.

A wi-fi do centro non chega ás aulas de guitarra por o que os profesores temos que utilizar os nosos datos cando queremos acceder a internet e tamén os nosos dispositivos electrónicos para o desenvolvemento das clases. Por isto solicitamos un repetidor de wi-fi que nos permita conectarnos con bo sinal a internet e tamén dotar ás aulas dun ordenador ou unha tablet.



Nas audicións do terceiro trimestre tivemos dúas horas seguidas de tempo para o departamento, algo que xa solicitáramos en algunha ocasión anterior. Gustaríanos pedir que para o próximo curso se nos concedan estas dúas horas en todos os trimestres porque unha resulta case sempre insuficiente e moitas veces algúns alumnos son derivados á audición de GE por falta de tempo.

6.5.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Neste curso realizamos cinco audicións de alumnos, tres de GP, dentro das semanas de audicións que trimestralmente se organizan no centro, e dúas de GE no segundo e terceiro trimestre.

Os alumnos participaron tamén en algúns dos concertos que organizou o equipo de actividades.



6.6 Departamento de Linguaxe Musical

6.6.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

O alumnado deste departamento distribúese do seguinte xeito incluíndo as ampliacións de matrícula: 76 alumnos de 1ºGE, 52 alumnos de 2ºGE, 48 alumnos de 3ºGE, 62 alumnos de 4ºGE, 61 alumnos de 1ºGP e 54 alumnos de 2ºGP, 28 alumnos de RTA, 6 alumnos de Piano Complementario, 10 alumnos de It.Pedagoxía e 4 alumnos da Optativa Música Moderna.

-Alumnado por materia

Linguaxe Musical

Begoña Coello Mó:

3º curso GE: 25 alumnos (22 aprobados, 2 alumnos de ampliación de matrícula)

4º curso GE: 22 alumnos (21 aprobados)

1º curso GP 9 (8 aprobados, 1 alumno que non asistiu nunca a clase)

Uxía Matos Argibay (substituta de Lúa García Mencía):

1º GE (F): 11 alumnos/as cun 90,9% de aprobados e un 9,1% de suspensos. 10 aprobados; 1 suspenso.

1º GE (G): 8 alumnos/as cun 75% de aprobados e un 25% de suspensos. 6 aprobados; 2 suspensos. Este grupo comezou con 11 alumnos/as, na primeira avaliación 2 fixeron ampliación a 2º GE e 1 renuncia.

2º GE (C): 8 alumnos/as cun 100% de aprobados. 8 aprobados; 0 suspensos. Este grupo comezou con 9 alumnos/as, pero houbo 1 renuncia no primeiro trimestre.

2º GE (D): 11 alumnos/as cun 63,6% de aprobados e un 36,4% de suspensos. 7 aprobados; 4 suspensos. Dos alumnos suspensos, só 1 asistiu ás clases, os 3



restantes deixaron de vir ás clases e non se presentaron ao exame de PAC.

2º GE (E): 9 alumnos/as cun 66,6% de aprobados e un 33,3% de suspensos. 6 aprobados; 3 suspensos. Este grupo comezou con 10 alumnos/as, pero houbo unha ampliación a 3º GE.

3º GE (F): 5 alumnos/as cun 60% de aprobados e un 40% de suspensos. 3 aprobados; 2 suspensos. Os 2 alumnos/as suspensos non asistiron ás clases nin se presentaron ao exame de PAC.

2º GP (D): 6 alumnos/as cun 100% de aprobados. 6 aprobados; 0 suspensos.

Isabel Gómez Alonso:

2ºGE (grupos A e B): 23 alumnos (22 aprobados, 1 ampliación a 3ºGE).

3ºGE (grupos D e E): 18 alumnos (14 aprobados, 1 traslado de matrícula, 3 suspensos). O grupo 3ºD comezou con 8 alumnos, pero no 2º trimestre un formalizou traslado de expediente por cambio de residencia da unidade familiar, e no 3º trimestre un dos alumnos deixou os estudos de conservatorio.

Milagros Gómez Fandiño:

1ºGE: 43 alumnos/as (39 aprobados, 2 suspensos, 2 suspensos de PAC). Houbo 2 ampliacións de matrícula a 2ºGE.

2ºGP: 20 alumnos/as (18 aprobados, 1 suspenso, 1 aprobado de PAC). 1 proposta a Matrícula Honra.

Nuria Buceta Guimarey (substituta de Cecilia Martínez Iglesias):

4º GE (F): 9 alumnos/as, 100% aprobados (9 aprobados; 0 suspensos)

4º GE (G): 10 alumnos/as, 90% aprobados (9 aprobados; 1 suspenso)

1º GP (F): 11 alumnos/as, 100% aprobados (11 aprobados; 0 suspensos)

1º GP (E): 10 alumnos/as, 100% aprobados (10 aprobados; 0 suspensos)

2º GP (C): 10 alumnos/as, 100% aprobados (10 aprobados; 0 suspensos)



Gloria Rodríguez Gil:

12 alumnos e alumnas de 1ºLM e EAV (Un alumno de ampliou a 2º, quedan 11)

18 alumnos e alumnas de 4ºLM e EAV

As NOTAS FINAIS do meu alumnado foron as seguintes:

De 12 alumnos/as en 1º de Linguaxe Musical e EAV, un ampliou matrícula en novembro obtendo 9 e 10. Os e as 11 restantes superaron as materias a final de curso, excepto unha alumna que perdeu a avaliación continua xa no segundo trimestre. 4 deles/as obtiveron 10 nas notas finais.

De 18 alumnos/as en 4º de Linguaxe Musical e EAV todos/as superaron as materias, excepto dous deles que irán á proba extraordinaria con esperanza de superala entón. 7 deles/as obtiveron a nota 10.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

1º GP: 26 (dos que debemos indicar as seguintes particularidades: unha persoa fai dobre especialidade, tres persoas non asistiron a clase en todo o curso e tampouco tiven información algunha das súas circunstancias, unha persoa empezou o curso pero abandonou os estudos do conservatorio no 1º trimestre)

2º GP: 13 (3 persoas que non asistiron nunca a clase nin informaron da súa situación e unha persoa que abandoou a materia en marzo)

Educación Auditiva e Vocal:

Begoña Coello Mó:

3º curso GE: 25 alumnos (22 aprobados, 2 alumnos de ampliación de matrícula)

4º curso GE: 22 alumnos (21 aprobados)

Uxía Matos Argibay (substituta de Lúa García Mencía):

1º GE (F): 11 alumnos/as cun 90,9% de aprobados e un 9,1% de suspensos. 10 aprobados; 1 suspenso.



1º GE (G): 8 alumnos/as cun 75% de aprobados e un 25% de suspensos. 6 aprobados; 2 suspensos. Este grupo comezou con 11 alumnos/as, na primeira avaliación 2 fixeron ampliación a 2º GE e unha renuncia.

2º GE (C): 8 alumnos/as cun 100% de aprobados. 8 aprobados; 0 suspensos. Este grupo comezou con 9 alumnos/as, pero houbo unha renuncia no primeiro trimestre.

2º GE (D): 11 alumnos/as cun 63,6% de aprobados e un 36,4% de suspensos. 7 aprobados; 4 suspensos. Dos alumnos suspensos, só 1 asistiu ás clases, os 3 restantes deixaron de vir ás clases e non se presentaron ao exame de PAC.

2º GE (E): 9 alumnos/as cun 66,6% de aprobados e un 33,3% de suspensos. 6 aprobados; 3 suspensos. Este grupo comezou con 10 alumnos/as, pero houbo unha ampliación a 3º GE.

3º GE (F): 5 alumnos/as cun 60% de aprobados e un 40% de suspensos. 3 aprobados; 2 suspensos. Os 2 alumnos/as suspensos non asistiron ás clases nin se presentaron ao exame de PAC.

Isabel Gómez Alonso:

2ºGE (grupos A e B): 23 alumnos (22 aprobados, 1 ampliación a 3ºGE).

3ºGE (grupos D e E): 18 alumnos (14 aprobados, 1 traslado de matrícula, 3 suspensos). O grupo 3ºD comezou con 8 alumnos, pero no 2º trimestre un formalizou traslado de expediente por cambio de residencia da unidade familiar, e no 3º trimestre un dos alumnos deixou os estudos de conservatorio.

Milagros Gómez Fandiño:

1ºGE: 43 alumnos/as (39 aprobados, 2 suspensos, 2 suspensos de PAC).

Nuria Buceta Guimarey (substituta de Cecilia Martínez Iglesias):

4º GE (F): 9 alumnos/as, 100% aprobados (9 aprobados; 0 suspensos)

4º GE (G): 10 alumnos/as, 90% aprobados (9 aprobados; 1 suspenso)



Gloria Rodríguez Gil:

12 alumnos e alumnas de 1ºLM e EAV (Un alumno de ampliou a 2º, quedan 11)

18 alumnos e alumnas de 4ºLM e EAV

As NOTAS FINAIS do meu alumnado foron as seguintes:

De 12 alumnos/as en 1º de Linguaxe Musical e EAV, un ampliou matrícula en novembro obtendo 9 e 10. Os e as 11 restantes superaron as materias a final de curso, excepto unha alumna que perdeu a avaliación continua xa no segundo trimestre. 4 deles/as obtiveron 10 nas notas finais.

De 18 alumnos/as en 4º de Linguaxe Musical e EAV todos/as superaron as materias, excepto dous deles que irán á proba extraordinaria con esperanza de superala entón. 7 deles/as obtiveron a nota 10.

RTA:

Isabel Gómez Alonso:

4ºGP: 10 alumnos (8 aprobados, 2 suspensos). Un dos suspensos corresponde a un alumno con Perda de Avaliación Continua (PAC) que non asistiu a clase durante todo o curso, presentouse á proba de PAC e non a superou.

6ºGP: 3 alumnos (3 aprobados).

Gloria Rodríguez Gil:

8 alumnos e alumnas de RTA: 4 de 5º e 4 de 6º

De 8 alumnos/as en RTA (5º e 6º Grao Profesional) todos/as superaron a materia, excepto unha alumna de 6º que decidiu a final de curso deixala materia para realizar en dous anos. 3 deles/as foron propostos para matrícula de honra.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

7 alumnos (dos que 2 deles non asistiron nunca a clase por cursar estudos universitarios fora de Vigo e outro alumno que abandonou o conservatorio no 1º trimestre)



Piano Complementario:

Nuria Buceta Guimarey (substituta de Cecilia Martínez Iglesias):

6 alumnos/as, 83,33% aprobados. (5 aprobados; 1 suspenso)

Itinerario Pedagoxía:

Elvira Rodríguez Pontevedra:

10 alumnos (dos que 2 non asistiron a clase nunca e outro alumno abandoou no 1º trimestre)

Optativa Música Moderna:

Elvira Rodríguez Pontevedra:

4 alumnos (so dous asistiron a clase, un terceiro asistiu a varias clases e logo abandonou, -é o mesmo que abandonou en RTA-)

6.6.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Uxía Matos Argibay (substituta de Lúa García Mencía):

Na materia de Linguaxe Musical acadáronse todos os obxectivos agás a iniciación a clave de Fa en 4ª en 1º GE. Dende o mes de febreiro houbo que retomar os contidos que supoñíase que estaban vistos en tódolos cursos, porque non estaban afianzados.

Isabel Gómez Alonso:

En liñas xerais todos os cursos acaron os mínimos esixibles recollidos na programación.

Cómpre destacar, que tras dous cursos escolares nos que sufrimos confinamentos que obrigaron a impartir telemáticamente as clases durante varios meses, a práctica totalidade do 1º trimestre foi empregada para repasar e recuperar os contidos non traballados no nivel inmediatamente anterior.



Ademais, tamén cómpre ter en conta que a anticipación das probas extraordinarias de setembro ao mes de xuño, supuxo una importante reestruturación dos trimestres, quedando estes significativamente máis curtos (1ª avaliación a finais de novembro, 2ª a principios de marzo e 3ª na primeira quincena de maio).

Milagros Gómez Fandiño:

En Linguaxe Musical de 1ºGE acadamos os obxectivos da programación. O único contido que non estudiamos foi o ritmo corche-dúas semicorcheas e viceversa.

En Educación Auditiva e Vocal de 1ºGE conseguimos acadar os obxectivos da programación.

En Linguaxe Musical de 2º do Grao Profesional conseguimos dar os contidos mínimos e alcanzar os obxectivos aínda que sen profundizar.

Gloria Rodríguez Gil:

Todos os recollidos nas diferentes programacións, salvo os mencionados no apartado seguinte.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

Todo o alumnado que resultou apto na 3ª avaliación, acadou os obxectivos (contidos mínimos) propostos na programación. Na materia de Linguaxe Musical nalgúns casos moi escasamente. De todos modos, en bastantes casos houbo que rebaixar bastante as expectativas pois o nivel inicial do alumnado non era o óptimo nin acadaron, en moitos casos, un nivel axeitado pois a maioría do alumnado non estuda nada, por diferentes razóns. Sempre falando da materia de Linguaxe Musical.

Nas demais materias non houbo problemas para acadar todos os obxectivos a pesar da escaseza de horas de que dispuxemos este curso.



-Obxectivos non acadados

Uxía Matos Argibay (substituta de Lúa García Mencía):

Na asignatura de Educación Auditiva non houbo tempo de traballar a entoación a voces. Trabállase ben os contidos e obxectivos de letura rítmica e entoación a unha voz, pero vense máis perxudicados os contidos auditivos e de teoría.

Isabel Gómez Alonso:

Nas materias de Linguaxe Musical e Educación Auditiva e vocal non se acadaron os seguintes obxectivos:

2º GE: non se chegou a traballar a fórmula rítmica dous semicorcheas – silencio de corchea (e a súa inversión), así coma as tonalidades de mi m, Fa M e re m nas lecturas de entoación.

3ºGE: non se chegaron a traballar as leccións de entoación en Si bM e sol m.

Na materia de Repentización, transporte e acompañamento (RTA) de 4º de GP, a ratio continuou a ser, coma no curso anterior de 2/1, cando a programación foi deseñada para clases individuais. Por este motivo, non se chegaron a traballar neste curso os acordes de 7ª de dominante aplicados a baixos cifrados, e os acordes en 2ª inversión foron traballados unicamente a través da 4ª e 6ª cadencial.

Milagros Gómez Fandiño:

En 2ºGP, tras facer a avaliación inicial, tivemos que comezar con contidos de finais de 1ºGP, o que provocou que non se puidese profundizar nos contidos todo o desexable, en especial os aspectos auditivos.

Gloria Rodríguez Gil:

En 4ºLM: ampliación da práctica do compás 2/2; improvisación tanto rítmica como melódica; iniciación á práctica de lectura de claves ou a súa transcripción. Debo engadir que este ano acortouse o curso en 3 semanas, o que se reflectiu nunha peor preparación para a proba de acceso.



En RTA: afondamento no emprego do cifrado americano; práctica de secuencias harmónicas.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

Neste curso en concreto o alumnado que non acadou os obxectivos tampouco asistiu a clase co que se fixo imposible nin tan siquiera intentalo.

Volvendo ao epígrafe anterior e á materia de Linguaxe Musical, as maiores carencias do alumnado que me correspondeu este curso estiveron nos aspectos teóricos e auditivos. Tanto un como o outro aspecto carecen, na maioría dos casos, dunha base sólida que lles permita entender conceptos, razón pola que é case imposible avanzar sen tropezos.

6.6.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Uxía Matos Argibay (substituta de Lúa García Mencía):

O feito de ter o calendario académicos coas datas dos exames e audicións permite a mellor organización do tempo. O seguemento é unha ferramenta moi útil para saber a evolución do alumnado e estar en contacto cos titores se houberse problemas a solucionar. E por último mencionar o bó ambiente do departamento e a predisposición a axudar cando hai dúbidas, tanto burocráticas como de funcionamento do centro.

Isabel Gómez Alonso:

A elaboración do calendario de avaliacións, audicións e semana de exames por parte do equipo directivo, entregado e aprobado no claustro xa ó inicio de curso, permite facer unha boa planificación de obxectivos e contidos a traballar en cada trimestre.

Tamén salientar o bó clima de traballo e cooperación existente no departamento de Linguaxe Musical.

Milagros Gómez Fandiño:



Organización e planificación do curso xa en setembro.

A próxima dotación de ferramentas dixitais (neste caso, smart tv de grandes dimensións) das aulas de Linguaxe Musical, solicitado na memoria do curso pasado.

Moi bo traballo das compañeiras de departamento, colaborando, aportando ideas e axudando. Isto fai máis sinxelo o meu traballo da xefatura de departamento, polo que somentes teño palabras de agradecemento para todas e cada unha delas.

A ferramenta do “streaming” para os Concertos, xa que non se poden facer abertos ao público e familias. Penso que debería manterse aínda que o protocolo Covid mude e xa poida haber público nos concertos e audicións.

Gloria Rodríguez Gil:

Estou moi contenta cos horarios do curso 2021/22 e gustaríame poder mantelos o curso que ven.

O equipo directivo responde sempre a tódalas demandas que formulo.

Boa dispoñibilidade para o traballo por parte do departamento, axil no intercambio de ideas e favorecendo a mellora na impartición de clases.

O alumnado de RTA escolleu por orde inverso de curso por primeira vez tras anos demandándoo (ou sexa comezamos a escolla horaria con 6º e posteriormente con 5º e 4º), isto foi moi positivo para o alumnado de 6º que xeralmente desexa rematalos estudos coa mesma profesora, e fomentamos que o alumnado que cursa máis materias poida adecuar mellor o seu horario.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

A organización dos horarios está moi ben aínda que hai un elemento que, segundo a miña opinión, debería corrixirse. O reparto do alumnado de linguaxe musical (a lo menos no grao profesional) é desigual pois hai grupos moi grandes



e outros moi pequenos e considero que eses poucos alumnos que están en grupos sobrantes estarían mellor nos grupos grandes debido a dúas razóns principalmente. Unha é que o alumnado que escolle eses grupos minoritarios adoita ser alumnado que escolle no último lugar pola súa posición baixa nos listados. E outra razón é que hai bastantes contidos da materia que non se poden traballar axeitadamente con grupos tan pequenos (concretamente este curso tiven un grupo de 3 persoas e outro de 1).

Atención persoalizada a cada profesor/profesora e á súa situación persoal. Sempre se ofrecen facilidades por parte da Xefatura de Estudos.

Gran flexibilidade e sensibilidade fronte á problemática dos departamentos complexos (como é o caso do departamento de Linguaxe Musical).

Vontade de coordinación e cooperación entre os membros do departamento (LM). Dende hai anos os membros do departamento de Linguaxe Musical fan un aporte, mais que considerable, nos traballos comúns incluso nalgúns casos sobrepasando as súas obrigas. As tarefas están moi repartidas entre todos os membros do departamento.

Tamén quero destacar a laboura dalgúns membros do claustro nas súas funcións como titores/titoras (refírome a este curso en concreto, claro está, e con respecto ao meu alumnado) pois me parece que merecen unha mención, este profesorado é: Javier Abalde, Alejandro Alonso, Beatriz Arenas, Carmen Carreiras, Rosa M^a Fernández, Isabel Figueroa, Daniel Garrido, Felipe González, Virginia Lis, Jesús Pardal, Antonio Rodríguez, Nerea Rodríguez, Edita Shulman, e M^a Pilar Simeó.

Polo xeral se respira moi bo ambiente entre compañeiros e entre profesorado e alumnado, isto é un aspecto salientable xa que facilita a docencia e a convivencia no centro.



6.6.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Isabel Gómez Alonso:

Recuperar a ratio 1/1 na materia de RTA para 4º curso de Grao Profesional.

Modificar o sistema de elección de horarios no centro, que actualmente se fai a partir da nota media do alumnado. Os alumnos con menor nivel quedan relegados a grupos de peor horario (na súa maioría a última hora) creándose guetos nos que dificilmente se acade un bó ambiente de traballo.

Dotar á tódalas aula de linguaxe musical de ordenador e pantalla dixital (nestes momentos soamente dispoñen destes a B2 e B6). Substituir o ordenador da aula B2, xa que o seu funcionamento é excesivamente lento.

Manter as ratios de alumnos nos grupos de linguaxe musical para o vindeiro curso independentemente de que se supriman as distancias mínimas impostas polos protocolos covid.

O seguemento do alumnado mensual é moi interesante pero pouco efectivo, xa que o documento final que se elabora é moi extenso. Moitos titores/profesores de instrumento non amosan interese pola evolución dos seus alumnos nas materias teórico-prácticas, dan poucas indicacións sobre a evolución dos seus alumnos no instrumento ou incluso repiten as mesmas valoracións durante meses.

Habilitar un espazo para facer as titorías telefónicas ou dispoñer dun teléfono inalámbrico, xa que nestes momentos as chamadas deben ser feitas dende conserxería ou dende a sala de profesores, sen a tranquilidade nin intimidade necesarias para falar cos pais dos alumnos.

Milagros Gómez Fandiño:

Os espazos físicos para as clases de Linguaxe Musical deberían ser máis amplos e sería idóneo ter, polo menos, un aula máis para as clases de Linguaxe Musical.



Amais, este curso, as ratios por aula continuaron a ser reducidas, un aspecto positivo que melloraría as nosas ensinanzas se o puidesemos manter no tempo cando desaparezan as restriccións do protocolo Covid19.

Sería desexable reducir o “papeleo” ó mínimo imprescindible e invertir máis tempo en mellorar a nosa docencia (elaborar actividades de aula, materiais novos, organizar as clases) que repercutirán positivamente no noso alumnado. Tamén sería de agradecer unha maior flexibilidade nos prazos de entrega de documentación, especialmente cos departamentos numerosos como é o caso de Linguaxe Musical.

Como cada ano menciono na memoria, é fundamental e urxente, na miña opinión, a ampliación do centro por razóns obvias. No centro estudia moito alumnado de Vigo pero tamén da área metropolitana e faise cada ano máis complicado poder encaixar horarios e espazos.

Gloria Rodríguez Gil:

O alumnado de 4º de RTA este curso tivo ratio 2/1, a materia é densa e necesaria para a formación do pianista, polo que penso que é necesario recuperar **con urxencia** a ratio de 1/1 (1 hora por alumno ou alumna).

Non vexo para nada positivo a desinfección constante dos pianos, penso que o próximo curso deben desinfectarse as mans os e as pianistas xusto antes de tocalo instrumento, para que isto non repercuta na calidade do instrumento.

Penso que o próximo curso debemos recuperalo timbre de “menos cinco” e “en punto”, xa que 15 minutos menos en cada clase decae na calidade da ensinanza.

Elvira Rodríguez Pontevedra:

Revisar o sistema de elección de horarios para conformar os grupos de linguaxe musical, propiciando a continuidade co mesmo profesor ao longo de, a lo menos, dous cursos, tamén se debería evitar que os alumnos con calificacións máis bai-



xas se xunten nos grupos con peores horarios pois iso so fai que os seus problemas se incrementen.

Recuperar a ratio 1/1 na materia de RTA de 4º curso de Grao Profesional.

Sería moi interesante dotar con proxectores e ordenador, pouco a pouco, as aulas de Linguaxe Musical. Pois case todo o departamento de xeito individual está traballando na elaboración do seu propio material en formato dixital.

Outra suxerencia, para o próximo curso sería boa idea recuperalo timbre de “menos cinco” e “en punto”, pois o timbre a “menos cuarto”, imprescindible na etapa pandemia, converteuse pouco a pouco nun descontrol, pois hai moito profesorado que non fai caso dese timbre e sae a en punto, co que causa un problema importante ao profesor que o substitue. Concretamente a min, que por ter grupos de profesional traballaba sempre detrás doutra profesora se me deu o caso de non ter case opcións durante todo o curso a empezar as clases puntualmente.

Tamén debo destacar ese alumnado que, aínda que ía aprobando as avaliacións o facía de forma moi xusta, e que, na maioría dos casos non houbo nin unha soa vez que os titores preguntaran ou se interesaran de xeito persoal por eles/elas e xa non digamos o alumnado que figuraba no seguimento e que nunca os seus titores se preocuparon o mais mínimo deles.

A este respecto me resulta un pouco extraño a falta de coherencia entre os informes detallados que, durante o período de clases non presenciais, houbo que facer de cada alumno e alumna en particular, co escaso coñecemento que dos devanditos informes teñen ou tiveron eses titoras e titores. Iso paréceme un incumplimento grave das súas funcións e penso que, xa que no noso seguimento debemos facer constar a comunicación cos titores, os que non cumpren as súas funcións deberían ser amonestados para que cambien de actitude (que igual xa o son, pero como o descoñezo o suxiro)

Con respecto ao alumnado de Linguaxe Musical debo insistir no problema da carencia de referentes mínimos no alumnado. Neste curso, unha vez mais, tiven



que loitar con problemas que deberían terse solucionado no grao elemental e que, en moitos casos de 2º de grao profesional, seguen presentes. Esta circunstancia fixo que nalgúns casos alumnado con competencias inferiores ás necesarias superaran o curso pois considerei que tampouco estaba nas mans dese alumnado superar esas tremendas carencias. Isto ven a conto de que considero que as probas de acceso a grao profesional deberían ser mais esixentes en canto ao nivel do alumnado.

6.6.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Isabel Gómez Alonso:

No mes de decembro, e con motivo das celebracións navideñas, os alumnos de 3º de GE (grupos 3ºD e 3ºE) interpretaron para as súas familias villancicos a varias voces no soportal do conservatorio.

Uxía Matos Argibay (substituta de Lúa García Mencía):

Non levei a cabo ningunha actividade extraordinaria, a excepción da continuación das clases aos alumnos de Grao Elemental como reforzo para as probas extraordinarias de xuño.

Gloria Rodríguez Gil:

1º trimestre: actuación de Nadal no hall do meu alumnado de EAV (3 grupos, 3 actuacións), o público estaba fóra do centro e as portas abertas.

2º trimestre: o meu alumnado de linguaxe musical e EAV participou na miña proposta de traballo para o meu alumnado de RTA, interpretando arranxos a 2 voces de temas de música pop, rock e jazz, harmonizados e acompañados polo propio alumnado de RTA. Ademais un alumno de 6º RTA estreou un trío para violín, violonchelo e piano na audición de música de cámara trala petición e aceptación da colaboración do seu profesor Alejandro Alonso (fruta).

3º trimestre: O meu alumnado de RTA colabora co doutoramento da pianista Susana P.Otero “músicas e silencios” e interpretan 6 pezas de 6 compositoras



de distintas épocas e estilos, xunto coa improvisación correspondente a cargo do alumnado o mércores 6 de Abril no auditorio, foi grabado en vídeo e colgado no canal de youtube do cmusVigo, e no canal de Mujeres en la Música (Madrid). Ademais unha alumna de 6º RTA estrenou un trío para violín, violonchelo e piano na audición de música de cámara trala petición e aceptación da colaboración da súa profesora Berta Fresco (piano). Tamen 2 alumnas e 1 alumno de 5ºRTA participaron na semana das letras galegas, organizada polo departamento de dinamización da lingua galega e en colaboración co departamento de canto (profesora Beatriz Arenas), interpretando composicións realizadas por eles/as mesmos/as para piano e voz dende poemas de Xela Arias o luns 16 de Maio no auditorio.

Tamen no **terceiro trimestre** 9 alumnos/as do centro que formaron parte do *club enxeñar*, creado durante o curso 2013/14 e que se reúne unha hora á semana, crearon 6 pezas poéticas musicais enxeñadas a partir da reflexión sobre o cambio climático e a manipulación que sofremos cos chamados “sostible”. Presentamos o vídeo da IX mostra o venres 20 de Maio no auditorio baixo o subtítulo “Avogad@s do futuro” en colaboración co Departamento de Dinamización da Lingua Galega, dado que a pandemia impediunos representar de xeito presencial. O vídeo foi colgado no canal de youtube do cmusVigo.

Ademais debo destacar que:

A resolución do 23 de Decembro de 2020 para incentivalos **clubs de lectura** dos centros educativos, concedeume 900 euros que empreguei na merca de partituras e un altofalante profesional portátil con función de bluetooth, para poder amplificar dende o ordenador ou o teléfono.

Do 16 ao 23 de Maio continuei coas clases dos 2 grupos de 4º linguaxe musical, para poder preparalos para as probas de acceso na clase colectiva, e facer simulacros individuais en quendas 1/1.

Do 30 de Maio ao 13 de Xuño continuei con clases individuais para o alumnado



suspense que se presenta ás probas extraordinarias.

Por último informar da tensa situación vivida ao longo de este curso por causa dun alumno de 4º de grao elemental que tivo un moi mal comportamento durante case todo o curso rompendo constantemente o funcionamento da clase, pegou a unha compañeira á cal lle ten manía, e molestouna durante todo o curso (tiven que cámbialo de sitio 2 veces no curso), tivo conductas agresivas en clase dando patadas á porta ou lanzando o libro ou dando puñetazos na mesa ou ameazando á clase e incluso a min mesma, tiven que chamar ao profesorado de garda nunha ocasión e elaborei un informe detaiado para xefatura de estudos en febreiro, que levou a reunirse coa familia; tratei o tema nunha reunión de departamento sendo apoiada por todas as profesoras do mesmo, e a xefa de departamento levou o tema á CCP para fomentar un cambio de protocolos que nos protexan deste tipo de situacións. Mentive informado dende o principio de curso ao seu titor, e convoquei unha titoría presencial coa nai, o que favoreceu a mellora do seu comportamento durante un par de meses, despois novamente volveu dar problemas que souben capear por faltar pouco para o final de curso. Elaborei un segundo informe resumindo con datas a súa conducta durante as clases. Quero reflectir que hai desamparo cara o profesorado ante este tipo de situaciónns, que cada vez son máis frecuentes, opino que debe de facilitarse un protocolo que axude a paliar esta situación, xa que somos profesoras e non educadoras sociais, polo que pola miña parte, non estou preparada para tratar alumnado conflictivo. Deberíamos poder contar tamen nos conservatorios con personal de apoio especializado neste tipo de casos aínda que sexa dun xeito puntual e baixo petición, tal e como sucede nos centros de educación secundaria.



6.7 Departamento de Música Tradicional

6.7.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

29 alumnos

-Alumnado por materia

Gaita: 21 (7 GE e 14 GP)

Acordeón: 8 (3 GE e 5 GP)

Conxunto: 14 en 6 grupos

RTA: 2

Optativa Música Tradicional: 9

Optativa Introducción ao Jazz: 7

6.7.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Entre os obxectivos acadados e resultados podemos destacar a consecución dunha dinámica de traballo para o instrumento por case a totalidade do alumnado, concienciación do alumnado sobre as posibilidades do instrumento, actualización das programacións didácticas, comunicación e información coas familias e realización de audicións satisfactorias.

O alumnado de primeiro de Grao Elemental, sen contactos previos co instrumento, rematou manexando e tocando obras sinxelas coa gaita.

Todo o alumnado do Grao Profesional acadou unha visión integral do instrumento, coñecendo as posibilidades e rexistro total do instrumento e traballando na aula dende obras de música antiga (medieval e barroco francés), obras románticas, obras de corte tradicional recollidas de cancioneros e gravacións co



emprego de dixitación pechada, obras neotradicionais e folk, música contemporánea co emprego de técnicas estendidas e adaptacións de obras para outros instrumentos.

Na materia de "Introdución ao Jazz", todo o alumnado foi dotado de rudimentos básicos para a improvisación e para coñecer os estilos e épocas na historia da música.

Na materia de Música Tradicional Galega o alumnado que asistiu con normalidade ás aulas conseguiu un achegamento á música tradicional tanto na parte interpretativa como no coñecemento da historia, dos usos e funcións da música tradicional, instrumentos e agrupamentos máis representativos e as fontes máis relevantes (cancioneiros e gravacións históricas).

(Nerea Rodríguez)

Todo o alumnado que resultou apto na 3ª avaliación, acadou os obxectivos (contidos mínimos) propostos na programación.

-Obxectivos non acadados

Non con todo o alumnado de Grao Profesional tivemos tempo para traballar música antiga, quedando un caso puntual por necesidade de adaptación dos contidos. O mesmo pasou co traballo cos cancioneros, que non foi traballado con todo o alumnado en función dos antecedentes observados e tempo dispoñible.

(Nerea Rodríguez)

Dependendo do alumnado de cada materia houbo diferentes obxectivos sen acadar por completo.

Destacar que coa alumna de 6º de Ensinanzas Profesionais non se acadaron varios dos obxectivos para este curso, mais acadou un nivel aceptable nos mínimos esixidos e a súa evolución dende a primeira avaliación foi salientable.



6.7.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

O inicio de curso foi algo caótico e podería solucionarse facilitando antes os datos de acceso a centros-net, xa que facilitan coñecer ao alumnado antes de comezar as clases.

Ao comezar o curso notamos varios desaxustes co material da aula C17. Estes pequenos problemas, así como as necesidades materiais inmediatas foron solucionadas de maneira rápida pola secretaría do centro: Material instrumental, cambio de disposición da aula, mantemento, cables... Neste aspecto cabe destacar o funcionamento da biblioteca, dotando ao Departamento das últimas publicacións sobre as materias impartidas.

Tamén destacar o apoio do equipo directivo e a rápida aprobación do consello escolar da saída didáctica proposta dende o departamento. Unha saída que tivo que ser adiada por mor da situación epidemiolóxica actual.

Remarcar o bo traballo realizado co EDLG do centro e o Departamento de Canto, sempre promovendo actividades e potenciando a actividade do centro. Neste aspecto, é destacable a actualización da análise sociolingüística do Centro. Os datos xerais desta análise indican que a tendencia maioritaria entre todos os membros da comunidade educativa é a falar castelán, cunha porcentaxe moi reducida de profesorado que emprega o galego (apenas un 10%), e un anecdótico 0,27% de alumnado galegofalante recollido nas enquisas.

(Nerea Rodríguez)

A boa acollida do centro ao profesorado en prácticas, o bo funcionamento, orde e xestión e o interese do alumnado de acordeón por realizar diferentes actividades musicais dentro e fora do centro.



6.7.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Un dos problemas principais do Departamento é ter só a Aula C17 para dous docentes, o que provoca un minucioso traballo de organización de horarios. Facer as clases na cabina 6 cando existen coincidencias horarias é verdadeiramente problemático e incómodo polas características do noso instrumento, provocando un empeoramento da calidade do ensino.

Outro problema engadido é o emprego da aula C17 para outras materias como coro, o que provoca que teñamos que deixar a aula libre sen dúas horas os mércores. Isto provoca que os mércores sexan densos, xa que hai claustro, CCP ou outras reunións dende primeira hora da mañá e logo temos clases ata última hora da tarde, xa que impartimos optativas de 21:00 a 22:00, estando moitas veces no centro 9 ou 10 horas, o que repercute indubidablemente na calidade das aulas. Se sumamos o tempo de entrada e saída da cidade debido ás numerosas obras en activo en Vigo, esta xornada pode chegar a ser ata de 12 horas.

Este demandado uso da aula C17 provoca ademais problemas de limpeza, como puidemos observar a última semana de curso, onde se falou co persoal de limpeza, xa que a situación da aula era bastante lamentable, con moito po e lixo.

Para unha boa dinámica das optativas e outras materias teóricas, sería interesante contar cun proxector na aula C17, xa que a solicitude e montaxe do proxector da conserxería fai perder moito tempo útil de clase. Outro material que melloraría a dinámica sería un novo reloxo dixital con termómetro e higrómetro para a aula, xa que o actual non funciona ben e hai días nos que a temperatura é moi elevada para os instrumentos. Ter unha copia da chave do armario da aula tamén sería útil para evitar problemas coa chave de conserxería, xa que temos alí gardado diverso material para o correcto desenvolvemento das clases.

Para unha mellora da actividade docente do centro é necesario potenciar saídas didácticas así como actividades artísticas para o alumnado, xa que o alumnado pode seguir mellorando a súa capacidade escénica mediante actividades de promoción das ensinanzas, algo moi necesario para manter e gañar alumnado nesta



etapa marcada pola Covid-19. Tamén é urxente recupera o público nas audi-
cións, xa que o público é unha parte esencial na formación de novos músicos.

O emprego das novas tecnoloxías e recursos telemáticos tamén pode axudar a
incrementar a nosa actividade docente. Reducir o numero de claustros anuais e
realizalos de maneira telemática pode axudar na eficiencia do profesorado.

Para rematar é necesario dicir que sería necesario unha revisión da actividade
Coñece o noso conservatorio, xa que é demasiado extensa no tempo, provo-
cando cambios importantes nos horarios do alumnado afectado e perdendo a
intensidade e efectividade necesaria, o que é contraproducente para captar novo
alumnado. Involucrar a todo o profesorado para realizar unha mesma actividade
durante meses, e en ocasións para dous ou tres posibles novos alumnos, é un
desaproveitamento de recursos do centro.

Para o vindeiro curso, en caso de haber horario dispoñible no profesorado ou
gardas, sería interesante destinar algunha hora a formar un conxunto en grao
elemental.

(Nerea Rodríguez)

Con respecto a aula de acordeón:

A posibilidade de mercar un instrumento relacionado co acordeón, xa sexa unha
acordina ou un bandoneón.

Levar a afinar o acordeón da aula.

Fomentar que o alumnado vaia a concursos externos o centro, por exemplo fa-
cilitando o seu traslado por medio dun autobús (se van varios alumnos/as) e non
poñendo falta no resto de materias se o alumnado non vai a causa dunha activi-
dade musical extraescolar.

Que se conte coa aula de acordeón para participar de vez en cando coas dife-
rentes formacións do centro, como orquestra ou banda. Xa sexa incluídos na
formación ou como solistas.



Realización dun concurso anual aberto a tódolos instrumentos do centro.

Con respecto a miña labor como docente:

Gustaríame que se me teña en conta cara o ano que ven para traballar con diferentes formacións en música de cámara aínda que non teñan acordeón.

Converter algunha das gardas en horas de reforzo ou clases colectivas, como realizamos durante este ano.

6.7.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Entre as actividades e proxectos propostos no Departamento destacamos:

Homenaxe a Alfonso X "O Sabio" (14 de decembro de 2021). Proxecto en colaboración cos Departamentos de Canto, Fundamentos de Composición e EDLG.

Novo material específico para o Departamento na biblioteca do centro.

Participación no concerto de Nadal (21-12-21).

Participación no concerto de Entroido (22-02-22).

Organización e financiación da saída didáctica ao Obradoiro Seivane (actividade adiada pola situación epidemiolóxica).

Planificación e organización da semana das letras galegas 2022: Obradoiros, charlas, exposición de traxes.

Participación nas actividades *Coñece o noso conservatorio; coñece o teu conservatorio*.

Realización da actividade "Iniciación aos recursos electrónicos para instrumentos acústicos" na optativa de "Introdución ao Jazz" (4 de maio de 2022).

(Nerea Rodríguez)

Dentro da aula de acordeón implicámonos en diferentes actividades:



Os concertos de Nadal e do Día de Europa tocando máis do 50% do alumnado.

Na actividade de “coñece o noso centro” onde non soamente expliquei o instrumento senón que moitas semanas interpretaron diferentes alumnos e alumnas o seu repertorio do curso.

A participación en diferentes concursos por parte do alumnado como:

O concurso Aris del Puerto en Ponferrada.

O concurso de acordeón de Alcobaça en Portugal.

O concurso nacional de acordeón en Santander.



6.8 Departamento de Percusión

6.8.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

31 alumnos

-Alumnado prof. David González Outumuro

Percusión: 17 alumnos

Conxunto: 8 alumnos

-Alumnado prof. David Rodríguez García

Percusión: 14 alumnos

Música de Cámara: 5 alumnos

6.8.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

No presente curso 2021/2022 acadáronse os seguintes obxectivos do departamento:

Ofertar un ensino de calidade e atractivo que actúe ao mesmo tempo como motivador extrínseco no alumnado.

Fomentar entre o alumnado da materia unha axeitada orde das aulas e o coidado do instrumental de percusión.

Seleccionar un repertorio axeitado ao nivel do alumnado e aos obxectivos do curso adecuándonos na medida do posible aos seus intereses e gustos.

Prestar atención e adaptarnos á diversidade das capacidades do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe.

Fomentar entre a comunidade educativa do departamento un bo clima de traballo



e convivencia tanto nas clases como fóra delas.

Facer partícipe e coñecedor ao alumnado do proceso de ensino –aprendizaxe e do sistema de avaliación.

Realizar un seguimento efectivo do alumnado e da programación didáctica co fin de introducir melloras no proceso de ensino – aprendizaxe en caso de ser necesario.

Manter en todo momento unha canle aberta de comunicación e cooperación entre os membros do departamento.

Colaborar na medida do posible nas actividades que leven a cabo o resto de departamentos do centro, tanto a nivel humano como loxístico.

Establecer e velar polo cumprimento das normas e medidas sanitarias axeitadas para minimizar o risco de contaxio por COVID nas clases que o profesorado de percusión sexa responsable.

-Obxectivos non acadados

Pola súa banda, queremos destacar como non acadado o seguinte obxectivo:

Facilitar ao alumnado o estudo persoal naquelas horas que non estean a ser usadas as aulas de percusión (en horario de tarde).

6.8.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Desde o departamento de percusión queremos destacar:

Que se estean a respectar as franxas libres de docencia nas aulas de percusión facilitando dese modo o estudo do alumnado (cando as circunstancias sanitarias o fan posible), empregándoas soamente para actividade lectiva doutros instrumentos en última instancia.

Dispoñer para a docencia de percusión da Aula Magna os mércores e xoves hasta as 18h.



A organización e planificación do curso académico con claridade e antelación.

A comunicación fluida cos membros do equipo directivo e a súa rápida resposta.

O ambiente de traballo en xeral.

A posibilidade de dedicar as horas dispoñibles, ou unha parte das mesmas, á oferta de clases de batería ao alumnado por parte do docente especialista do departamento.

6.8.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Dende o departamento de Percusión consideramos como potenciais melloras xerais para o centro e outras algo máis específicas as seguintes:

Continuar, de ser posible, coa oferta de clases de batería para o vindeiro curso académico, posto que resulta de gran interese para o alumnado e completa a formación que se ofrece no departamento.

Seguir dispoñendo, sempre que as circunstancias o permitan, da Aula Magna os xoves hasta as 18h.

Estudar a mellora da iluminación na Aula Magna posto que, ademais de ser inferior a calidade da mesma comparado coas luces led, co paso do tempo os fluorescentes xa non emiten a luz coa mesma intensidade que nun principio.

Insistir na importancia de que ningunha materia teórico-práctica debe pisar con exames ou probas o período de audicións (e viceversa).

Evitar a realización de actividades no hall do auditorio en época de audicións habendo dispoñibles outros espazos que interfiran menos coa actividade realizada no seu interior.

Recuperar a idea dunha foto do claustro ao remate de cada curso académico.

Compra de material do que se beneficiarían non soamente o departamento de percusión, senón tamén o de conxunto (bandas, orquestras e e-jazz band), xa que este é compartido entre ambos departamentos, e outras materias coas que



se colabore como é habitual cada curso. Aínda que algunhas das peticións xa son históricas e están faladas, cremos convinte recordar que se sería necesario o seguinte instrumental ou material doutro tipo:

Un timbal de 23" de cobre para completar o xogo da aula A2 e poder substituír o timbal de fibra que está agora mesmo nela e non pertence ao mesmo, aínda que nos consta que xa está en funcionamento esta proposta (modelo Concierto Majestic Mp2300 Serie Symphonic Cobre 23").

Dous soportes de caixa baixos (modelo Pearl S930, Tama HS40LOWN, ou similares).

Completar o xogo de toms con 2 de maiores medidas (14" e 16") cos seus soportes (modelos Concierto Majestic Mctc1412s14x12 Concert e oncierto Majestic Mctc1614s16x14 Concert).

Debido a que hai diversidade de instrumentos de pequena percusión, tales como batedores, pratos, repostos de soportes, parches, e cousas de pequeno tamaño, sería interesante valorar a compra de un armario con caixóns ou cubículos para a súa clasificación e ordenación, de modo que estiveran sempre gardados e a disposición en caso de ser necesario, fomentando dese modo o coidado do material e a prolongación da súa vida útil.

6.8.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Tal e como se comentou no punto 1.1.3, como novidade para este curso o alumnado puido disfrutar de 2 horas semanais de clases de batería por parte do profesor David González. As clases organizáronse os luns de 16h a 17h, onde acudían un total de 2 alumnos, e os martes de 19h a 20h onde acudiron outros 6 alumnos organizados en quendas alternas. En total participou máis da quinta parte do departamento, e de non ser por incompatibilidade con horarios doutras materias no propio conservatorio ou nos institutos e colexios esta sería maior.

Por outra banda, e como de costume, o departamento de Percusión quixo estar



presente e colaborar tanto nas actividades organizadas e incluídas na PXA do presente curso académico, como con aquelas outras nas que solicitou a súa presenza, o que nos converte nun dos departamentos máis activos do centro, o cal xustifica a inversión que se poida facer na nosa mellora en canto a recursos materiais dos que non soamente disfrutamos nós, senón toda a comunidade educativa.

Concretando, ademais de participar nos tres períodos de audicións correspondentes, o alumnado de percusión participou nas seguintes actividades:

Participación no Concerto de Sta. Icíá do grupo de Música de Cámara.

Participación no Concerto de Entroido do grupo da materia de Conxunto.

Participación no Concerto do Día de Europa por parte do alumno Xoel Rivas.

Participación no Clube Enxeñar por parte do alumno Xián Pena, coordinado pola profesora Gloria Rodríguez.

Colaboración do alumno Hugo Viceiro coa materia de Coro da profesora Elvira Rodríguez nun concerto no xardín.

Colaboración do alumno Xián Pena coa materia de Orquestra do profesor Óscar Rodríguez nun concerto no exterior do conservatorio.

Colaboración do alumno Gabriel Fernández coa materia de Conxunto de chelos do profesor Óscar Rodríguez nun concerto no exterior do conservatorio.

Colaboración da alumna Sara Martínez en varias audicións acompañando alumnado da profesora Virginia Lis.



6.9 Departamento de Piano acompañante

6.9.1 Constitución do departamento, horas de adicación, datos do alumnado e ratios.

Segundo o reparto docente o departamento de piano acompañante quedou constituído por un total de 11 profesores:

Dna. Cecilia Blanco Formoso con 5 horas de adicación.

Dna. Berta Fresco Bello con 14 horas de adicación.

D. Gonzalo García García con 7 horas de adicación.

Dna. Mar Gómez Vieites con 20 horas de adicación.

D. Arabel Moráguez Garcell con 20 horas de adicación.

Dna. Sara Peral Hernández con 4 horas de adicación.

Dna. Alina Pociute con 10 horas de adicación das 17 asignadas.

D. David Vásconez Pueyo con 19 horas de adicación.

Dna. Blanca Vázquez Hermida con 13 horas de adicación.

D. Ángel Villafáfila Aparicio con 5 horas de adicación.

D. Jesús Moares Lameiro que fixo a media xornada de Dna. Alina Pociute con 7 horas de adicación.

O total de horas dispoñibles do departamento foi de 124'5 horas para o servizo de piano acompañante.

A asignación total de alumnos foi de 126 alumnos de G.E. e 224 alumnos de G.P. que fixeron un total de 350 alumnos, aínda que demos realmente servizo de acompañamento a 380 alumnos tendo en conta que a asignación de IMT, percusión e canto ten unha distribución fixa. No reparto por especialidades esta distribución foi a seguinte:

Departamento de corda: Violín 75 alumnos. Viola 18 alumnos. Violoncello 29



alumnos. Contrabaixo 12 alumnos.

Departamento de vento metal: Trompeta 24 alumnos. Trompa 19 alumnos.
Trombón 16 alumnos. Tuba 9 alumnos.

Departamento de vento madeira: Clarinete 41 alumnos. Frauta traveseira 27
alumnos. Óboe 15 alumnos. Fagot 11 alumnos. Saxofón 31 alumnos.

Departamento de música tradicional: 21 alumnos.

Departamento de percusión: 9 alumnos asignados a PA dos cursos de 3º, 4º, 5º
e 6º de grao profesional.

Departamento de canto: 23 alumnos.

A ratio tempo/alumno aprobada para os diferentes cursos foi a seguinte:

1º de grao elemental: 8 minutos por alumno.

2º de grao elemental: 10 minutos por alumno.

3º de grao elemental: 10 minutos por alumno.

4º de grao elemental: 20 minutos por alumno.

1º, 2º e 3º de grao profesional: 20 minutos por alumno.

4º, 5º e 6º de grao profesional: 30 minutos por alumno.

As especialidades de percusión e IMT tiveron unha asignación de 2 horas
respectivamente para todo o alumnado e a especialidade de canto 1 hora 40 min.
de PA + 9 horas de MC.

6.9.2 Obxectivos para o curso e aspectos de mellora.

Procédese neste apartado a enumerar todos **os obxectivos** relacionando estes
cos **aspectos de mellora** e incluíndo outros aspectos e propostas de mellora
non relacionados directamente cos obxectivos establecidos dentro do departa-
mento pero que implican tanto ao profesorado do departamento como ao centro
en xeral.



Dadas as circunstancias especiais dos pasados cursos 2019/20 e 2020/21 relacionadas coa pandemia e a baixa laboral dun curso completo desta xefatura de departamento, foi preciso retomar os obxectivos e propostas de mellora que non se tiñan levado a cabo.

Durante este curso 2021-2022 o departamento de piano acompañante estivo traballando intensamente na actualización e revisión das normas de departamento en base as 4 propostas que había, elaborando un borrador actualizado en función das necesidades do propio departamento así como das necesidades que impón o novo calendario académico, para someter a valoración e aprobación, se procede, de cara ao vindeiro curso académico 2022/23.

Ademais do xa mencionado, había outros antecedentes non menos importantes que motivaron esta revisión, como o feito de constatar unha certa desinformación ou descoñecemento por parte da comunidade educativa, incluídos os profesores que xa levan anos no centro, do funcionamento e normas do departamento incluídas no PEC pero que non teñen maior visibilidade. Xorden así as propostas de revisión das normas do departamento, a de darlle maior visibilidade, a de utilizar a corcheira do departamento que está dispoñible no centro así como a de mellorar a información ao profesorado e alumnado para unha xestión mellor e mais razoable do servizo, mellorando as informacións do departamento e comunicacións puntuais na corcheira destinada a tal fin.

O principal obxectivo foi agrupar as normas en apartados que clarificasen ben as principais cuestións que afectan ao departamento e que non fose un texto confuso e misturado.

Para darlle un formato máis claro e conciso separouse o texto por parágrafos para que fosen máis específicos e resultase máis visible, organizando o contido do mesmo en diferentes apartados que clarificasen as principais cuestións que afectan ao departamento como:

Normas para a realización de ensaios.



Audicións.

Repertorio e normas para a entrega de partituras.

Perda de avaliación continua e/ou probas extraordinarias.

Recitais de fin de grao.

Premios de fin de grao.

Probas de acceso ao grao profesional.

Actividades extraescolares e complementarias.

Este borrador foi acordado e aprobado de forma definitiva no departamento por unanimidade a excepción do punto nº9 (noveno parágrafo) do primeiro apartado "Normas para a realización de ensaios" que foi aprobado tras votación de 6 votos a favor e 4 abstencións.

As horas dispoñibles para o departamento, que contou con 124'5 horas para piano acompañante, tiveron unha diminución respecto aos dous cursos anteriores. É certo que unha das causas é que o centro viu reducida a súa matrícula e alumnado dun xeito considerable nestes dous últimos anos pero o dato que realmente é relevante de cara a facer unha valoración positiva ou negativa é o tempo dispoñible que este departamento ten para atender ao alumnado asignado e a ratio definitiva de atención a cada alumno por curso. Se ven se mellorara este aspecto no curso 2019/20, durante o curso 2020/21 houbo unha perda pouco significativa de tempo pero esta perda aumentou aínda mais neste curso, o cal supuxo unha diminución do tempo para atender ao alumnado deste departamento tendo que facer un novo reaxuste da ratio a baixa. Tras as diferentes opcións de reasignación de tempos para o presente curso e os criterios de reparto aprobados por consenso no departamento para someter a valoración, procedeuse do xeito menos prexudicial posible para o alumnado diminuindo a ratio nos cursos de primeiro e terceiro de grao elemental nuns 10 minutos no total.



A administración do centro engadiu os alumnos de piano acompañante asignados aos seus profesores pianistas acompañantes correspondentes en centros-net, o cal foi unha medida que axudou para que estes poidan ser avisados en caso de ausencia, aínda que sexa en bloque ao conxunto de alumnos, ao non ter estes unha hora fixa de clase.

O maior uso da corcheira do departamento para dar maior visibilidade as normas de funcionamento e diferentes cuestións que afectan a organización do noso departamento, así como a maior difusión das mesmas entre todos os profesores e alumnos era tamén un obxectivo a ter en conta .

En canto aos criterios de reparto de docencia, o propio reparto e o calendario de inicio de curso xorden diferentes cuestións, dificultades e necesidades do departamento de piano acompañante xa constatadas nos dous cursos anteriores pero as que aínda non se lles deu solución.

Parte destas dificultades van poder ser resolvidas co novo calendario académico xa que contaremos con datos de matrícula, segundo se confirmou, aproximadamente no día 10 de xullo, o cal permitirá facer un reparto de docencia real con datos reais, mellorando e evitando alongar as reunións e o proceso de reparto de forma innecesaria de cara ao vindeiro curso.

Para isto, ademais da importancia de que o calendario de inicio de curso se axuste a realidade e non so ao cumprimento dos prazos establecidos, o departamento precisa revisar os criterios de reparto e acordar unha nova fórmula que evite dúas cuestións que complican a xestión do noso traballo e outras cuestións a nivel organizativo como é o caso da continuidade profesor pianista acompañante coa/s especialidade/s que acompañamos sempre que así se desexe, así como a redución de pianistas acompañantes por especialidade e/ou titor de forma que organizativamente sexa mais eficiente.

Así mesmo é importante que a administración do centro proporcione ao departamento en tempo e forma os datos e documentos que sexan necesarios de cara



ao inicio de curso, para así proceder a organización do departamento dun xeito mais eficiente, de forma que haxa unha consonancia entre o que se solicita segundo o calendario e os datos dos que se dispoñen nunha data en concreto. No momento da redacción desta memoria, estes aspectos están a ser tratados pero aínda pendentes de revisión e valoración.

Mellora e regulación do piano do auditorio. Necesidade dunha partida especial para unha regulación adecuada e posta a punto do piano do auditorio. Non se trata da súa afinación unicamente, senón dunha avaliación das razóns polas que chegou ao estado actual e tomar as accións necesarias a levar a cabo por un técnico especialista para a súa correcta conservación e mantemento.

Melloría na afinación dos pianos. Tratado este asunto coa dirección e especialmente a secretaría para informar da situación e necesidades dos pianos, solicitouse un informe a esta xefatura no que se especificase cales eran esas necesidades. Tras o informe elaborado por todos os membros do departamento en canto a avaliación do estado dos pianos constátase que se descoñecen as causas pero que hai unha escasa durabilidade da afinación despois de levarse a cabo, así como tamén problemas de afinación especialmente nos rexistros agudos na maioría dos pianos.

Tras o debate suscitado, o departamento conclúe que o que precisan a maioría dos pianos é unha maior atención na afinación, precisando o piano do auditorio unha entoación e regulación do mecanismo. En calquera caso debería de ser o técnico especializado o encargado de diagnosticar estas necesidades en cuestión.

Creación e substitución paulatina do arquivo de partituras por un arquivo dixital.

Dixitalización e adquisición de equipos e novas tecnoloxías para un desenvolvemento da nosa labor acorde aos tempos actuais.

En canto ao material do departamento e as súas necesidades non está de mais lembrar o que parece unha utopía pero que debería de ser unha realidade como



a mellora de recursos como tablets, pedais pasa páxinas así como a xa mencionada dixitalización do arquivo de partituras de cara a actualizar os nosos recursos aos tempos que corren.

No caso de profesores que comparten docencia nos departamentos de tecla e piano acompañante, mais medidas que axuden a compaxinar ambas, especialmente na semana de audicións, tendo en conta o actual sistema organizativo das mesmas.

Continúa a haber preocupación pola organización do calendario de audicións e a organización das mesmas cando estas coinciden con horas lectivas de piano ou outras materias e a imposibilidade de recuperar esas clases en semanas de suma importancia, previas as propias audicións de piano e a sesión de avaliación. No momento de redacción desta memoria, estes aspectos están a ser tratados pero aínda pendentes de revisión e valoración para elaborar unha proposta firme de mellora do sistema de audicións e actividades do noso centro. O departamento está a traballar conxuntamente con outros departamentos para a elaboración e valoración das diferentes propostas, se ben, o aspecto xa votado maioritariamente na data actual foi o de establecer a semana de probas teóricas previa a semana de audicións separando no tempo ambas cuestións.

En canto as necesidades formativas do departamento, no documento deste curso consta a dixitalización dos arquivos de partituras e a inclusión das novas tecnoloxías no acompañamento pianístico así como o de estudo, ensaio, gravación e interpretación de repertorio, todas elas propostas formativas de cara ao vindeiro curso.

A reserva de ensaios online. Dentro das propostas de mellora do departamento contemplouse o sistema para a reserva de ensaios online que quedara pendente de someter a valoración o curso pasado para tratarse este ano e elevar a petición ao equipo directivo en caso de aprobarse. Enviouse o link da páxina, que en caso de aprobarse, debería de ter enlace desde a páxina web do centro <https://reser->



vaensayos.com podendo ver e valorar o seu funcionamento poñéndoo en práctica na DEMO. Tras someter esta cuestión a un longo debate no que os diferentes membros do departamento manifestaron a súa postura, así como os pros en contras deste sistema, someteuse a votación cun resultado de ningún voto a favor, dous votos en contra e cinco abstencións.

Así mesmo pasáronse a coordinadora da biblioteca varias peticións de compra de material bibliográfico para o departamento.

-Obxectivos acadados

Crear padróns e documentos de reparto excel que faciliten o complexo proceso de reparto deste departamento no inicio de curso.

Actualizar e revisar as normas do departamento.

Agrupar as normas do departamento en apartados que clarifiquen ben as principais cuestións que afectan ao departamento de forma que non fose un texto confuso e misturado.

Elaborar un decálogo de recomendacións para o departamento que complementen as normas do departamento.

Revisar os repertorios orientativos de cada programación didáctica para indicar as obras de maior dificultade, tanto a nivel pianístico como camerístico, establecendo as que deben de ser comunicadas no primeiro trimestre como data límite. No momento de redacción desta memoria, estase a traballar nesta cuestión.

Incluír aos alumnos de piano acompañante asignados aos seus profesores correspondentes en centros-net.



Comprar material bibliográfico para o departamento.

Poñer en común os relatorios levados a cabo no II Encontro Nacional de Pianistas Repertoristas celebrado o 13 de novembro de 2021 a *través de Gotomeeting*.

-Obxectivos non acadados

Darlle maior visibilidade as normas do departamento a través dunha maior difusión das mesmas entre todos os profesores e alumnos ao inicio de curso.

Utilizar a corcheira do departamento para mellorar as informacións do departamento e comunicacións puntuais no lugar destinado a tal fin.

Usar a corcheira do departamento para dar maior visibilidade as normas de funcionamento e diferentes cuestións que afectan a organización do noso departamento.

Mellorar a información ao profesorado e alumnado para unha xestión mellor e mais razoable do servizo.

Mellorar o número de horas dispoñibles para o departamento sen diminuír a ratio. Aínda que sexa un obxectivo e desexo do departamento este depende en grande medida da xestión do centro.

Revisar os criterios de reparto de docencia, o propio sistema de reparto e o calendario de inicio de curso así como as datas establecidas para a entrega de partituras.

Tratar de mellorar a continuidade pianista acompañante-especialidade diminuíndo o número de pianistas acompañantes por cada titor, tratando de que non haxa mais de un. Para isto é necesaria a revisión dos criterios de reparto de docencia e o propio sistema de reparto aprobado no departamento e xa contemplado no punto anterior. No momento de redacción desta memoria, estes aspectos aínda están a ser tratados.

Mellorar e evitar alongar as reunións e o proceso de reparto de docencia de



forma innecesaria no inicio de curso mellorando os puntos anteriores que contribuirán en grande medida a consecución deste.

Solicitar a administración os datos e documentos que sexan necesarios de cara ao inicio de curso en tempo e forma, para así proceder a organización e reparto no departamento dun xeito mais eficiente.

Mellorar o estado do piano do auditorio facendo unha regulación do mecanismo e entoación. Aínda que sexa un obxectivo e desexo do departamento este depende en grande medida da xestión do centro.

Mellorar a afinación e estado dos pianos. Ao igual que o anterior este depende en grande medida da xestión do centro.

Crear e substituir paulatinamente o arquivo de partituras por un arquivo dixital.

Dixitalizar e adquirir equipos e novas tecnoloxías necesarias para un desenvolvemento da nosa labor acorde aos tempos actuais.

Mellorar coa adquisición de recursos como tablets, pedais pasa páxinas así como a xa mencionada dixitalización do arquivo de partituras de cara a actualizar os nosos recursos.

Contemplar medidas organizativas que axuden a compaxinar a labor do pianista acompañante que ademais de acompañar imparte outras materias do departamento de tecla, especialmente nas semanas de audicións, tendo en conta o actual sistema organizativo das mesmas.

Revisar e elaborar unha proposta firme de mellora do sistema de audicións e actividades do noso centro. No momento de redacción desta memoria, este aspecto aínda está a ser tratado en conxunto con outros departamentos.

Levar adiante as necesidades formativas do departamento, entre as que se contemplan a dixitalización dos arquivos de partituras, a inclusión das novas tecnoloxías no acompañamento pianístico así como o de estudo, ensaio, gravación e interpretación de repertorio.



Unificar o tempo de adicación e ratios en función do alumnado, de forma que o servizo se convirta nunha actividade lectiva regulada e con garantías laborais acordes as restantes materias impartidas no conservatorio de forma que non dependa das diferentes casuísticas de cada curso, o cal obriga ao profesorado pianista acompañante a facer o mesmo traballo independentemente das circunstancias e da xestión que cada centro fai a hora de fixar o tempo asignado ao departamento. Aínda que este sexa un obxectivo e desexo do departamento, este depende en grande medida do valor e do tratamento que a consellería de educación da ao noso traballo, que debería de estar regulado do mesmo xeito en todos os centros dependentes desta consellería.

6.9.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

A retransmisión dos concertos en streaming. Debido a imposibilidade de realizar actividades con público ou o feito de convidar a persoas externas ao centro, considérase moi positiva esta ferramenta así como a implicación de todo o equipo que o fixo posible. Independentemente de que se normalice a situación e se levanten as restriccións da COVID penso que foi unha cuestión sumamente positiva e que debería de manterse de cara ao futuro.

6.9.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Exceso de burocracia que entorpece a calidade do que verdadeiramente importa que é o traballo e o bo facer na aula, a preparación das clases, no noso caso o estudo e traballo do repertorio, a formación do profesorado e a enerxía necesaria para programar actividades que motiven ao alumnado, para as cales o profesor debe de estar motivado e dispoñer de tempo suficiente. O traballo na aula é sumamente importante, pero non o son menos moitas outras actividades que un centro de ensino artístico debería de promover fóra da aula contribuíndo ao desenvolvemento de alumnos activos, educando e fuxindo do individualismo en prol da cooperación, conectándose coa contorna social, tan importante no ámbito



musical, para que o noso traballo non se cinga a unha mera instrución e abstracción na aula que pouco ten que ver coa realidade.

As tarefas burocráticas e o papeleo, que considero de moi pouca valía e utilidade, ao que hai que enfrontarse constantemente é excesivo e pre-xudica sen ningunha dúbida a atención do alumnado, ademais de xerar entre o profesorado con verdadeira vocación docente unha sensación de fatura, desilusión e frustración que tampouco favorece.

Os mecanismos de control sobre os equipos directivos e os profesores a través destas tarefas que en moitos casos supoñen a duplicidade de trámites e de comunicacións requiridas son sen dúbida excesivas e innecesarias baixo o meu punto de vista. Desde un punto de vista de calidade, non revierten en absoluto en calidade educativa si non en calidade administrativa, tarefa para a cal non debemos de estar destinados os docentes polo menos na maior parte do noso tempo. Para isto os centros tamén precisan de persoal administrativo suficiente.

Os problemas e dificultades de conectividade no centro dificultan a realización de tarefas en horas de permanencia destinadas para iso, así como tamén a falta de espazos para o profesorado e xefes de departamento, de forma que resulta francamente difícil aproveitar o tempo dispoñible e de orbigado cumprimento no centro dispoñendo dos recursos necesarios para devandito aproveitamento.

A falta de público en concertos e audicións supuxo un duro revés nunha das cuestións fundamentais a traballar en cada unha das especialidades impartidas no noso ámbito. A música é unha arte escénica, polo que penso que urxen medidas neste sentido ante a desmotivación xeneralizada e o peor rendemento do alumnado.

Maior apertura, compromiso e receptividade ante propostas de cambio necesarias, xa sexan de innovación educativa como de procura e incorporación de novas estratexias e prácticas que transformen as prácticas docentes e os protocolos establecidos en función das necesidades que se presentan, creando novas



prácticas e estratexias que melloren o ensino por parte dos docentes, e polo tanto, que melloren o proceso de aprendizaxe do alumnado ante a detección de diferentes problemas, como poden ser a falta de alumnado e descenso de matrículas, a desmotivación do alumnado, os peores resultados académicos, adaptándonos ás novas realidades que as novas xeracións están vivenciando e das que non debemos de estar ao marxe como meros observadores.

Mellorar o estado de afinación e mantemento dos pianos. Xa se tiña reflectido na memoria do curso 2019/20. Descoñezo os motivos pero é obvia a escasa durabilidade da afinación dos pianos logo de levarse a cabo a súa afinación así como o mal estado de afinación xeneralizado de todos os pianos especialmente nos rexistros agudos.

Necesidade dunha partida especial para unha regulación adecuada e posta a punto do piano do auditorio. Non se trata da súa afinación só, senón dunha avaliación das razóns polas que chegou ao estado actual e tomar as accións necesarias a levar a cabo por un técnico especialista para a súa correcta conservación e mantemento.

Integrar en maior medida o Conservatorio na cidade de Vigo de forma que teña unha participación activa na cidade con espírito de participación e proximidade cos cidadáns. Penso que esta cuestión seguramente repercutiría positivamente na demanda e o número de alumnado, ademais dun maior número de actividades que motivasen ao noso alumnado, tanto no ámbito académico como no aspecto social, tan necesario para contribuír no desenvolvemento e a motivación do noso alumnado. Penso que esta complicidade coa contorna social e xeográfica debería de ser un aceno de identidade dun centro musical como o noso.

6.9.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

A función principal deste departamento está enfocada ao acompañamento de todos os alumnos do centro nas diferentes actividades escénicas, nas audicións trimestrais ou todas aquelas levadas a cabo polos diferentes profesores titores



das distintas especialidades, así como calquera outra actividade escénica, concertos, concursos...previamente pactados cos respectivos pianistas acompañantes.

A continuación detállase a groso modo o calendario de audicións programadas:

CALENDARIO DEFINITIVO DE AUDIÇÕES DE GRAO PROFESIONAL
1º TRIMESTRE – CURSO 2021/2022

Novembro 2021					
horas	Luns 15	Martes 16	Mércores 17	Xoves 18	Venres 19
15:00-16:00	Saxofón	Tuba/Bombardino	Violin	Piano	
16:00-17:00	Saxofón	Tuba/Bombardino	Violin	Gaita	Óboe
17:00-18:00	Clarinete	Fagot	Piano	Contrabaixo	Conxunto
18:00-19:00	Piano	Guitarra	Piano	Violoncello	Conxunto
19:00-20:00	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas
20:00-21:00	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas
21:00-22:00	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas
Novembro 2021					
horas	Luns 22	Martes 23	Mércores 24	Xoves 25	Venres 26
15:00-16:00	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas
16:00-17:00	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas
17:00-18:00	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas
18:00-19:00	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas	Probas teóricas
19:00-20:00	Piano	Percusión			Acordeón
20:00-21:00	Conxunto	Percusión	Banda/Orquestra	Banda/Orquestra	
21:00-22:00	Clarinete	Trompeta			Violin

Calendario definitivo de audicións do Grao Profesional

2º TRIMESTRE - Curso 2021/2022



Febreiro 2022					
horas			Mércores 16	Xoves 17	Venres 18
15:00-16:00				Piano	Piano
16:00-17:00			Clarinete	Piano	Violoncello
17:00-18:00			Conxunto	Guitarra	Fagot
18:00-19:00			Banda/Orquestra	Banda/Orquestra	Saxofón
19:00-20:00			P. Teóricas	P. Teóricas	P. Teóricas
20:00-21:00			P. Teóricas	P. Teóricas	P. Teóricas
21:00-22:00			P. Teóricas	P. Teóricas	P. Teóricas
Febreiro 2022					
horas	Luns 21	Martes 22	Mércores 23	Xoves 24	Venres 25
15:00-16:00	Gaita	Violin		Violin	Conxunto
16:00-17:00	Gaita	Violin	P. Teóricas	P. Teóricas	P. Teóricas
17:00-18:00	Percusión	Trompeta	P. Teóricas	P. Teóricas	P. Teóricas
18:00-19:00	Percusión	Piano	P. Teóricas	P. Teóricas	P. Teóricas
19:00-20:00	P. Teóricas	P. Teóricas	Banda/Orquestra	Banda/Orquestra	Acordeón
20:00-21:00	P. Teóricas	P. Teóricas	Banda/Orquestra	Banda/Orquestra	Trompa
21:00-22:00	P. Teóricas	P. Teóricas	Banda/Orquestra	Banda/Orquestra	Piano
Febreiro/Marzo 2022					
horas	Luns 28	Martes 1	Mércores 2	Xoves 3	Venres 4
15:00-16:00				Saxofón	Violin
16:00-17:00				P. Teóricas	P. Teóricas
17:00-18:00				P. Teóricas	P. Teóricas
18:00-19:00				P. Teóricas	P. Teóricas
19:00-20:00				Banda/Orquestra	Conxunto
20:00-21:00				Banda/Orquestra	Conxunto
21:00-22:00				Banda/Orquestra	



CALENDARIO DEFINITIVO DE AUDICIÓNS DE GRAO PROFESIONAL

3º TRIMESTRE – CURSO 2021/2022

ABRIL 2022					
horas	Luns 25	Martes 26	Mércores 27	Xoves 28	Venres 29
15:00-16:00	Oboe	Contrabaixo	Gaita	Piano	Tuba-Trompa
16:00-17:00	Clarinete	Violín	Gaita	Guitarra	Tba-Tpa- Bbno- Tpta
17:00-18:00	Clarinete	Piano	Trombón	Guitarra	Tba-Tpa- Bbno- Tpta
18:00-19:00	Violoncello	Piano	Banda/Orquestra	Banda/Orquestra	Piano
19:00-20:00	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas
20:00-21:00	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas
21:00-22:00	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas
MAIO 2022					
horas	Luns 2	Martes 3	Mércores 4	Xoves 5	Venres 6
15:00-16:00	Canto	Tuba-Trompa	Violín	Probos teóricas	Probos teóricas
16:00-17:00	Canto	Violín	Piano	Probos teóricas	Probos teóricas
17:00-18:00	Piano	Violín	Conxunto	Probos teóricas	Probos teóricas
18:00-19:00	Piano	Gaita	Banda/Orquestra	Banda/Orquestra	Probos teóricas
19:00-20:00	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas	Banda/Orquestra	Acordeón
20:00-21:00	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas	Banda/Orquestra	Clarinete
21:00-22:00	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas	Banda/Orquestra	Fagot
MAIO 2022					
horas	Luns 9	Martes 10	Mércores 11	Xoves 12	Venres 13
15:00-16:00	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas
16:00-17:00	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas
17:00-18:00	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas	Probos teóricas
18:00-19:00	Probos teóricas	Probos teóricas	Banda/Orquestra	Banda/Orquestra	Probos teóricas
19:00-20:00	Conxunto	Percusión	Banda/Orquestra	Banda/Orquestra	Saxofón
20:00-21:00	Conxunto	Percusión	Banda/Orquestra	Banda/Orquestra	Saxofón
21:00-22:00	Conxunto	Percusión	Banda/Orquestra	Banda/Orquestra	Violoncello

6.9.6 Valoracións e achegas persoais dos diferentes membros do departamento.

6.9.6.1 Datos de Dna. Berta Fresco Bello

Dna. Berta Fresco Bello non sinala ningunha incidencia especial que precise de atención. Comenta que organizou o seu horario de acompañamento con horas fixas trimestrais de ensaios alternos cada 15 días e que isto lle dou un bo resultado organizativamente, de forma que os alumnos teñen unha hora fixa de ensaio e afrontan as audicións dentro das franxas horarias establecidas cumprindo co mínimo de ensaios sobradamente.

Sinala que a data de entrega de partituras do segundo trimestre foi tarde e que se poderían revisar as datas de cara ao calendario do próximo curso, feito co que coincide todo o departamento.

-Obxectivos non acadados



Nalgúns poucos casos, algúns alumnos non fixeron os ensaios mínimos requiridos para poder tocar na audición.

Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Dadas as circunstancias tanto de falta de espazo do centro, o protocolo sanitario e as dificultades que iso conleva, a baixada de matriculacións etc, baixo a miña opinión o funcionamento xeral do centro é óptimo.

Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

No primeiro e segundo trimestre, o profesor de violín Marcos Escobar fixo unha clase de grupo na aula c16 en horario de xoves ás 19.00h. Esta clase está consensuada e organizada xunto conmigo.

6.9.6.2 Datos de D. Gonzalo García García

D. Gonzalo García García concorda plenamente coa valoración de D. David Vászenez Pueyo sinalando que grazas a que moitos dos seus alumnos de 6º de grao profesional asignados non solicitaron ensaios este curso, permitiulle dar unha atención mais coidadosa a os poucos alumnos que cumpriron cos obxectivos, podendo atender así repertorios programados de gran extensión, como os sete movementos da Suite orquestral nº2 de Bach, os seis movementos da Serenata en re maior de Beethoven, os catro movementos da Suite de Widor, e concertos de considerable extensión que se solicitan completos. Obras de considerable dificultade e duración que en moitos casos non se poderían atender nos 20 ou 30 minutos de ensaio dispoñibles e moito menos se todos os alumnos estivesen a ensaiar e solicitasen o servizo do xeito desexado dunha forma regular. Nas catro especialidades que acompaña non hai ningunha excepción e os casos que cumpren os mínimos son case simbólicos, sendo o rendemento e nivel do alumnado de forma xeral moi escaso, o cal dificulta enormemente os acompañamentos e o tempo de ensaio.



Debido a todo o referido, a maioría das audicións desenvolvéronse fora dos períodos asignados para as mesmas, de forma tardía, cando a maioría puideron cumprir cos mínimos para tocar, montándose normalmente nas datas do seguinte período trimestral e mesmo fora do período lectivo por falta de tempo.

Déronse casos puntuais pero graves de incumprimento das normas do departamento, tanto na reserva de ensaios como nos ensaios mínimos para ir a audición comentando a maioría dos titores estar a ter problemas para que co calendario vixente os alumnos teñan as obras en tempo e forma.

Dadas todas estas circunstancias, e especialmente o feito de que moitos alumnos non ensaiaron durante o curso, foi preciso ter en conta algo que non estaba contemplado nas nosas normas de departamento, que é o feito de por límite ao traballo de reforzo que se pode levar a cabo pola nosa parte fora do período lectivo e de cara as probas extraordinarias de xuño, pois si todos estes alumnos de 6º solicitasen tocar todas as obras que non foron traballadas durante o curso non sería viable.

6.9.6.3 Datos de Dna. Sara Peral Hernández

Dna. Sara Peral Hernández non sinala ningunha incidencia especial na organización e desenvolvemento académico valorando positivamente a implicación dá maior parte do seu alumnado á hora de pedir ensaios, o cumprimento dos ensaios mínimos (incluso facendo moitos máis o alumnado implicado e con interese que acudiu case todas as semanas a ensaiar). Tamén valora positivamente a boa e fluída comunicación coas titoras do alumnado que acompaña e o cumprimento dos prazos.

-Obxectivos non acadados

Pese ás circunstancias excepcionais do presente curso no que respecta ás medidas e aos protocolos COVID que, entre outras cuestións, limitaron os tempos dispoñibles de ensaios debido aos tempos de ventilación, cumpríronse cos obxectivos. Non só foi posible realizar os ensaios e audicións mínimas, senón que,



mesmo, puidéronse facer máis ensaios cos estudantes que mostraron máis interese en solicitalos e participei nun concerto do centro ademais das audicións habituais trimestrais.

Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Valórase moi positivamente a organización e planificación do centro a tódolos niveis: planificación do calencario escolar, reunións, datas das avaliacións, organización das audicións... Resulta moi positivo coñecer con antelación toda a planificación xeral e os diferentes prazos.

Destacar tamén positivamente a transparencia e a información. En todo momento o equipo directivo traslada ao profesorado todas as cuestións relacionadas co centro e a actividade lectiva. É unha constante e unha característica que merece mención.

Tamén é destacable a dispoñibilidade do equipo directivo para atender as dúbidas e cuestións que xorden durante o curso.

Así mesmo, considero moi positivo para o funcionamento do centro que o conservatorio forme parte do sistema de calidade. Teño traballado noutros centros nos que isto non existía, coido que pertencer a este sistema estimula levar ao día os documentos do traballo docente e permite a actualización e mellora da nosa labor.

Salientar tamén o traballo do Equipo COVID nestes cursos tan atípicos polas circunstancias sanitarias, elaborando o protocolo COVID e adoptando as diferentes adaptacións aos cambios acontecidos durante todo o curso.

Neste senso, nun ano no que, polas medidas COVID vixentes non foi posible a realización de actividades con público externo ao centro, considero que foi moi positivo que os concertos do centro foran retransmitidos en *streaming*. É unha medida que, dentro das limitacións imperantes, permitiu acercar á nosa actividade ás familias e que, á vista da experiencia, foi moi motivadora para o alumnado participante.



Doutra banda, valoro ter á nosa disposición unha Aula Virtual. Aínda que este curso finalmente non fora necesaria para impartir docencia telemática, é unha ferramenta moi útil que, persoalmente, utilicei moito para a comunicación co alumnado de Pianista Acompañante (ten a opción de mensaxería instantánea a través da súa app).

No que respecta ao Departamento de PA, creo que funciona adecuadamente. Considero moi positivo ter planificados con antelación os prazos para que os titores informen do repertorio a traballar cada trimestre e o seu escrupuloso cumprimento por parte de todos. No meu caso, as titoras coas que traballei foron respectuosas cos prazos e a comunicación con elas foi fluída (aspecto de vital importancia de cara a unha boa coordinación), o que resulta moi positivo para a organización dos ensaios. Ademais, agradezo que me avisaran con antelación das datas das audicións e mesmo propuxeran diferentes opcións, o que me permitiu poder organizarme mellor nas ocasións nas que me coincidiu con clases na mesma franxa horaria.

Por último, gustaríame salientar a oportunidade que tiveron de realizar unha mobilidade no marco do proxecto Erasmus+ “Música Sen Fronteiras” do Conservatorio. Puiden visitar durante unha semana o Conservatorio de Cuneo (Italia), tempo no que, entre outras cuestións, asistín a diferentes clases e audicións, tiveron reunións con profesorado e con persoal de xestión e, no que respecta á miña faceta como pianista acompañante, puiden coñecer como funciona este sistema nese centro. Neste caso, debo dicir que a experiencia fíxome valorar aínda máis se cabe o bo funcionamento do noso servizo e as boas condicións nas que como profesores pianistas acompañantes traballamos. O centro visitado, un Conservatorio Superior de Música, só tiña dous pianistas acompañantes que non formaban parte do cadro de profesorado “oficial” do centro, de ahí que ás súas condicións laborais foran máis precarias que ás dos seus compañeiros, sen mencionar a enorme carga de traballo de acompañamento á que tiñan que facer fronte.



Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Pese a que non é unha cuestión que dependa da organización do centro, gustárame comentar que a modificación no presente curso do calendario escolar no que respecta ás das datas das avaliacións ordinaria e extraordinaria fixeron que este ano se visen reducidas as semanas de clase e que algúns trimestres foran especialmente curtos (como o caso do primeiro trimestre). Isto fixo que moito alumnado tivera problemas para coller o ritmo (o primeiro trimestre especialmente), moitos case non tiveron marxe de facer os ensaios para as primeiras audicións... Doutra banda, nunhas ensinanzas como as nosas, que supoñen un esforzo engadido ao noso alumnado para compaxinar os seus estudos obrigatorios (e postobrigatorios) co conservatorio, eliminar de setembro a avaliación extraordinaria e adiantala a xuño (unhas poucas semanas máis tarde da ordinaria) é unha traba máis para eles, que perden o poder ter os meses de verán para traballar as materias que non podan levar ao día durante o curso.

Doutra banda, as medidas de ventilación do protocolo COVID tamén notáronse nos ensaios de PA, pois quedaron máis reducidos. Unha medida de mellora para aproveitar mellor os tempos de ensaio reais dos que dispoñemos podería ser adaptar o repertorio (por exemplo, traballar un tempo das sonatas ou concertos en lugar de completos) ou non programar obras con piano tódolos trimestres para todo o alumnado, programar algunha peza para instrumento solo cada trimestre, de tal xeito que o resto do alumnado poda ter ensaios máis longos.

Se a situación sanitaria mellorara e actualizaran o protocolo COVID da Xunta á situación actual (na que practicamente retomouse a normalidade fora do ámbito escolar), sería moi positivo poder retomar as audicións con público, así como outras actividades interesantes como concertos de músicos do centro e de fora do mesmo, cursos con profesores convidados ou charlas. Deste modo, melloraría a motivación do alumnado e á súa implicación no conservatorio.

Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento



O presente curso participei acompañando as diferentes audicións do alumnado das profesoras ás que acompañe (Virginia Lis e Edita Shulman). No primeiro trimestre, houbo dúas audicións de clarinete (15 de novembro de 2021 ás 17.00h e 24 de novembro de 2021 ás 17.00h) e unha de violín (17 de novembro de 2021 de 15.30 a 17.00h).

No segundo trimestre, toquei nas dúas audicións de clarinete (21 e 24 de febreiro de 2022 ás 19.00h e 16.00 horas respectivamente). A de violín foi un pouco máis tarde da segunda avaliación, o 22 de marzo de 2022 ás 18.00h.

No terceiro trimestre, acompañei en tres audicións de clarinete (9 de maio de 2022 ás 16.00h e 11 de maio de 2022 ás 16.00h e ás 17.00h) máis unha audición de violín (18 de maio de 2022 ás 18.00h).

Ademais, toquei xunto cun alumno de clarinete no Concerto do Día de Europa, retransmitido en *streaming* como actividade do centro, o 9 de maio de 2022 ás 17.30h.

6.9.6.4 Datos de D. Alina Pociute

Dna. Alina Pociute non sinala ningunha incidencia especial na organización e desenvolvemento académico.

6.9.6.5 Datos de D. Yury A. Popov

D. Yury A. Popov tampouco sinala ningunha incidencia especial na organización e desenvolvemento académico.

6.9.6.6 Datos de D. Ángel Villafáfila Aparicio

D. Ángel Villafáfila Aparicio sinala que houbo unha boa comunicación con todos os titores de forma xeral pero que tamén, en prexuízo do traballo do pianista, hai en moitos casos unha mala planificación e falta de programación, entregando obras de gran dificultade pianística, sen previsión do traballo que conleva preparalas de cara a poder comezar os ensaios, contando con apenas un mes desde



as datas de entrega, feito que debe de ser tido en conta para poder dar un servizo de calidade cando se trata de repertorio de gran dificultade.

6.9.6.7 Datos de D. David Vázquez Pueyo

D. David Vázquez Pueyo sinala que desde o comezo da pandemia ven notando un descenso enorme do nivel do alumnado que de forma xeral chega aos ensaios coa obra mal preparada e tentando calcular o mínimo de ensaios no último momento para as audicións, o cal repercute enormemente na calidade do traballo e por conseguinte no resultado acadado nas audicións.

Tamén comenta que debido ao calendario está a ter audicións fora do período lectivo e/ou das franxas establecidas para as mesmas.

6.9.6.8 Datos de Dna. Blanca Vázquez Hermida

Dna. Blanca Vázquez Hermida comenta que levou a cabo o mesmo sistema de ensaios fixos alternos cada 15 días e que isto tamén lle dou un bo resultado organizativamente sen incidencias que resaltar tanto en audicións como en cumprimento dos mínimos.

Os alumnos que acompañou neste curso das materias de canto, viola e violín cumpriron cos obxectivos de facer 3 audicións ao longo do curso.

No caso da materia de canto se fixeron audicións extra nos días 30 de novembro, 7 e 11 de marzo e 1 de abril. Juanjo Rodal e Miriam Figueirido participaron tamén no concerto de Santa Icíá o 29 de novembro. O recital da alumna de 6º GP Iria Ramos terá lugar o día 12 de maio ás 13h. O día 16 de maio se levará a cabo o concerto das letras galegas, onde participará tamén o alumnado desta materia.

A derradeira audición de violín será o 18 de maio.

Os ensaios se realizaron con normalidade, pero o feito de que os trimestres fosen máis curtos este ano fixo que non houberse tempo suficiente para traballar algunhas obras de maneira minuciosa.



Pola súa parte gustaríalle plantexar que non ve ningunha ventaxa na eliminación dos exames de setembro. A coincidencia dos exames de xuño no conservatorio cos dos centros escolares impídelle ao alumnado poder centrarse nunha disciplina en concreto e non lles facilita presentarse con seguridade.



6.10 Departamento de Tecla

6.10.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

276 alumnos

-Alumnado por materia

Piano: 118

Conxunto: 37

Piano complementario: 158

6.10.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Cumprir con todos os requisitos da programación, especialmente no referido ao repertorio e número mínimo de obras que ha de traballar o alumnado, así como coa participación de todo o alumnado do departamento nalgunhas das audicións trimestrais organizadas polo centro e tamén en audicións de aula. Por outra banda, os alumnos de 2º, 4º e 6º de Grao Profesional de piano participaron en audicións específicas (probos de nivel) para avaliar a calidade do traballo realizado e as súas aptitudes para afrontar o curso seguinte. Todo isto tradúcese nunha homoxeneidade de actuación e, o que é máis importante, na procura dunha homoxeneización de criterios. O diálogo, ó tratarse de audicións en conxunto, é moi produtivo e interesante entre os profesores. Nestas diferentes audicións podemos contrastar o nivel entre os alumnos do mesmo curso e de diferentes profesores. E para o alumnado supón a posta en escena do seu traballo e a comparación positiva deste con respecto ós seus compañeiros.



Falar do alumnado segundo as programacións en cada reunión de departamento. Elaborábase unha lista que era enviada á Comisión de Coordinación Pedagóxica mensualmente.

Participación do alumnado en actividades complementarias ou extraordinarias.

Consecución dos obxectivos específicos dá Programación pero sempre adaptándoos ás circunstancias específicas de cada alumno/a respectando o seu desenvolvemento, se se vai a dedicar ou non ao instrumento de maneira profesional, se vai estudar outra especialidade no grao superior ou se vai estudar outra carreira, etcétera. Está claro que, o traballo do profesorado sempre é programar un repertorio segundo as necesidades do alumnado.

Na reunión da CCP 27/10 comentouse que, baixou a cociente de alumnos e moitas poden ser as variables: quizais pola pandemia, polo incremento das mortes en detrimento dos nacementos, a apertura doutros centros en concellos que ofrecen o título profesional, etcétera. A partir de aquí, é importante que hai que coidar ao alumnado e non todos teñen que dedicarse de maneira profesional. O conservatorio é un servizo público, e o estudo da música ou facela é consubstancial ao ser humano, xera uns beneficios indiscutibles a nivel cerebral (os benditos praceres dos opióides endóxenos). *“... El estudio de la música es un derecho y no un derecho reservado para unos pocos individuos dotados de un talento “especial”. Por eso, se debe considerar la etapa de educación musical previa al nivel superior como muy valiosa para los músicos “aficionados” (Miren A. Zubeldia Echebarría).*

Primeira fase da revisión do repertorio orientativo da programación de Piano. O departamento ordena alfabeticamente o repertorio ademais de engadir, en especial, novo repertorio didáctico / pedagóxico de compositores e compositoras actuais. Deste xeito, achegámonos a estándares de repertorios máis propios de países con maior tradición pianística / musical. O departamento busca estar á última en todo o relacionado co piano agregando dous novos recursos TIC:



1. The piano education website of Andrew Eales: <https://pianodao.com/>

Páxina especializada, en xeral, en mostrar novas metodoloxías, novas composicións pedagóxicas e un longo etcétera.

2. The University of Iowa Piano Pedagogy Project (UIPianoPed) en Youtube: <https://www.youtube.com/user/UIPianoPed>

Canle de piano da Universidade de Iowa. Os Dres. Huckleberry e Sifford decidiron embarcarse nun gran proxecto para proporcionar a toda a comunidade pedagóxica do piano unha base de datos de vídeos (aproximadamente 9000 gravacións) que garantise o nivel máis alto nivel posible de calidade pianística. Deste xeito, mellorarase a experiencia do alumnado co piano. Shinichi Suzuki esixía aos seus alumnos que escoitasen gravacións dos grandes violinistas da súa época. Incluso máis aló do impacto pedagóxico directo da música, cría no valor máis profundo da música de calidade: *“Quero facer bos cidadáns. Se un neno escoita boa música dende o día do seu nacemento e aprende a tocala por si mesmo, desenvolverá sensibilidade, disciplina e resistencia”*.

D. Jorge Abreu Seoane.

Desenvolver, mediante a interpretación do programa, aspectos técnicos e interpretativos relativos ó nivel correspondente do alumnado

Dna. Berta Fresco Bello.

Todos.

Dna. Rasa Biveiniene Jakutite.

Todos os obxectivos acadados: desenvolvemento musical e técnico, lectura a vista, cumprimento da participación en audicións.

Dna. Carmen Carreiras Pita.



Todos, porque os seis alumnos/as que tiven cumpriron adecuadamente os obxectivos da programación de piano para os seus respectivos cursos.

D. Gonzalo García García.

Equilibrar os niveis dispares entre algúns dos meus novos alumnos e o curso que comezaban, algúns deles cun nivel ou habilidades moi por debaixo do desexado e pouco acordes ao curso que se dispoñían a comezar.

Sen dúbida nesta cuestión debo de sinalar tamén o compromiso do meu alumnado na consecución dos obxectivos.

Concienciar as familias dos meus alumnos da importancia de contar cun instrumento acústico.

Dna. Débora González Álbóres.

Os obxectivos expresados na programación do centro acadáronse satisfactoriamente en termos xerais, para os alumnos aprobados. O alumnado partía de características e habilidades dispares, o que fixo que non todos acadaran o mesmo nivel en cada curso e facetas da materia.

D. Daniel Pereira González.

O alumnado completou, en termos xerais, a lectura, traballo e interpretación do repertorio do programa satisfactoriamente. Nalgúns casos, a evolución foi considerable tanto no ámbito musical como no técnico e interpretativo.

Dna. Yolanda Represas Carrera.

Os marcados na Programación.

-Obxectivos non acadados

Os alumnos non puideron interpretar repertorio a 4 mans debido á pandemia, tivo que ser a dous pianos para que houbo un distanciamento suficiente e así evitar posibles infeccións. Interpretar a 4 mans (a formación mais complexa do



instrumento) require de dúas persoas tocando xuntas en perfecta sincronía chegando a simbiose.

D. Jorge Abreu Seoane.

Perfeccionar a un nivel moito maior aspectos interpretativos das obras, debido á escaseza de tempo no horario lectivo, tanto do curso coma semanal diminuído pola obriga da ventilación da aula.

Dna. Berta Fresco Bello.

Ningún. Por mor das condicións hixiénico-sanitarias sobrevenidas polo COVID-19, non se pudo facer audicións públicas, con entrada ao auditorio de pais e nais.

Dna. Carmen Carreiras Pita.

Ningún.

Dna. Gonzalo García García.

Que todos os meus alumnos dispoñan dun piano acústico para estudar. Se ven penso que conciencie e transmitín o meu criterio ao respecto a todos os meus alumnos e as súas familias, por diferentes circunstancias, a pesar de ser conscientes deste feito, non todos teñen acceso a un piano acústico. Penso que un instrumento ten que estar vivo e ser acústico. Para estudar música tense que estudar o son. A música é unha arte que se basea na interpretación do son e só se pode atopar o son propio e a cor propia usando un instrumento vivo. Aprender a escoitar, educar o oído e dominar o son é un dos obxectivos primordiais na nosa formación como músicos. Ademais polos anos de experiencia teño constatado que o desenvolvemento muscular dos alumnos de piano non é o mesmo entre aqueles que dispoñen dun piano acústico e un piano eléctrico, podendo utilizar estes últimos para determinadas tarefas pero en ningún caso substituír a un piano de verdade.



Que os profesores podamos realizar audicións cos nosos alumnos de grao elemental e profesional conxuntas sen separar ao alumnado de ambos graos en días diferentes. Considero fundamental modificar este aspecto que considero erróneo no noso departamento ante a posibilidade de que os máis novos teñan referencias, motívense e se eduquen coa escóita dos máis avanzados.

Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música e co centro mellorando a motivación do alumnado. Sen dúbida as circunstancias e estrictos protocolos da COVID supuxeron un importante contratempo para poder levar a cabo este tipo de vivencias pero penso que o departamento de tecla e o propio centro debe de ser consciente deste feito e promover este tipo de actividades en maior medida.

Dna. Débora González Alborés.

Houbo dous alumnos que non acadaron os obxectivos: deixaron de asistir, perderon a avaliación continua e non se presentaron ás recuperacións.

Destaco expresamente tres feitos que dificultaron o transcurso axeitado do curso, mesmo para os alumnos que superaron a materia: o calendario escolar con avaliacións demasiado cedo, as festividades (que case sempre coincidiron entre os luns e os mércores) e as faltas de asistencia por contaxio dos alumnos.

Estes factores incidiron negativamente na calidade do servizo. Provocaron présa, perda de continuidade e limitaron o proceso e seguimento da aprendizaxe. En moitas ocasións foi preciso poñer tarefas, intercambiar gravacións e clarear dúbidas por correo electrónico para compensar estes inconvenientes.

Dna. Sara Peral Hernández.

Pese ás circunstancias excepcionais do presente curso no que respecta ás medidas e aos protocolos COVID que, entre outras cuestións, limitaron os tempos de clase debido aos tempos de ventilación, e pese ás modificacións deste ano do calendario escolar como consecuencia das modificacións da avaliación extraordinaria, cumpríronse en términos xerais cos obxectivos.



Unicamente tiven un alumno de 1º GP que non acadou os obxectivos da programación do seu curso na avaliación ordinaria. É un alumno máis maior que está a estudar ao mesmo tempo bacharelato. Compaxinar estes estudos co conservatorio non é xincelo e non dispón de moito tempo para estudar a miña materia. De feito, lamentablemente, o máis probable é que deixe o conservatorio.

D. Daniel Pereira González.

A lectura a primeira vista é un aspecto da Programación Didáctica que, no caso dos meus alumnos, ten que mellorar considerablemente, tanto no aspecto rítmico, como de de claves e armónico. Por outra banda, a memorización é tamén un aspecto a mellorar, especialmente porque os alumnos frecuentemente non dispoñen dos coñecementos armónicos necesarios para facer unha memorización consciente e non so mecánica. No aspecto das ferramentas de estudio e aprendizaxe individual, o alumnado mostra dificultades para optimizar o tempo de estudo con mecanismos eficientes.

Dna. Yolanda Represas Carrera.

Os alumnos de piano deberían traballar para mellorar o exercicio da memoria. Cumpriron co mínimo esixible na Programación de número de obras de memoria, pero surxen bastantes dificultades no proceso. Observo unha falta de comprensión analítica mínima que axude no proceso.

6.10.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

D. Emilio Álvarez Cid.

A amabilidade y bo trato das administrativas do centro, do servizo de conserxería e do servizo de limpeza. Tamén, e moi en particular, a cordialidade e ecuanimidade no trato cos seus compañeiros por parte do Xefe de Dpto de Tecla, Jesús Pardal.

Dna. Berta Fresco Bello.

Como norma xeral e baixo a miña opinión o funcionamento xeral do centro é



impecable.

D. Carmen Carreiras Pita.

Todos.

D. Mauro Abel Dueñas Roca.

Nada destacable que sinalar. O centro funciona correctamente, hai comunicación entre o profesorado das distintas materias, comunicación fluida

Gonzalo García García.

A retransmisión dos concertos en *streaming*. Debido a imposibilidade de realizar actividades con público ou o feito de convidar a persoas externas ao centro, considero moi positiva esta ferramenta así como a implicación de todo o equipo que o fixo posible. Independentemente de que se normalice a situación e se levanten as restriccións da COVID penso que debería de manterse de cara ao futuro.

D. Mainer Ordozgoiti Egaña.

Talante dialogante e respetuoso por parte dos membros do departamento.

En xeral, bo labor organizativo por parte do equipo directivo.

D. Jesús Ernesto Pardal Sicilia.

Destacar a gran capacidade organizativa do equipo directivo nun curso tan complexo, principalmente debido a que a administración decidiu trasladar os exames de setembro a xuño. A isto, sumamos todas as vicisitudes derivadas da pandemia resaltando o labor do equipo COVID.

Realzar o bo diálogo entre os membros do departamento na toma de decisións, en novas propostas de diversa índole. O clima foi totalmente satisfactorio.

Dna. Sara Peral Hernández.

Valórase moi positivamente a organización e planificación do centro a tódolos niveis: planificación do calendario escolar, reunións, datas das avaliacións, organización das audicións... Resulta moi positivo coñecer con antelación toda a



planificación xeral e os diferentes prazos.

Destacar tamén positivamente a transparencia e a información. En todo momento o equipo directivo traslada ao profesorado todas as cuestións relacionadas co centro e a actividade lectiva. É unha constante e unha característica que merece mención.

Tamén é destacable a dispoñibilidade do equipo directivo para atender as dudas e cuestións que xorden durante o curso.

Asimesmo, considero moi positivo para o funcionamento do centro que o conservatorio forme parte do sistema de calidade. Teño traballado noutros centros nos que isto non existía e coido que pertencer a este sistema estimula levar ao día os documentos do traballo docente e permite a actualización e mellora da nosa labor.

Salientar tamén o traballo do Equipo COVID nestes cursos tan atípicos polas circunstancias sanitarias, elaborando o protocolo COVID e adoptando as diferentes adaptacións aos cambios acontecidos durante todo o curso.

Neste sentido, nun ano no que, polas medidas COVID vixentes non foi posible a realización de actividades con público externo, considero que foi moi positivo que os concertos do centro foran retransmitidos en *streaming*. É unha medida que, dentro das limitacións imperantes, permitiu acercar á nosa actividade ás familias e que, á vista da experiencia, foi moi motivadora para o alumnado participante. No meu caso, participaron varios estudantes de piano en diversos concertos dos programados, en tódolos casos cunha valoración moi positiva.

Doutra banda, valoro ter á nosa disposición unha Aula Virtual. Aínda que este curso finalmente non fora necesaria para impartir docencia telemática, é unha ferramenta moi útil que, persoalmente, utilicei moito para poñer a disposición do meu alumnado o material e para comunicación directa con eles (ten a opción de mensaxería instantánea a través da súa app).



No que respecta ao Departamento de Tecla, considero que funciona adecuadamente. O xefe de departamento traslada aos membros do mesmo a información pertinente e, ademais, comparte diferentes materiais didácticos actuais e innovadores.

Por último, gustárame salientar a oportunidade que tiven de realizar unha mobilidade no marco do proxecto Erasmus+ “Música Sen Fronteiras” do Conservatorio. Puiden visitar durante unha semana o Conservatorio de Cuneo (Italia), tempo no que, entre outras cuestións, tiven reunións con profesorado e con persoal de xestión, asistín a audicións de fin de grao e, como profesora de piano, asistín a diferentes clases de diversos profesores. Unha experiencia realmente positiva e moi recomendable. Foi unha grande oportunidade para poder coñecer outras formas de traballo, outras realidades educativas (tamén de niveis superiores) ou outros sistemas educativos musicais. Ademais, tamén considero moi positivo poder ver como a problemática e dificultades que ten o alumnado de piano son as mesmas que as do noso alumnado, con independencia do seu nivel ou a súa procedencia. Doutra banda, puiden constatar que as metodoloxías e o modo de traballo na aula que temos no noso conservatorio é moi similar, polo que viño a ser un reforzo, unha confirmación de que estamos a traballar adecuadamente.

D. Daniel Pereira González.

O funcionamento do centro foi adecuado durante o curso, ben organizado e cumprindo coas medidas de seguridade por mor da situación de pandemia. Por outra banda, o desenvolvemento das audicións no Auditorio aconteceron sen ningún tipo de problema.

Dna. Yolanda Represas Carrera.

O cumprimento das normas do protocolo COVID.

A posibilidades de dar as clases de piano en aulas con dous pianos.

Dna. Blanca Vázquez Hermida.



Gustaríame destacar a planificación do curso que se leva a cabo dende o seu comezo. É moito máis sinxelo organizarse cando se saben as datas de reunións, claustros ou audicións por adiantado.

Tamén quero salientar a dispoñibilidade que o equipo directivo ten de cara ao profesorado, mesmo en anos difíciles como os que estamos a vivir, onde están expostos a moito máis estrés. Sempre teñen a porta aberta para calquera dúbida ou consulta, e iso é de agradecer.

Aínda que o público non puido asistir aos concertos do centro, o equipo de actividades fixo posible un ano máis a retransmisión en streaming dos eventos realizados.

O equipo de dinamización da lingua galega levou a cabo exposicións moi interesantes na entrada do conservatorio. Tamén organizou concertos, en colaboracións con outros departamentos, que achegaron por exemplo a música de Alfonso X ao alumnado.

A profesora Gloria Rodríguez encárgase dende fai anos do Club Enxeñar, facendo unha gran labor cos rapaces e o profesor Baldomero Barciela leva a revista do centro, publicando artigos de divulgación musical enriquecedores para o alumnado.

Dende a coordinación Erasmus, liderada pola nosa compañeira de departamento Sara Peral, fixéronse posibles as primeiras mobilidades ao estranxeiro, que estou segura aportarán novos puntos de vista e novas colaboracións no futuro.

A implicación do equipo COVID fixo que levaran a cabo un traballo excelente un ano máis.

Para min é importante traballar nun centro onde o profesorado e o equipo directivo estean implicados activamente na vida musical do mesmo.

D. David Váscenez Pueyo.

Nada que destacar.



D. Ángel Villafáfila Aparicio.

Organización e planificación do curso tanto dos aspectos lectivos como non lectivos.

6.10.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

D. Jorge Abreu Seoane.

Anunciar os concertos do departamento de forma mais eficaz, para poder asistir en participar neles.

Aumento do horario lectivo anual e aumento do horario lectivo semanal (1 hora e non 45 minutos)

D. Emilio Álvarez Cid.

Entendo que as reunións en xeral, son foros onde podemos cuestionar, propoñer ou preguntar, sempre dentro dun obrigado respecto. En variadas ocasións, en claustros, percibín respostas desmesuradas por membros do equipo directivo, as veces ferintes, ante cuestionamentos que requerían un simple trato cortés. O resultado destas actitudes é un temor en moita xente a expoñer calquera cousa. Penso que esto podería evitarse.

Dna. Rasa Biveiniene Jakutite.

Despois da complicada época da pandemia, é desexable activar máis todos os eventos, concertos, que inclúe PIANO.

D. Mauro Abel Dueñas Roca.

Nada que destacar.

D. Gonzalo García García.

Exceso de burocracia que entorpece a calidade do que verdadeiramente importa que é o traballo e bo facer na aula, a preparación das clases, a formación do profesorado e a enerxía necesaria para programar actividades que motiven ao alumnado para as cales o profesor debe de estar motivado e dispoñer de tempo



suficiente. O traballo na aula é sumamente importante, pero non o son menos moitas outras actividades que un centro de ensino artístico debería de promover fóra da aula contribuíndo ao desenvolvemento de alumnos activos, educando e fuxindo do individualismo en prol da cooperación, conectándose coa contorna social, tan importante no ámbito musical, para que o noso traballo non se cinga a unha mera instrución e abstracción na aula que pouco ten que ver coa realidade.

As tarefas burocráticas e o papeleo, que considero de moi pouca valía e utilidade, ao que hai que enfrontarse constantemente é excesivo e prexudica sen ningunha dúbida a atención do alumnado, ademais de xerar entre o profesorado con verdadeira vocación docente unha sensación de fatura, desilusión e frustración que tampouco favorece.

Os mecanismos de control sobre os equipos directivos e os profesores a través destas tarefas que en moitos casos supoñen a duplicidade de trámites e de comunicacións requiridas son sen dúbida excesivas e innecesarias baixo o meu punto de vista. Desde un punto de vista de calidade, non revierten en absoluto en calidade educativa si non en calidade administrativa, tarefa para a cal non debemos de estar destinados os docentes polo menos na maior parte do noso tempo.

Os problemas e dificultades de conectividade no centro dificultan a realización de tarefas en horas de permanencia destinadas para iso así como tamén a falta de espazos para o profesorado e xefes de departamento de forma que resulta francamente difícil aproveitar o tempo dispoñible dispoñendo dos recursos necesarios para devandito aproveitamento.

Necesidade de crear estímulos e motivación para o alumnado de piano a través de actividades das que formen parte.

A falta de público en concertos e audicións supuxo un duro varapalo nunha das cuestións fundamentais a traballar en cada unha das especialidades impartidas



no noso ámbito pero especialmente no piano que é un instrumento especialmente solitario. A música é unha arte escénica, polo que penso que urxen medidas neste sentido ante a desmotivación xeneralizada e o peor rendemento do alumnado.

Maior apertura, compromiso e receptividade ante propostas de cambio necesarias, xa sexan de innovación educativa como de procura e incorporación de novas estratexias e prácticas que transformen as prácticas docentes e os protocolos establecidos en función das necesidades que se presentan, creando novas prácticas e estratexias que melloren o ensino por parte dos docentes, e polo tanto, que melloren o proceso de aprendizaxe do alumnado ante a detección de diferentes problemas, como poden ser a falta de alumnado e descenso de matrículas, a desmotivación do alumnado, os peores resultados académicos, adaptándonos ás novas realidades que as novas xeracións están vivenciando e das que non debemos de estar ao marxe como meros observadores.

Mellorar o estado de afinación e mantemento dos pianos. Xa se tiña reflectido na memoria do curso 2019/20. Descoñezo os motivos, pero é obvia a escasa durabilidade da afinación dos pianos logo de levarse a cabo a súa afinación así como o mal estado de afinación xeneralizado de todos os pianos especialmente nos rexistros agudos.

Necesidade dunha partida especial para unha regulación adecuada e posta a punto do piano do auditorio. Non se trata da súa afinación só, senón dunha avaliación das razóns polas que chegou ao estado actual e tomar as accións necesarias a levar a cabo por un técnico especialista para a súa correcta conservación e mantemento.

Integrar en maior medida o Conservatorio na cidade de Vigo de forma que teña unha participación activa na cidade con espírito de participación e proximidade cos cidadáns. Penso que esta cuestión seguramente repercutiría positivamente na demanda e o número de alumnado, ademais dun maior número de activida-



des que motivasen ao noso alumnado, tanto no ámbito académico como no aspecto social, tan necesario para contribuír no desenvolvemento e a motivación do noso alumnado. Penso que esta complicidade coa contorna social e xeográfica debería de ser un aceno de identidade dun centro musical como o noso.

Dispoñer dun maior número de cabinas de estudo con pianos acústicos para os alumnos que non teñen piano.

Dna. Maider Ordozgoiti Egaña.

O feito de comezar este curso nas fechas habituais e ter que finalizar a actividade lectiva tres semanas antes que en cursos pasados, por mor de adiantar os exames de setembro a xuño, foi estresante para o alumnado e o profesorado. De feito, coido que o alumnado non puido rematar o seu repertorio do curso con tanta solvencia como en anos anteriores. Espero que o próximo curso, tendo en conta que a convocatoria de setembro farase en xuño, as clases comecen antes.

É unha lástima que o protocolo COVID da Xunta impida ós familiares acudir ás audicións trimestrais dos alumnos. De feito, houbo audicións con apenas 6 alumnos e dous profesores no auditorio do centro, dando unha impresión moi triste e desanxelada. Penso que poderíase ser máis flexible neste aspecto do cumprimento do protocolo, tendo en conta que nos claustros o aforo do auditorio está bastante máis cheo e realízanse igual.

Por outra banda, en moitos claustros deste ano o ambiente foi tenso e crispado en exceso, con intervencións por parte do equipo directivo pouco cordiales, e aparentando estar sempre á defensiva. Isto, ademais de ser moi desagadable para tódolos presentes, repercute no profesorado e no ambiente de traballo, e coido que quen dirixe o centro debería meditar sobre este aspecto.

D. Jesús E. Pardal Sicilia.

Que a administración iguale os estudos de conservatorio aos de secundaria e traslade os exames de setembro a xuño é un craso caso pueril, ademais de non saber o que é o estudo dun instrumento. Debido a isto, o curso é máis curto e o



alumnado vai estar moito tempo sen unha guía no seu estudo, ademais, se é o caso, pode minguar o rendemento. Eu non vexo ningún claro apoio aos estudantes.

Ao fío do anterior, temos un sistema que practicamente non permite de maneira folgada compaxinar os estudos de bacharelato co estudo dun instrumento. O estrés dos estudantes pode chegar a ser tremendo. É propio requirir ás autoridades competentes que consideren outros sistemas educativos onde os estudos obrigatorios e o esforzo da práctica dun instrumento sirva para algo.

Creo que a presentación de piano complementario poderíase mellorar. Segundo está, para os profesores é moi incomodo escribir nos atrás e para o alumnado pode ser moi violento se queren cambiar de profesor (tamén para o profesorado), moitos se poñen vermellos e senten tamén vergoña. Doutra banda, moitas veces o alumnado, principalmente os de terceiro curso, non sabe para onde ir, se para aquí, para acá, para “*acullá*”... ás veces quedan parados diante dun profesor sen saber que facer. Non se se sería posible que cada profesor estivese nunha aula, xa se que supón mais complexidade organizativa nun centro pequeno como o noso, pero por manifestalo que non quede.

Dna. Sara Peral Hernández.

Pese a que non é unha cuestión que dependa da organización do centro, gustaríame comentar que a modificación no presente curso do calendario escolar no que respecta ás das datas das avaliacións ordinaria e extraordinaria fixeron que este ano se visen reducidas as semanas de clase e que algúns trimestres foran especialmente curtos (como o caso do primeiro trimestre). Isto fixo que moito alumnado tivera problemas para coller o ritmo (o primeiro trimestre especialmente), moitos case non tiveron marxe de facer os ensaios para as primeiras audicións... Doutra banda, nunhas ensinanzas como as nosas, que supoñen un esforzo engadido ao noso alumnado para compaxinar os seus estudos obrigatorios (e postobrigatorios) co conservatorio, eliminar de setembro a avaliación



extraordinaria e adiantala a xuño (unhas poucas semanas máis tarde da ordinaria) é unha traba máis para eles, que perden o poder ter os meses de verán para traballar as materias que non podan levar ao día durante o curso.

Se a situación sanitaria mellorara e actualizaran o protocolo COVID da Xunta á situación actual (na que practicamente retomouse a normalidade fora do ámbito escolar), sería moi positivo poder retomar as audicións con público, así como outras actividades interesantes a nivel de departamento como concertos de profesorado de piano do centro e de pianistas externos, cursos con profesores convidados ou organización de salidas para ver concertos de interese para o alumnado. Deste modo, melloraría a motivación do alumnado e á súa implicación no conservatorio.

D. Daniel Pereira González.

Nada que destacar para este curso.

Dna. Blanca Vázquez Hermida.

Con respecto ao cambio proposto pola Xunta de realizar os exames de recuperación en xuño en lugar de en setembro gustárame facer unha reflexión persoal. En primeiro lugar penso que este tipo de decisións, que afectan á comunidade educativa, deberían tomarse en base a experiencias reais, e consultando a opinión das partes afectadas.

É certo que aos exames de setembro non se presentaba o 100% do alumnado, pero o feito de movelos para xuño non creo que cambie esos datos.

Os estudos de música se comparan sempre cos estudos de secundaria, pero non teñen nada que ver. O tempo que se lle ten que adicar ao instrumento ten que ser constante, e non se poden conseguir resultados máxicos nun prazo de catro semanas dende que rematan as clases, tendo en conta que o alumnado do conservatorio ten nesas datas os exames nos seus centros educativos obrigatorios.



Hai alumnado de 5º ou 6º de GP que prefire centrarse no instrumento durante o curso, xa que en moitas ocasións lles coincide cos anos de bacharelato, e aproveitaban os exames de setembro para facer algunha asignatura teórica que puidesen preparar no verán. De feito eu mesma teño unha alumna nese caso e non se vai a presentar en xuño.

Por todo isto non estou dacordo coa eliminación dos exames de setembro.

Facer dúas carreiras ao mesmo tempo é algo complicado, e dende a administración deberían facilitalo.

Dende fai uns anos estou a notar con máis frecuencia unha desmotivación nunha parte do alumnado. No meu parecer, dita falta de interese polo instrumento está relacionada por unha parte co medo a tocar en público e por outra coa confusión do termo tocar e estudar.

Creo que como mestres deberíamos de ser capaces de ensinalles a estudar dunha forma eficiente e infundirles a confianza suficiente para subir a un escenario. Ás veces, polo menos na miña experiencia persoal, non son capaz de conseguir que o feito de tocar en público o vexan como unha maneira de disfrutar e penso que como parte da nosa formación sería importante ter ferramentas, quizáis a través de cursos por parte do CEFORE, para mellorar esas cuestións.

D. David Vásconez Pueyo.

Nada que destacar.

Ángel Villafáfila Aparicio.

O sistema de audicións. Separar as audicións dos exámenes (en semanas diferentes) e dar un ou dous días completos ao departamento para organizar mellor.

6.10.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

CONCERTO DE SANTA ICIA



Diego Rodríguez Vázquez 2º GP

Darío Peinado Lasierra 2º GP

CONCERTO DE NADAL

Carmen Teijón Fernández 2º GE

Carmen Fernández Gil 4º GP

CONCERTO DE ENTROIDO

Xiao Blas Ferreiro 3º GE

Iago Reigosa Ferreiro 3º GE

Amalia Regatero Blanco 4º GE

Martíño Paz Puime 4º GE

Sofía Mariño Pereira 1º GP

Carlos Martínez Crespo e Luca Rodríguez Bastero 4º GP conxunto de
dous pianos

CONCERTO DÍA DE EUROPA

Martíño Paz Puime 4º GE

Martina Sarabia Verdial 4º GE

Íker Álvarez Alonso 1º GP



Sofía Mariño Pereira 1º GP

CICLO EASY LITTEL PEPPERS DE ELISSA MILNE

Participación do alumando dos profesores Dna. Sara Peral Hernández e D. Jesús E. Pardal Sicilia na interpretación das pezas no ciclo mencionado.

“MÚSICA E SILENCIOS. PROYECTO DE INVESTIGACIÓN DE DNA. SUSANA PÉREZ OTERO”

Os profesores Dna. Susana Pérez Otero, D. Jesús Ernesto Pardal Sicilia, Dna. Sara Peral Hernández, Dna. Yolanda Represas e D. David Váscenez Pueyo, participaron neste proxecto programando obras de compositoras, as grandes olvidadas, a varios dos seus alumnos. O importante foi coñecer o papel real que desempeñaron as mulleres na Hª da Música e deste xeito garantir a calidade dun ensino do piano máis equitativo. Comentar que, actualmente a maioría das pezas educativo / pedagóxicas para piano están compostas por mulleres.

Dna. Carmen Carreiras Pita.

Gustaríame que se organizaran concertos co alumnado de piano fóra do centro. Algúns dos meus alumnos participaron no Concerto de Entroido e no Concerto do Día de Europa.

O 7 de decembro e o 25 de xaneiro organiceí audicións no auditorio co meu alumnado para que puidesen tocar en público máis obras ademáis das que xa tocaban en audicións trimestrais, especialmente no caso dos catro alumnos de 6º de GP.



D. Mauro Abel Dueñas Roca.

Este ano estiven case a totalidade do segundo e terceiro trimestre de permiso e non sei moi ben as actividades que se realizaron, pero como de momento estamos co tema da pandemia pola COVID, non houbo moita cousa. Esperemos que nos vindeiros cursos a cosa cambie e volvamos a unha situación semellante a cursos anteriores á pandemia.

Dna. Sara Peral Hernández.

O meu alumnado de piano participou este ano en diferentes audicións. No primeiro trimestre, tocou nas audicións de Departamento do 15 e 23 de novembro de 2021 (ás 19.00h e 17.00h. respectivamente).

No segundo trimestre, antes das vacacións de Nadal organizei unha audición de Nadal con todo o meu alumnado o 20 de decembro de 2021 (18.00h), tanto con obras do repertorio do programa do curso, como con villancicos traballados nas semanas previas. Ademais, o meu alumnado participou na miña audición do 23 de febreiro de 2022 (19.00h) e na audición do Departamento do 25 de febreiro (21.00h). Así mesmo, un alumno tocou tamén no Concerto de Entroido do 22 de febreiro, organizado polo centro e retransmitido en *streaming*.

No terceiro trimestre, o meu alumnado participou na audición de Departamento do día 2 de maio (17.00h) e na miña audición do 6 de maio de 2022 (16.00h). Dous alumnos participaron no Concerto do Día de Europa organizado polo conservatorio o día 9 de maio de 2022, tamén retransmitido en *streaming*. Por último, o alumnado de 4º GE que vai facer a proba de acceso a Grao Profesional vai tocar tamén na audición de Departamento do 18 de maio para que este alumnado rode o programa antes da mesma.

Doutra banda, todo o meu alumnado, tanto de piano como de conxunto, participou no proxecto de investigación de Dna. Susana Pérez Otero denominado “Músicas e Silencios”. Esta colaboración consistiu en traballar repertorio de, ao menos, unha muller compositora e facer una enquisa anónima antes de comezar e



outra ao finalizar o traballo. Como remate desta actividade, xunto co profesor D. Jesús E. Pardal Sicilia organizei un concerto de alumnado de piano e conxunto no que interpretaron o ciclo completo de pezas *Little Peppers (Very Easy)* da compositora Elissa Milne (o repertorio que traballamos na participación no proxecto mencionado). Neste concerto os profesores fixemos unha introducción para cada unha das pezas e foi complementado cunha proxección de imaxes debuxadas ou buscadas polo alumnado participante para cada unha das pezas que eles interpretaban. A actividade foi moi ben acollida polo alumnado participante, gustoulle moito o formato.

D. Daniel Pereira González.

Se realizaron audicións extraordinarias de aula no Auditorio do Conservatorio onde os alumnos e alumnas tiveron ocasión de interpretar todo o programa traballado durante o curso e escoitar a outros compañeiros e outras pezas do repertorio. Non se realizaron actividades complementarias por mor da situación de pandemia.

Dna. Blanca Vázquez Hermida.

Debido a que o meu alumnado non puido tocar nas semanas de audicións por incompatibilidade de horarios, organizei dúas extras no auditorio cos profesores Berta Fresco e Fran Bouza os días 7 de decembro e 8 de marzo.

Ángel Villafáfila Aparicio.

Clases maxistras, intercambios, asistencia a concertos fora do centro.



6.11 Departamento de Vento Madeira

6.11.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

139 alumnos

-Alumnado por materia

Frauta Travesera: 24

Clarinete: 41

Óboe: 15

Saxofón: 31

Fagot: 11

Itinerario de interpretación: 17

6.11.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Javier Abalde: A proposta recollida na programación da especialidade neste senso foi acadada con un bo grado de logro por parte da maior parte do alumnado, e fai pensar que garda un bo equilibrio en canto a súa esixencia en relación as características do alumnado a quen foi dirixida.

Por outra banda aspectos como a adaptación á música de conxunto, interacción e comportamento cos seus semellantes no desenvolvemento de certos procedementos ou actividades non puido ter o mesmo reflexo de cursos pasados debido as restriccións aínda presentes polas medidas covid, e polo feito no meu caso de optar por non tocar a vez co alumnado en clase durante gran parte do curso como medida de prevención.

Alejandro Alonso García: Todos os propostos na programación correspondente.



Patricia María Cadaveira Martínez:

GRAO ELEMENTAL

Considéranse acadados os obxectivos establecidos na programación didáctica en función de cada curso do Grao Elemental, recollidos nos puntos 9.1.1, 9.2.1, 9.3.1 e 9.4.1.; para todo o alumnado que acadou resultado positivo na avaliación. Ademais, traballouse activamente para acadar os obxectivos xerais definidos polo Decreto 198/2007, así como os Obxectivos específicos:

Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas as mans.

Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.

Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.

Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar, dentro das exixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.

Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente de afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.

Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, comezando a empregar o vibrato e os matices para lle dar cor e expresión á interpretación musical

Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.

GRAO PROFESIONAL:

Consideranse acadados os obxectivos establecidos na programación didáctica en función de cada curso do Grao Profesional, recollidos nos puntos 9.5.1, 9.6.1,



9.7.1, 9.8.1, 9.9.1. e 9.10.1.; para todo o alumnado que acadou resultado positivo na avaliación. Ademais, traballouse activamente para acadar os obxectivos xerais definidos polo Decreto 198/2007, así como os Obxectivos específicos:

Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.

Demostrar autonomía progresivamente maior para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.

Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos comedidos.

Cecilia Castro Aldrey: Trala avaliación inicial do presente curso, apreciouse unha falta de traballo no alumnado de óboe con respecto á fabricación de canas. Foi por iso que se organizaron clases para atender exclusivamente a este aspecto, e que de maneira xeral, puido ser acadado.

Alexandre Gallego Medal: O alumnado de grao elemental, neste curso 2021/2022 acadou a maior parte dos obxectivos de maneira moi satisfactoria.



A pesar de que se cumpriron todos os obxectivos, no vindeiro curso, haberá que prestar unha maior atención e seguir progresando no relacionado aos seguintes, para lograr unha formación integral do alumnado:

Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que se posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.

Emitir un son estable e desenvolver as posibilidades musicais do son en todo o ámbito do instrumento.

O alumnado de grao profesional, neste curso 2021/2022 acadou a maior parte dos obxectivos de maneira moi satisfactoria.

A pesar de que se cumpriron todos os obxectivos, no vindeiro curso, haberá que seguir prestando moita atención e seguir progresando nos obxectivos relacionados co desenvolvemento do son, o vibrato, a lectura a vista, a música con temporánea ou a improvisación.

Daniel Garrido Iglesias: Unha vez realizada a avaliación inicial, quedou patente que a meirande parte do alumnado non coñecía os procedementos básicos de montaxe, axuste e raspado das canas polo que foi preciso acordar unha sesión específica de forma regular ao longo do curso para a realización deste traballo, xa que o tempo nas sesións regulares de clase non é suficiente.

Realizar audicións públicas de forma trimestral.

Felipe González Agell: Todos

Iago Lariño Rodal: Todos os da programación, especialmente os que fan referencia á interpretación en público xa que case a totalidade do alumnado participou nas tres audicións programadas durante o ano académico.

Virginia Lis Álvarez: Os obxectivos mencionados na Programación Didáctica de Clarinete foron acadados en maior ou menor medida por todo o alumnado da especialidade. Dúas alumnas, Giovanna Domínguez Armadáns e Helena Coco



Vila, de 3º e 4º curso respectivamente, no inicio do curso non acadaron avaliación positiva por presentar carencias técnicas e un hábito de estudo insuficiente. Non obstante, durante o transcurso do ano as alumnas amosaron un incremento da súa motivación e grao de implicación, o que permitiu que, finalmente, acadaran un nivel de aproveitamento suficiente para o seu curso.

-Obxectivos non acadados

Javier Abalde Alves: A proposta recollida na programación da especialidade neste senso foi acadada con un bo grado de logro por parte da maior parte do alumnado, e fai pensar que garda un bo equilibrio en canto a súa esixencia en relación as características do alumnado a quen foi dirixida.

Por outra banda aspectos como a adaptación á música de conxunto, interacción e comportamento cos seus semellantes no desenvolvemento de certos procedementos ou actividades non puido ter o mesmo reflexo de cursos pasados debido as restriccións aínda presentes polas medidas covid, e polo feito no meu caso de optar por non tocar a vez co alumnado en clase durante gran parte do curso como medida de prevención.

Alejandro Alonso García: Ninghuno.

Patricia María Cadaveira Martínez: O alumnado que non acadou a cualificación positiva na avaliación, non acadou tampouco os obxectivos e/ou mínimos esixibles do curso.

Cecilia Castro Aldrey: Debido á situación de pandemia por mor da COVID 19 e a substitución das clases presenciais por clases telemáticas transcorridas no curso 19/20 o nivel do alumnado de 3º curso de G.E. veuse afectado. Foi por iso que o esforzo neste presente curso tivo que ser maior para o alumnado destes niveis e algúns dos obxectivos que fan referencia á técnica non puideron ser acadados.

Alexandre Gallego Medal: Como excepción, o alumnado de 5º curso de grao



profesional non logrou superar os seguintes obxectivos:

Desenvolver a calidade sonora na interpretación de exercicios técnicos, estudos e obras, conseguindo unha correcta emisión e afinación.

Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das distintas épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel e coñecer as súas partes para unha mellor interpretación

Adquirir un hábito de estudo que permita o avance e mellora na práctica instrumental.

A non superación dos obxectivos da Programación motivaron unha avaliación negativa.

Daniel Garrido Iglesias:

Fagot:

Participar en actividades ou concertos organizados polo Centro.

Interpretación:

Debido á gran cantidade de alumnado no grupo A, non foi posible, por falta de tempo, que a totalidade do alumnado puidese interpretar varias veces diante dos seus compañeiros ao longo do curso.

Felipe González Agell: Ningún

Iago Lariño Rodal: Non se contemplan obxectivos non acadados xa que todo o alumnado superou satisfactoriamente o curso académico.

Virginia Lis Álvarez: Só no primeiro trimestre, dúas alumnas (Giovanna Domínguez Armadáns e Helena Coco Vila) de 3º e 4º curso respectivamente non acadaron os obxectivos propostos por presentar carencias técnicas e un hábito de estudio insuficiente. Non obstante, acabaron o terceiro trimestre cun rendemento suficiente para o seu curso.



6.11.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

Javier Abalde Alves: Dotar dunha boa planificación organizativa do curso e dos diferentes elementos de xestión das necesidades e posibilidades que aporta o centro.

Alejandro Alonso García: Eficiencia do xefe de departamento.

Patricia María Cadaveira Martínez: O bo funcionamento do centro en xeral é un aspecto fundamental, e é un reflexo da coordinación entre toda a comunidade educativa. Un dos aspectos concretos que considero mais positivos é a organización e a planificación xeral do curso académico con anticipación, o que denota a implicación do equipo directivo.

Cabe destacar o interés e a boa disposición por aprender do alumnado, así como o apoio mostrado polas familias; ao mesmo tempo da colaboración mostrada no cumprimento das medidas de prevención do contexto da covid. A nivel pedagógico, foi moi positiva a coordinación e colaboración entre docentes de Saxofón, coa realización das audicións e probas trimestrais conxuntamente, posibilitando o intercambio e colaboración entre o alumnado e promovendo unha avaliación máis obxectiva.

Por último, considero positiva a posibilidade que ofrece a Aula Virtual como recurso pedagógico complementario e fomento das TICs, así como todas as audicións, concertos e actividades propostas que en suma dinamizan o centro e permiten a participación, a colaboración e o intercambio de ideas, dentro e fora do centro.

Cecilia Castro Aldrey: Boa organización e funcionamento.

Alexandre Gallego Medal: Como aspectos positivos en canto ao funcionamento xeral do Centro destaco a organización e planificación do curso académico e a boa comunicación dentro do Departamento así como entre profesorado e Directiva.

Daniel Garrido Iglesias:



Interpretación:

A implicación á hora de solucionar o problema de espazo na aula e da ausencia de proxector, fundamental para a impartición da materia.

Felipe González Agell: Todos

Iago Lariño Rodal: A organización do centre é in mellorable. Permite coñecer dende o comezo de curso todas as datas e axuda a organizar a docencia dun xeito máis efectivo.

Tamén hai que sinalar o traballo levado a cabo polo equipo COVID para resolver as dudas do alumnado así como para comunicar os periodos de corentena con rapidez.

Virginia Lis Álvarez:

Avaliacións áxiles: o feito de reunir ao profesorado unha vez as notas xa foron lanzadas e comprobadas, dinamiza o proceso avaliador.

As Reunións de Departamento telemáticas: facilitan a vida interna do centro ao non esixir ao profesorado a presencialidade cando non é estrictamente necesaria.

Proxecto Erasmus:

Boa comunicación co resto dos membros do departamento de Vento Madeira.

Rigor na organización e xestión do centro á hora de comunicar as obrigas do claustro e establecer prazos.

6.11.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Javier Abalde Alves: Promover a interacción entre o profesorado na posta en común de diferentes procedementos de traballo como elemento de unificación das propostas programáticas e a súa avaliación.

Dotar de aparataxe informático nas aulas, acorde ca demanda dixital na que se



nos esixe un certo grado de coñecemento e competencia, para o rexistro e xestión da información do alumnado que segue recaíndo no material que o profesorado aporta dos seus bens persoais.

Alejandro Alonso García: Mellorar o rendemento do uso do Auditorio

Patricia María Cadaveira Martínez: Unha vez que a situación da pandemia comeza a permitir relaxar as medidas preventivas, considero que sería moi importante permitir o acceso de público exterior ás audicións e concertos do auditorio, especialmente ás familias do alumnado, pois este acompañamento é un factor emocional importante na súa formación. De non ser posible, outra posibilidade é promover aínda máis a utilización do espazo exterior.

Por outra parte, como proposta de mellora, podería ser interesante revisar os tempos asignados para a realización das audicións e da súa preparación, sendo positivo contar máis posibilidades temporais para as mesmas e unha maior coordinación co traballo do profesorado de piano acompañante.

Por último, e dado o bo resultado do ensemble de saxofóns no grao profesional, sería moi positivo comezar a traballar cunha clase colectiva de saxofón no Grao Elemental que permitise a práctica en grupo entre saxofóns.

Cecilia Castro Aldrey: A falta dun piano na aula de óboe (B7) dificulta o proceso de ensinanza-aprendizaxe. O traballo dos exercicios coa cana cunha referencia de afinación do piano é indispensable especialmente nos primeiros cursos, do mesmo xeito que sempre é interesante dispoñer dun instrumento polifónico para dispoñer de referencias harmónicas do repertorio.

Como instrumentos de dobre lingüeta, sería moi recomendable poder dispoñer dun tempo semanal ao cal adicarlle á aprendizaxe de canas para o alumnado. É un aspecto único para os instrumentos de dobre lingüeta que necesita ser traballado con especial atención e que resulta moi difícil de desenvolver dentro do horario semanal da materia de óboe.

Alexandre Gallego Medal: Como proposta de cara ao curso seguinte gustaríame



ter máis facilidades por parte do Centro para poder organizar clases maxistras e concertos con recoñecidos saxofonistas e pedagogos, que contribúan a aumentar a motivación do alumnado.

Daniel Garrido Iglesias:

Fagot:

Considero que sería interesante organizar, de maneira oficial, unha clase colectiva para o alumnado das ensinanzas profesionais adicada ao traballo das canas, xa e que é un aspecto fundamental e de máxima importancia para a práctica profesional do fagot e que, por falta de tempo, non se pode abordar de forma satisfactoria nas sesións de instrumento.

Dentro do traballo das canas, e tendo en conta que a totalidade do alumnado é dependente do docente neste aspecto, melloraría e facilitaría enormemente a labor do docente dispoñer dunha máquina para o raspado das mesmas.

Interpretación:

O alto número de discentes, de especialidades moi distintas, dificulta o favorable desenvolvemento da materia de Interpretación. Este problema viuse agravado no curso 2021/2022 pola gran diferenza no número de discentes en cada grupo (grupo A con 14 alumnos/as e Grupo B só con 3). Esta gran diferenza imposibilita o desenvolvemento paralelo da materia en cada grupo. Propoño que, no futuro, houbera máis grupos para a materia de Interpretación (se o número de matrículas segue a ser elevado) pero cun reparto máis equitativo (máis de 8 alumnos/as por grupo xa dificulta o seu desenvolvemento favorable). Outra posibilidade sería distribuír ao alumnado matriculado en distintos grupos en función da súa especialidade, deste xeito, os contidos da materia poderían estar moito máis enfocados ao interese do alumnado.

Felipe González Agell: Poder facer actividades no hall do centro sen a necesidade de pedir permiso a vicedirección. Penso que se pode confiar na responsabilidade do profesor encargado da actividade.



Iago Lariño Rodal: Sería moi recomendable poder dispoñer dun piano nas aulas B3 e B7 para poder traballar co alumnado aspectos como a afinación, a comprensión das obras ou a preparación para os ensaios co piano acompañante.

Poder dispoñer de máis franxas no auditorio dentro dos periodos de audicións facilitaría poder acadar os obxectivos que marca a programación respecto da interpretación de obras en público. As audicións de aula non permiten poder cumprir estes obxectivos máis que dun xeito moi mínimo.

Na aula B11 sería necesario a afinación do piano, a reparación da banquetta do piano e da frauta do conservatorio. A parede da aula contra a que abre a fiestra precisa tamén dunha reparación xa que os golpes desta ocasionaron un pequeno desperfecto polo uso.

Virginia Lis Álvarez:

Un dos feitos mais salientables que veño sentindo nestes meses foi a falta dunha materia colectiva nos anos das ensinanzas elementais. A motivación nestas idades baséase principalmente na socialización e a compoñente lúdica, algo que difícilmente podemos lograr na clase individual,

Por outra banda, o feito de non realizar audicións con público tamén ven provocando unha perda de motivación por parte do alumnado, xa que non conseguen ver que traballen de cara a un obxectivo real, una presentación en público formal, e iso reduce o nivel de implicación.

Realización de audicións conxuntas do mesmo departamento. Axudaría a que o alumnado escoitara a máis compañeiras/os e reflexionar máis nos aspectos musicais e non só técnicos. Ademais, daría máis flexibilidade á hora de escoller data e hora para a audición por poder ofrecer franxas horarias máis amplas.

Realización de “microconcertos” no hall ou no exterior do CMUS. É unha práctica que se ven facendo noutros conservatorios e que se está a levar a cabo no CMUS de Vigo nestas últimas semanas e ameniza notablemente a vida do centro, ademais de permitir ao alumnado facer presentacións públicas coa presenza



de máis xente e incluso amigos e familiares. Sería interesante que se mantivese como actividade permanente nos próximos anos.

Dende o inicio do ano, ter a listaxe dos profesores das outras materias de cada alumna/o.

Conexión WiFi mellorable, sobre todo para levar a cabo clases telemáticas cando fose necesario.

6.11.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Organización dunha audición conxunta de todos os aspirantes do departamento á proba de acceso de grao profesional.

Organización dos recitais fin de grao do alumnado de 6º de grao profesional do departament.

Javier Abalde Alves: Tres audicións correspondentes a cada avaliación con participación de todo o alumnado.

Participación dun alumno de 1º de grao elemental no concerto de entroido.

Organición e realización dun concurso de clarinete para o alumnado de grao profesional.

Concerto na igrexa de San Antonio da Florida de parte do alumnado de grao profesional.

Concerto de parte do alumnado de grao profesional para clarinete só, a celebrar o vindeiro 18 de maio no museo Marco de Vigo

Alejandro Alonso García: Todos os propostos na programación correspondente.

Patricia María Cadaveira Martínez: O alumnado de saxofón participou en catro audicións organizadas polo departamento, como mínimo unha en cada trimestre:

26 de Novembro de 2021

18 de Febreiro e 3 de Marzo



13 de Maio

Ademáis foron organizadas catro audicións para o GE de saxofón, nos días: 26 de novembro, 25 de Febreiro, 25 de Abril e 2 de Maio. Concretamente a audición de Febreiro foi temática, baixo o título “ Músicas do Mundo”.

Co ensemble de saxofón, creado este curso e integrado por alumnado dos cursos 3º, 4º e 5º de GP, participouse nos concertos organizados polo centro “Concerto de Entroido” e “Concerto de Europa”.

Por último, varios alumnos/as de saxofón colaboraron na presentación do saxofón, interpretando pezas breves, na actividade “Coñece o noso conservatorio”

Alejandro Alonso García: Ningunha.

Cecilia Castro Aldrey: Un alumno de 5º de G.P. e o alumno de 6º G.P. participaron tocando como trío, xunto coa profesora no concerto de entroido organizado polo centro.

Alexandre Gallego Medal: Ao longo deste curso 2021/2022 formouse un ensemble de saxofóns co

alumnado de 3º, 4º e 5º de grao profesional que participou no concerto de entroido e no concerto do día de Europa.

Daniel Garrido Iglesias: Ningunha

Felipe González Agell: Maio de 2022. Concertos entretimbres. Estudios e obras a sólo no hall do centro.

Iago Lariño Rodal: ningunha.

Virginia Lis Álvarez: O profesorado de clarinete organizou dúas actividades propias da especialidade: O Concurso de Clarinete dirixido ao alumnado de Ensinanzas Profesionais. Tivo lugar o día 7 de marzo ás 20:00h. A proba consistiu na interpretación do primeiro movemento do Concertino de Gaetano Donizetti co acompañamento dunha gravación que o alumnado xa tiña con antelación para



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Conservatorio Profesional de Música de Vigo



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

cmus **Vigo**
Conservatorio Profesional de Música

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es

traballar en profundidade a obra. O premio do concurso foi a interpretación como solista da mencionada obra co acompañamento do ensemble de clarinetes do CMUS formado polo alumnado de Conxunto.

O Concerto de Semana Santa na igrexa da “Parroquia de San Antonio da Florida”. Tivo lugar o día 4 de abril ás 20.45h e constou dun programa de música de cámara e repertorio para ensemble de clarinetes. Dito ensemble estaba conformado polos alumnos de Conxunto de 1º e 2º de Ensinanzas Profesionais. Ademais, a gañadora do concurso mencionado anteriormente Lara González Garrido, tocou como solista unha obra de clarinete solo para comezar o evento e o Concertino de Gaetano Donizetti, acompañada polo ensemble.

Clases Colectivas de Ensinanzas Elementais: a última clase antes de Nadal organizouse unha sesión colectiva para traballar panxoliñas e aspectos técnicos comúns.

Ensaio extra co alumnado para traballar dúos de clarinetes: co alumnado de ensinanzas profesionais.

Repertorio orquestral: clases extras para traballar fragmentos orquestrais típicos das audicións de orquestras xóvenes.



6.12 Departamento de Vento Metal

6.12.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

63 estudantes de especialidades instrumentais.

5 estudantes de materias optativas.

-Alumnado por materia

Trompa: 13

Trompa (M^a del Pilar Simeó): 9

(2^oGE) 1, (3^o GE) 1, (4^o GE) 2. Total: 4.

(2^oGP) 1, (3^o GP) 2, (5^oGP) 1 (6^oGP) 1 Total: 5

Conxunto trompeta: (1^oGP) 2. Total: 2

Trompa (Sergio Noche): 3

(4^o GE) 2. Total: 2

(5^o GP) 1. Total: 1

Trompa (Óscar Davila): 1

(4^oGP) 1. Total: 1

Conxunto trompeta: (1^oGP) 2. Total: 2

Trompeta: 26

Trompeta (Luís González): 22

(1^o GE) 4 (2^o GE) 1, (4^o GE) 2 Total: 7

(1^oGP) 4, (3^oGP) 3, (4^oGP) 1, (5^oGP) 5, (6^oGP) 2 Total: 15

Trompeta (Javier González): 4

(3^oGE) 1, (4^o GE)1. Total: 2

(2^oGP) 1, (6^oGP) 1. Total: 2

Trombón: 15

Trombón (Jose Pons Boils)

(1^oGE) 4, (2^oGE) 1, (3^oGE) 2, (4^oGE) 2. Total: 9



(1ºGP) 1, (2ºGP) 1, (3ºGP) 1, (4ºGP) 2, (6ºGP) 1. Total: 6

Conxunto: (1ºGP) , (2ºGP). Total: 2

Tuba/Bombardino: 9

Tuba/Bombardino (Antonio Rodríguez Iborra)

(4ºGE) 1. Total: 1

(1ºGP) 2, (2ºGP) 1, (3ºGP) 2, (4ºGP) 1, (5ºGP) 2. Total: 8

Conxunto: (1ºGP) 2, (2ºGP) 1. Total: 3

Optativa: Improvisación (6ºGP): 5

6.12.2 Obxectivos do profesorado para o curso

-Obxectivos acadados

Avaliación diagnóstica do alumnado

Reservar a principio de curso o auditorio para o recital de fin de curso do alumnado de 6ºGP.

Revisar cos pianistas acompañantes a preparación das obras de cara as audicións.

Comunicar aos pianistas acompañantes os horarios das audicións e ter en conta as súas horas de clase de piano.

Conciliar os horarios do alumnado coas materias teóricas e cos centros de ensino xeral para escoller horarios de audición e pianista acompañante.

Entregar as partituras do repertorio aos pianistas acompañantes.

Continuidade das Materias optativas: Improvisación impartida por Antonio Rodríguez.

Impartir unha hora de reforzo de trombón.

Participar no proxecto “Coñece o noso conservatorio”

Realizar o Inventario das aulas.



Realizar unha audición trimestral do alumnado de Grado Elemental conxunta de trombón e bombardino.

Manter os instrumentos do centro en condicións axeitadas para o correcto uso.

Concertos de divulgación dos instrumentos de vento metal nos centros de educación primaria. Proxecto “Ven co vento metal” levado a cabo por Antonio Rodríguez, Jose Pons e Óscar Davila nos CEIP: Ria de Vigo, Garcia Barbón, Seis do Nadal, Doutor Fleming e Otero Pedrayo. Presentación do video Ven co vento metal (youtube).

-Obxectivos non acadados

Utilización de partituras orixinais por parte do alumnado.

Non acceder aos Centros de primaria do entorno do conservatorio co proxecto “Ven co vento metal”.

6.12.3 Destacar no funcionamento xeral do centro

As audicións trimestrais durante tres semanas.

Seguimento do alumnado mensual.

O proxecto “Coñece o noso conservatorio” para fomentar o coñecemento dos instrumentos e o conservatorio.

As actividades programadas no auditorio. A organización e control dos tempos.

A información aportada e o desenvolvemento do Centro por parte do equipo directivo ao longo do curso e no periodo de confinamento pola enfermidade da Covid-19.

6.12.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro

Aula B9, C15, C9. Necesidade dun altavoz inalámbrico bluetooth (megaboom 3) en cada aula



Aulas C15 e C14. Piano de parede ou teclado eléctrico nas aulas para mellorar a entoación e a comprensión do repertorio traballado.

Nas audicións trimestrais ter as horas do departamento de vento metal do auditorio unidas. Deste xeito, intentarase reservar o auditorio o resto das horas de ese mesmo día para poder facilitar ao departamento a súa organización e así promover o día dos instrumentos de vento metal unha vez por trimestre.

Divulgar nas redes sociais na semana antes do prazo de inscrición e na propia semana os instrumentos menos demandados do conservatorio.

Divulgar dende xaneiro nas redes sociais un instrumento cada semana para promoción do conservatorio e dos instrumentos. Divulgar os prazos de matrícula nas redes sociais, así como todo o que se publica na web.

Para conseguir que o alumnado de tuba comence os seus primeiros cursos coa tuba e non co bombardino, necesítanse instrumentos adaptados para alumnado de 8 anos de idade. Recoméndase ter unha tuba de pequenas dimensións no aula do Centro para estes casos.

Realizar concertos de divulgación dos instrumentos de vento metal nos centros de primaria próximos e nas escolas de música de Vigo (bandas) ou no propio centro convidando aos centros de primaria a participar. Necesidade dun tríptico con información do Centro (matrículas e probas) para repartir ao alumnado asistente.

Realizar conferencias sobre o medo escénico e os hábitos de estudio correctos e eficaces. Por exemplo con Guillermo Dalia ou Iria Saavedra.

Aula C14 e B9. Mellorar a acústica e insonorización.

6.12.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento

Audicións trimestrais de grao elemental ca participación conxunta do alumnado



de tuba, bombardino e trombón.

Audicións trimestrais do alumnado no Auditorio e audicións de aula de trompeta (Javier) 4-03-2022 e 4 -05-2022.

Participación no proxecto “Coñece o noso conservatorio”

Proxecto do departamento de Vento Metal “Ven co vento metal”, divulgación dos instrumentos de Vento Metal nos centros de primaria de Vigo (Ria de Vigo, Garcia Barbón, Seis do Nadal, Doutor Fleming e Otero Pedrayo).

Concertos en Streaming de Trombón/Bombardino/Tuba co acompañamento de Play Along os días 25/11/2021, 30/11/2021 e 03/12/2021 no auditorio do centro e retransmitido dende o canle de YouTube de LowBrass CMUS Vigo.

Concerto Xa Toc-ABBA!! das especialidades de Trombón, Tuba/Bombardino e Canto no exterior do Conservatorio o 24 de febreiro de 2022.

Concerto de Primavera da especialidade de Coro, Trombón e Tuba/Bombardino o 11/05/2022 no escampado de céspede á beira do conservatorio.

“Conto Contigo”, conto musical realizado polo alumnado de Trombón de Grado elemental o 4 -03-2022.

Recitais de Fin de Grado 2021-2022: Trombón, Trompa e Trompeta o 25 e 26 de abril de 2022.



7. Comisión de coordinación pedagóxica

7.1 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 1

1. Elección de novos coordinadores/as para o presente curso académico.
2. Informe da xefatura de estudos sobre a planificación e procedementos de xestión para o presente curso académico.

7.2 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 2

1. Aprobación, se procede, das actas anteriores.
2. Elección da secretaría do órgano de coordinación didáctica.
3. Seguimento do alumnado do mes de outubro.
4. Propostas para o Plan Anual de Formación do profesorado.
5. Rogos e preguntas.

7.3 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 3

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento do alumnado do mes de novembro.
3. Informe de matriculación excepcional en máis dun curso.
4. Rogos e preguntas.

7.4 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 4

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento do alumnado do mes de xaneiro.



3. Entrega, por parte da Coordinadora de Grao Elemental, do inventario dos departamentos para proceder á revisión anual.
4. Informe preliminar sobre vacantes de acceso a 1º GE e 1º GP para o vindeiro curso académico.
5. Rogos e preguntas.

7.5 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 5 (suspendida por mor do confinamento)

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento do alumnado do mes de febreiro.
3. Recollida, por parte da Coordinadora de Grao Elemental, do inventario dos departamentos.
4. Informe sobre vacantes de acceso a 1º GE e 1º GP para o vindeiro curso académico.
5. Rogos e preguntas.

7.6 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 6

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Seguimento da programación do mes de abril.
4. Rogos e preguntas.

7.7 Actividade da Comisión de Coordinación Pedagóxica na reunión nº 7

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Matrículas de Honra do presente curso académico.
3. Conclusións finais dos Departamentos.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Conservatorio Profesional de Música de Vigo



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

cmusVigo
Conservatorio Profesional de Música

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es

4. Rogos e preguntas.



8. Equipo de dinamización da lingua galega

8.1 Obxectivos propostos

O obxectivo primordial do EDLG céntranse fundamentalmente en garantir a normalidade do uso da lingua galega no centro. Para a consecución deste obxectivo xeral plantexáronse por unha parte, obxectivos específicos con respecto a aspectos xerais do curso, que enumeraremos a continuación, e por outra, unha relación de actividades a realizar.

A situación de pandemia polo Covid-19 segue afectando de maneira importante á hora de organizar eventos, xa que a pesar de percibirse melloría con respecto ao tema, segue sen permitirse a entrada de persoas externas ao centro e seguimos tendo redución nos aforos.

Por outro lado, o cambio no calendario escolar supuxo un cambio no ambiente do centro na semana do 16 de maio, na que celebramos a Semana das Letras Galegas e na que condensabamos unha gran parte da nosa programación. Nesa semana xa non hai clases presenciais, posto que actividade lectiva rematou o día 13 de maio, e ao non permitirse a entrada de público externo, os eventos proxectados para esa semana tivérono máis difícil para ter público na sala. Aínda que se preparou todo para retransmitir en streaming, o público é unha parte fundamental para que os protocolos de concerto poidan realizarse con normalidade.

Por estes motivos, algunhas das propostas foron canceladas, modificadas ou adiadas novamente, agardando que a situación mellore e poidan cambiarse certas restricións o curso que vén.

Os obxectivos propostos para este curso podemos resumilos nos seguintes:

No que respecta ao entorno do conservatorio, é dicir, de cara a fóra do centro, propuxémonos potenciar e visibilizar o Conservatorio no seu entorno cultural e lingüístico e establecer os contactos necesarios para desenvolver actividades con institucións da contorna que axuden a coñecer a cultura e lingua galega.



Xa dentro do centro, propuxémonos realizar unha análise sociolingüística máis ambiciosa, con recollida de máis datos, que nos permitiran coñecer mellor a nosa propia realidade e poder proxectar as actividades máis a medida para acadar uns obxectivos máis acordes con esa realidade. As actividades terían que ser o máis transversais posibles, de maneira que puideran chegar ao maior número de persoas posible. Queriamos que a totalidade das comunicacións escritas se realizaran en galego, que tamén a cartelería do centro fora realizada exclusivamente en galego e estimular o uso do galego tamén en labores de xestión e servizos. Propuxerámonos explorar novas posibilidades para divulgar as actividades realizadas polo EDLG, difundir a figura de Florencio Delgado Gurriagán, homenaxeado das Letras Galegas deste ano, así como eventos e recursos relacionados coa lingua galega (cursos Celga, tradutores, dicionarios, etc.)

Con respecto ao profesorado, propuxémonos mellorar a súa competencia lingüística en galego, incrementar o uso do galego na actividade docente e fomentar a participación dun maior número de docentes nas actividades organizadas polo EDLG.

Con respecto ao alumnado, os nosos obxectivos eran mellorar ou consolidar a competencia lingüística en galego do alumnado, difundir os dereitos lingüísticos do alumnado, velar porque non exista discriminación en razón de lingua e Incentivar o uso do galego entre o alumnado.

8.2 Obxectivos acadados

En liñas xerais os obxectivos propostos foron acadados. A partir dunha enquisa con preguntas específicas dirixidas aos diferentes colectivos da comunidade educativa realizouse unha análise sociolingüística no centro que nos axudou a coñecer un pouco mellor a realidade do uso do galego no centro. No espazo que o EDLG ten na páxina do centro publicitáronse as actividades realizadas, linkáronse recursos relacionados coa lingua e divulgouse información sobre diferen-



tes contidos traballados este curso detallados a continuación no apartado de actividades propostas e realizadas. As comunicacións internas escritas realizáronse en galego e tamén a cartelería do centro publícase exclusivamente en galego. Establecemos contacto co Conservatorio Superior de Música de Vigo e coa Escola de Música tradicional e folk de Vigo (E-trad), para afianzar as nosas relacións e proxectar actividades comúns para cursos vindeiros. Ademais creouse este curso o Instagram do centro, no que o equipo ten un espazo, e a través do que se publicitaron as actividades de divulgación organizadas polo EDLG.

8.3 Obxectivos non acadados

Algunhas das actividades propostas para este curso tiveron que ser canceladas ou aprazadas pola imposibilidade de celebración de actos públicos no auditorio. Entre elas está a presentación do libro “O Toque pechado” de Pablo Seoane. Tamén quedou aprazada a visita ao Obradoiro Seivane en Cambre, pola cancelación de visitas ao taller debido á pandemia. Toda a información con respecto ás actividades figura desenvolvida no apartado 1.6 deste documento. Por outra banda, segue pendente de conseguirse implicación por parte de todos os departamentos do centro en actividades dinamizadoras.

8.4 Aspectos positivos a destacar

A pesar das dificultades para a organización e realización de actividades neste curso, o equipo contou con colaboración de moitas persoas da comunidade educativa. Ao principio do curso cubrindo a enquisa, cunha alta porcentaxe de participación, e durante o curso, axudando e participando activamente tanto na elaboración de materiais (tamén dixitais), montaxe e desmontaxe de elementos físicos para a realización das actividades como na participación como intérpretes, actores, ponentes, compositores, etc. Mención especial este curso académico ás profesoras Beatriz Arenas e Esperanza Mara Filgueira do departamento de Canto, ao departamento de Música Tradicional e á profesora Gloria R. Gil do



departamento de linguaxe, cunha axuda imprescindible para levar a cabo boa parte das actividades este curso académico.

8.5 Propostas de mellora

Unha vez realizados os contactos, converter en realidade a realización de actividades conxuntas con outras institucións musicais da cidade.

Manter unha relación máis fluída coa Anpa do centro para lograr obter información sobre os intereses das familias, poder programar actividades nas que estean máis implicadas e lograr unha maior difusión das mesmas nas redes.

Ampliar o número de persoas implicadas no equipo, principalmente dos diferentes departamentos do centro, para poder ter acceso ás necesidades de cada un e programar actividades que impliquen á totalidade do alumnado.

Ter en conta a posibilidade de realizar eventos no exterior do centro, tanto no porche cuberto como no xardín, para poder chegar a un público máis xeral e evitar as restricións de aforo que poidan seguir existindo dentro do centro en cursos vindeiros.

8.6 Actividades propostas para este curso académico

Para cumprir os obxectivos propostos polo Equipo de dinamización lingüística do Cmus Profesional de Vigo, propuxéronse unha serie de actividades das que a continuación dase conta indicando data de realización no seu caso, así como causa da cancelación ou adiamento.

Espazo EDLG dentro da páxina web do centro

Neste curso publicamos información con respecto ás actividades organizadas polo Equipo, enlaces de interese relacionados coa formación en lingua galega e información relacionada coa figura de Florencio Delgado Gurriarán, homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas. Pode consultarse este espazo pinchando no seguinte enlace: <https://edlg.cmusvigo.gal>



Difusión actividades a través das redes sociais

As vías principais para a difusión da información, actividades e traballos realizados, organizados ou en colaboración co EDLG son o espazo web antes mencionado, a canle Youtube e as redes sociais asociadas ao centro. Diferentes persoas xestionan esas redes e a comunicación con todas elas (vicedirección, ANPA, equipo de difusión, etc. é fundamental para que as publicacións sexan efectivas. Este ano incorporouse o centro á plataforma Instagram, na que o EDLG ten tamén o seu espazo.

Axuda coa revisión de textos

A pesar de que sabemos que non é o cometido do EDLG, é necesaria esta axuda no centro para fomentar que a comunicación escrita e a creación de materiais se produzan en galego. Unha porcentaxe non desprezable do profesorado do centro é non galega, contando con profesorado estranxeiro ademais de procedente de diferentes lugares de España, e o feito de elaborar materiais de diferente natureza en galego supón unha dificultade grande.

Magosto virtual

Aúnanse con esta actividade tres elementos fundamentalmente: en primeiro lugar, a de difundir e participar dunha das máis tradicionais celebracións do ciclo anual en Galicia. En segundo lugar, a de visibilizar a música tradicional e a canción popular como parte esencial deste tipo de celebracións co coñecemento da estrutura básica das coplas octosilábicas máis habituais na tradición galega e a creación improvisada das mesmas con textos alusivos ás castañas. En terceiro lugar aprendemos vocabulario, frases feitas e refráns relacionados coas castañas.

800 aniversario do nacemento de Alfonso X “O Sabio”

Actividade de grande éxito tanto no proceso como na exposición do traballo ao público. Participaron os departamentos de Canto, Composición e Música tradi-



cional con presenza de profesorado e alumnado de todos eles. A parte explicativa correu a cargo do alumnado de historia, quen nos falou das Cantigas e o seu contexto dentro da música medieval. A parte interpretativa e escénica correu a cargo do profesorado e alumnado das especialidades de Canto e Gaita, mostrando ademais das súas interpretacións unha colección de instrumentos. (Achéganse cartel, programa e outros materiais elaborados)

Revista CUTTIME

Como cada curso, a revista prepárase durante o curso para a súa publicación online. A mediados de maio rematouse a fase de edición e maquetación e a súa publicación está proxectada para o mes de xuño. Ademais imprímese en papel a revista correspondente ao curso anterior. Pódense consultar os artigos publicados pinchando no seguinte enlace: <https://revista.cmusvigo.gal>

Coñece o noso conservatorio, coñece o teu conservatorio. Xornada de portas abertas para aquelas persoas interesadas en acceder a 1º grao elemental

Esta actividade permite ao público xeral coñecer o conservatorio e os instrumentos que o alumnado pode aprender a tocar. Como segue sen estar permitida a entrada a persoas alleas ao centro por causa da pandemia, esta actividade realizouse organizando visitas do futuro alumnado en quendas no hall e foi o profesorado de materias instrumentais o encargado de presentar os diferentes instrumentos. (Achégase díptico)

IX Mostra do Club de lectura e escritura con enxeño, CLUB ENXEÑAR

Tamén como cada ano, o club de lectura traballa co alumnado apuntado na actividade implicándose moi especialmente co fomento do uso da lingua galega. Ademais de empregar o galego como lingua de comunicación na aula, as producións do alumnado tamén se realizan exclusivamente en galego.

Entroido. A figura do Merdeiro de Vigo



Unha das actividades máis importantes organizadas polo EDLG este curso. A pesar de ter contactado coa Asociación *A Merdeira* con moito tempo e ter o compromiso do préstamo dun traxe para mostralo no centro, finalmente non puídemos contar con el. Realizamos a divulgación non só do da figura de O Merdeiro de Vigo, se non tamén das mais relevantes do entroido galego: Peliqueiros, Cigarróns, Pantallas, Volantes, O Oso de Salcedo, As Damas e Galáns de Cobres, Os Boteiros, etc. Todos estiveron presentes no Conservatorio Profesional de Vigo. (Achéganse carteis e material didáctico).

Presentación do libro “O Toque Pechado”

Este libro autoeditado polo autor, Pablo Seoane, non puido ser presentado no centro. A actividade foi cancelada por dúas causas fundamentalmente. Por un lado, a imposibilidade da entrada de público xeral ao centro supuña non cumprir un dos obxectivos intrínsecos na realización dunha presentación bibliográfica, e por outro lado, xa estaba programada unha presentación deste libro en Vigo, no Conservatorio Superior de Vigo onde si permitiron a entrada de público. Decidimos que o mellor sería cancelar o evento no noso centro e derivar ás persoas interesadas ao Cmus Superior.

Obradoiro Seivane: 100 anos de Historia

Esta actividade estaba programada logo da aprobación na mesma no Consello Escolar para realizarse no mes de xaneiro, á volta das vacacións de Nadal. Co empeoramento da situación poa Covid-19, desde o Obradoiro instáronnos a aprazar a visita, que non puido realizarse durante este curso. Emprazados para realizarlal no curso que vén.

VIII Memorial Henrique Otero

Como cada ano participamos nun evento organizado principalmente pola Asociación de Gaiteros Galegos ademais doutras institución relacionadas coa gaita. Os conservatorios de Vigo participan enviando alumnado que interpreta melodías compostas polo Mestre Otero. Este ano o evento tivo lugar o 23 de abril no



Cmus Superior de Vigo ás 19:30. (Achégase cartel)

Exposición: O traxe tradicional galego

A II Mostra sobre o traxe tradicional galego contou con traxes de garda, feira e cotío no caso do traxe feminino e de faena no caso do masculino. En total 4 maniqués expostos no hall do centro. Ademais nunha vitrina mostráronse xoiería tradicional, pezas de roupa antiga e bibliografía sobre a indumentaria tradicional galega. As prendas foron rotuladas cos nomes específicos e realizáronse tamén carteis e dípticos explicativos. A exposición estivo presente no centro desde o día 9 ao 20 de maio e a acollida da mesma foi moi excelente, con propostas para novas exposicións en cursos próximos, como ponencias, charlas, posibilidade de facer pase de modelos reais... (Achéganse fotografías e materiais gráficos)

Concerto compositor@s galeg@s

Como en anos anteriores, O alumnado de Gloria R. Gil da materia RTA realiza composicións musicais sobre textos en galego, que son interpretados dentro dos actos conmemorativos da Semana das Letras Galegas. Nesta ocasión acompañaa ao piano Blanca Vázquez, profesora do departamento de piano. O evento celebrouse dentro dos programados para a Semana das Letras Galegas, o día 16 de maio ás 19:00. (Achégase cartel e programa de man).

Pasado e presente das músicas de tradición oral

Tamén dentro da programación das letras tivo lugar este concerto con música de compositores galegos interpretada por alumnado de Esperanza Mara do departamento de canto. O evento contou coa presenza de Juan Durán, en calidade de compositor e ponente, para achegar ao público información sobre o proceso compositivo a partir de material da tradición oral. Este acto foi celebrado o día 18 de maio ás 19:00h. (Achégase cartel e programa de man).

Representación do Club Enxeñar: IX Mostra do Club Enxeñar



Co nome de Avogad@s do futuro o grupo matriculado este ano no club de lectura presentaron ante o público parte do traballado durante o curso. Creación de música e letra por parte do alumnado, preocupados polo futuro do planeta no que vivimos. Partindo de frases que eles mesmos seleccionaron, crearon as súas propias, que despois musicaron e presentaron ante o público o día 20 de maio ás 19:00. Co resultado das reflexións elaborouse un pequeno libro que cada un puido levar para casa de recordo. (Achégase cartel e libriño en formato dixital).

Concerto co Coro e Conxunto de Metais

Actividade que viña adiada do curso pasado en espera de que se puidera celebrar con público xeral. Como os protocolos non o permitiron este curso, quedou cancelada definitivamente. De todos xeitos, no seu lugar, o alumnado do conxunto de metais e o alumnado da materia de coro ofreceron unha sesión aberta ao público no xardín lateral o mércores 11 de maio, correspondendo coa última clase do curso.

VI día da música galega. Bautizando as aulas do centro

Actividade que tamén viña adiada do curso anterior. Segue estando pendente dedicar unha aula de linguaxe á profesora Mercedes de Evans Garabatos, proposición deste departamento no curso 2019-2020. Contamos con poder realizar este evento no curso que vén.

Música galega para piano: os precursores

Actividade cancelada definitivamente, tamén proxectada pao o curso académico 2019-2020 e adiada desde entón agardando a posibilidade de realizar o concerto con público.



9. Equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas

9.1 Obxectivos

Organizar as actividades que a situación sanitaria permita e realizalas con ampla planificación:

- Concerto de Santa Icíá.
- Concerto de Nadal.
- Fotocall e decoración Navideña.
- Concerto de Entroido.
- Fotocall e decoración de Entroido.
- Concerto do Día de Europa.
- Decoración do auditorio e hall do conservatorio como conmemoración do Día de Europa.
- Posta en marcha do perfil de Instagram do conservatorio.
- Publicación de vídeos de diferentes formacións musicais do centro na canle de Youtube e nas redes sociais.
- Gravación dos concertos para a obtención de Premio de fin de grao profesional.

Establecer mecanismos de mellora para facer difusión de todas as actividades que se realizan no Conservatorio, en especial nestes tempos de alerta sanitaria.

Aumentar o tempo dos concertos para dar máis cabida ao alumnado.

Realizar as tarefas asignadas de forma eficaz.

Idear novas actividades para este curso académico.

Adquirir, actualizar e reforzar os equipos de gravación para actividades do próximo curso.



9.1.1 Obxectivos acadados

Levar a cabo todas as actividades planificadas a pesar da situación de alerta sanitaria.

9.1.2 Obxectivos non acadados

Non poder realizar os concertos con público externo ao centro porque o protocolo Covid non o permitiu.

9.2 Aspectos positivos a destacar

Implicación total por parte de todos/as os compoñentes do equipo de actividades nas actividades e tarefas a realizar.

Aumento de propostas de alumnado para participar nos diferentes concertos.

9.3 Propostas de mellora

Máis participación, implicación e interrelación cos diferentes departamentos.

Organizar as actividades tendo en conta a toda a comunidade educativa.

9.4 Actividades realizadas

- Concerto de Santa Icíá: Luns 29 de novembro de 2022 ás 20:00 horas no auditorio do centro.
- Concerto de Nadal: Martes 21 de decembro ás 20:00 horas no auditorio.
- Fotocall e decoración navideña a semana previa ás vacacións de Nadal.
- Concerto de Entroido: Martes 22 de febreiro ás 20:00 horas no auditorio.
- Fotocall e decoración de Entroido a semana previa ás vacacións de Entroido.
- Concerto do Día de Europa: Luns 9 de maio ás 17:30 horas no auditorio do centro.
- Decoración do auditorio e hall do conservatorio como conmemoración do Día



de Europa.

Estes concertos foron retransmitidos en streaming a través da nosa canle de Youtube ante a imposibilidade de asistencia de público externo ao centro polos protocolos Covid vixentes.

- Vídeos da Orquestra Junior, de alumnado de RTA en colaboración coa Asociación Mujeres en la Música na sección Mulleres nas Aulas, das diferentes actuacións nos concertos que celebramos e do club Enxeñar. Todos estes publicados na canle de Youtube, Facebook, Instagram e Twitter do Conservatorio.

-Gravación dos concertos para a obtención dos premios de fin de grao profesional.

Almacenamento das gravacións realizadas das actividades organizadas polo Equipo de Actividades.

Rexistro das noticias da prensa relacionadas co noso centro.

9.5 Tarefas realizadas polos membros do EA no curso 2021/22

9.5.1 Cecilia Blanco Formoso.

Organización e planificación dos concertos. Cambios de actuacións no escenario.

Publicacións en Twitter.

Propostas para un bo funcionamento dos concertos coa aplicación dos protocolos.

Control de aspectos a mellorar no desenvolvemento dos concertos. Balance das actividades realizadas o curso pasado e propostas de mellora.

Asistencia ás reunións convocadas.



9.5.2 Sara Peral Hernández.

Control de aspectos a mellorar no desenvolvemento dos concertos. Balance das actividades realizadas o curso pasado e propostas de mellora.

Organización e planificación dos concertos. Control de cámara.

Ordenar despacho de actividades.

Asistencia ás reunións convocadas.

9.5.3 Antonio Rodríguez Iborra.

Descarga dos arquivos da cámara de vídeo, da cámara de fotos e da gravadora de audio, despois de cada evento.

Montar e desmontar os micros de mesa e o equipo de só para as reunións do equipo docente do centro.

Edición de vídeo, sincronización audio/vídeo, ecualización e masterización do audio, renderización...

You Tube: subida de vídeo, engadir comentario, engadir tags, ordenar por concertos. Publicacións en Facebook e Instagram.

Ordenar (Audio, Vídeo e Fotos) no disco duro do Estudo de Gravación.

Asistencia ás reunións convocadas.

9.5.4 Virginia Lis Álvarez.

Colaboración na organización dos concertos, máis concretamente no referido a decoración e cambios de actuacións no escenario.



10. Coordinación do grao elemental

10.1 Obxectivos para o curso

Supervisar semanalmente as solicitudes de titorías ao profesorado.

Xestionar o préstamo instrumental, externo e interno.

Atender as necesidades que poidan xurdir nos departamentos con respecto ao alumnado do grao elemental.

Actualizar e revisar o libro de rexistro de afinacións dos pianos.

Organizar a charla de acollida ao alumnado do 1º curso do grao elemental.

Organizar a charla de acollida a familias novas no centro.

Establecer e organizar os reforzos de linguaxe musical.

Preparar a actividade “Coñece o noso conservatorio; coñece o teu conservatorio” para comezar en xaneiro.

Realizar os acollementos ao profesorado de nova incorporación (novas incorporacións, substitucións temporais, medias xornadas, baixas).

10.1.1 Obxectivos acadados

Todos excepto os números 5 e 6 e parte do número 2.

10.1.2 Obxectivos non acadados

Atendendo aos protocolos Covid tampouco este curso puidemos desenvolver as charlas de acollida ás novas familias no centro. Tampouco se xestionou préstamo interno de instrumentos por supor un risco debido á situación actual.

Aspectos positivos a destacar

A liña de traballo que desenvolve o Equipo Directivo baseada na organización, planificación, practicidade, rigurosidade, etc. complementada cun total apoio e



respecto ao traballo dos compañeiros/as, facilita e optimiza as tarefas que teño que desenvolver ao longo do curso.

10.2 Propostas de mellora

Mellorar a implicación por parte do alumnado de grao elemental nas actividades que se organizan no centro.

Mellorar a implicación das familias nos hábitos de estudo musical dos seus fillos/as.

Mellorar a acción titorial do profesorado, aumentando a comunicación interdepartamental.

Mellorar a visibilidade do conservatorio na cidade.

Ampliar o alcance na cidade da actividade “Coñece o noso conservatorio coñece o teu conservatorio”.

10.3 Actividades realizadas

Acollemento de todo o profesorado de nova incorporación ao principio do curso, e do profesorado de substitución e medias xornadas ao longo do curso. Fíxéronse un total de 38 acollementos.

Xestión do préstamo instrumental externo. Tramitáronse 10 préstamos externos de instrumento divididos do seguinte xeito: 3 préstamos de contrabaixo, 2 de fagot, 1 de óboe, 2 de viola, 1 de trombón, e 1 de trompa.

Revisión do listado de pianos do centro (números de serie, aulas nas que se ubican, etc).

Revisión do libro de afinacións. Creouse un novo libro para o rexistro das afinacións deste curso 2021-2022. O afinador realizou 60 afinacións (55 en aulas e 5 no auditorio).

Revisión do documento de solicitude de titorías e actualización do texto co fin de



solucionar os erros que as familias cometen ao facer estas solicitudes, e que supoñen unha ralentización do proceso.

Actualización constante do listado de titores no documento de solicitude de titorías co profesorado substituto por baixas e medias xornadas (e ao principio de curso co de nova incorporación).

Rexistro do alumnado que solicita titoría con cada profesor/a. Rexistráronse un total de 93 solicitudes de titoría neste curso.

Revisión dos documentos relativos ao acollemento de alumnado e profesorado na páxina web do centro.

Organización, xunto ao xefe de estudos e o departamento, dos reforzos de Linguaxe Musical (actividade dirixida a aquel alumnado de todos os cursos de LM que non evoluciona da forma desexable).

Planificación, xunto ao xefe de estudos, das quendas das xornadas de portas abertas “Coñece o noso conservatorio; coñece o teu conservatorio” (actividade dirixida aos nenos e nenas que teñen pensado facer as probas de acceso ao 1º curso do grao elemental). Planificáronse 15 quendas a desenvolver entre os meses de xaneiro e maio (cada unha de dúas horas repartidas entre luns ás 18h e xoves ás 19h)

Planificación, xunto ao profesorado interesado, das sesións desta actividade, así como da orde de intervención. Nesta ocasión participaron os instrumentos: óboe, gaita, trompa, trombón, acordeón, clarinete, frauta, fagot, tuba, contrabaixo e viola.

Rexistro e publicación semanal, en conxunto co persoal de conserxería e co xefe de estudos, do listado de participantes nestas xornadas. Participaron, nas 15 quendas ofertadas, un total de 73 nenos e nenas.

Elaboración dun panfleto informativo para entregar aos participantes desta actividade con información sobre os instrumentos a escoller, datas importantes, e



preguntas frecuentes.

Envío dun correo electrónico a todos os centros educativos de primaria da cidade (públicos, concertados e privados) achegando un panfleto informativo coas datas desta actividade e unha explicación de como apuntarse para participar.

Revisión e actualización das ligazóns a vídeos, propostos na páxina web, co fin de axudar aos interesados/as en presentarse á proba de acceso a 1º GE na elección de instrumento.

Revisión e actualización, xunto ao director, xefe de estudos e persoal de administración, do documento de Preguntas Frecuentes dirixido aos aspirantes ás probas de acceso de 1º GP e 1º GE, para a súa publicación na páxina web.

Desenvolvemento, como apoio ao xefe de estudos, das sesións de avaliación: tres trimestres e setembro.

Entrega e recollida, xunto ao xefe de estudos, das enquisas de acollemento ao alumnado de 1º GE. Recolléronse un total de 17 enquisas.

Revisión conxunta co xefe de estudos do documento de seguimento da avaliación dos cursos de grao elemental e grao profesional.

Apoio ao xefe de estudos na resolución de problemas do profesorado, alumnado e familias.

Elaboración xunto ao xefe de estudos e o director dos tribunais de Premio Fin de Grao, Acceso a GE e Acceso a GP.

Organización xunto ao xefe de estudos de todo o proceso de pianistas acompañantes para as probas de acceso a GP.



11. Coordinación das tecnoloxías da información e comunicación

11.1 Obxectivos para o ano

Mantemento do equipamento dixital do Centro. Mantemento e Funcionamento da Aula Virtual. Realización do Plan Dixital

11.1.1 Obxectivos acadados

Todos

11.1.2 Obxectivos non acadados

Ningunho

11.2 Aspectos positivos a destacar

O A.V. Funciona cada vez con máis fluidez. A instalación das tomas Ethernet facilitou moito as conexións dos profesores

11.3 Propostas de mellora

A rede contratada é de 1 Gb, e as medicións non superan máis de 49-80 ou 100 Mbps. É necesario ampliar a señal wifi con “repetidores wifi” ou “PLC’s”. Tamén habería que solicitar á Xunta a dotación de dispositivos portátiles aos departamentos e ao profesorado.

11.4 Actividades realizadas

As propias do equipo TIC.



12. Coordinación da biblioteca

12.1 Obxectivos

Facer unha reunión ao principio de curso co profesorado que fai gardas na biblioteca para ensinarlles a prestar e catalogar co programa MEIGA.

Falar co departamento de MEIGA da Consellería de Educación para a inclusión do novo listado de alumnado e profesorado do curso 21/22.

Recuperar os libros e partituras non devoltos do curso 20/21.

Recuperar os libros prestados ao profesorado do centro que se atopaban nas súas aulas.

Catalogar o material do Club Enxeñar obtido no curso 20/21.

Catalogar o material obtido cos fondos da AMPA no curso 20/21.

Facer un listado e catalogar a doazón de material de Dna. Rosa M^a López de Castro.

Facer un listado e catalogar a doazón de material de D. Eduardo de la Rubia Huete, quen xa fixera outra doazón en anos anteriores.

Ordear e clasificar os CDs e DVDs coas súas correspondentes divisións por compositor, instrumento ou xénero musical. Para tal fin instalouse un novo andel na sala de lectura.

Manter ordeadas as partituras da biblioteca e redistribuír as mesmas para facer oco de cara ás seguintes incorporacións. Se fixera falta cambiar os pictogramas de sitio, ou mesmo facer uns novos para identificar os instrumentos facilmente.

Ordear e clasificar as fotocopias de partituras de canto que quedaban do ano pasado no andel de pianistas acompañantes, agora se atopan na aula de canto B17.



Ordear os programas de diferentes concertos que se realizaron no centro e expoñelos na sala de lectura.

Clasificar o material de prensa almacenado dos Premios David Russell.

Revisar e modificar os listados do arquivo de partituras do departamento de pianistas acompañantes mediante un novo documento Excel que fixo o profesor Javier Abalde. Incluír unha fotocopia dos mesmos no arquivo e unha carpeta no ordenador da biblioteca para facer futuras modificacións de xeito máis sinxelo.

Facer unha nova petición de partituras xestionadas con fondos do conservatorio. Para tal fin se partiu das peticións que quedaban nalgúns departamentos e se incluíron propostas do profesorado de nova incorporación. Catalogar dito pedido.

Facer o pedido do Club Enxeñar do curso 2021-2022.

Compartir imaxes ou historias en Instagram.

12.1.1 Obxectivos acadados

Todos os expostos no punto anterior excepto a catalogación do pedido do Club Enxeñar, xa que aínda non chegou.

12.1.2 Obxectivos non acadados

Facer os novos pictogramas, tentarei facelo cando rematen as clases.

Publicar máis fotos ou historias para as redes sociais do centro.

- **Aspectos positivos a destacar**

Un ano máis gustárame agradecer a implicación do equipo directivo, en especial a de Ángel Montes, sempre disposto a axudar e aportar ideas para a biblioteca.

Destacar tamén a enorme axuda e implicación de Berta Fresco co arquivo de pianistas acompañantes e a dedicación dos profesores Fran Bouza, Javier Abalde, Baldomero Barciela e Gloria Rodríguez. Sen a enerxía desta última non



teríamos o presuposto do Club Enxeñar para adquirir fondos todos os anos.

Mencionar tamén a Begoña Coello que ordeou as partituras na súa hora de garda na biblioteca e felicitar a Antonio Iborra que foi o encargado de facer as publicacións de Instagram.

Quero agradecer a dispoñibilidade dos conserxes para recuperar o material non devolto, chamando ao alumnado e profesorado e manténdome ao tanto en todo momento e a Miguel Francisco Moreno pola posta a punto dos ordenadores e a solución dos problemas técnicos que surxiron este ano.

12.2 Propostas de mellora

Se o aforo da biblioteca volve ao anterior, tentar facer ciclos o próximo curso académico proxectando os DVDs que temos na mesma, para que o alumnado coñeza pezas orquestrais, óperas ou grabacións de música tradicional.

12.2.1 Actividades realizadas

Non se realizou ningunha.



13. Memoria do Club de lectura 2020-2021. Club Enxeñar

13.1 Finalidade

Creación de micropezas teatrais-musicais a través dun taller-club de lectura, emprego do enxeño, escritura, creación e interpretación. A xustificación de que non se centre soamente na lectura é, que o alumnado deste centro de ensinanza non obrigatoria, xa conta con clubs de lectura nos seus colexios ou institutos, polo que engadimos outras destrezas anexas á lectura, e propias dun centro artístico como é o conservatorio de música.

13.2 Datos do centro

Conservatorio Profesional de Música de Vigo, código 36024471

Nome do Club de Lectura

Club Enxeñar

Participantes

1 único grupo de 7 alumnos/as de xeito permanente, e 2 de xeito esporádico. Este ano o alumnado integrante do club foi menor que hai dous anos debido a pandemia, para poder gardalas distancias establecidas. Por ese mesmo motivo, este ano non puidemos contar coa colaboración doutro profesorado do centro, aínda que sí, como cada ano, coa colaboración do departamento de normalización lingüística.

13.3 Calendario de reunión

Tódolos venres de 17 a 18 horas na aula C16 ou no auditorio dende o 1 de Outubro ata o 20 de Maio, para a investigación, lectura, debate, creación, escritura e interpretación sobre a importancia do musical como espectáculo.



13.4 Actividades desenvolvidas durante esas reunións

1º trimestre: Investigación a través de internet (artigos, prensa, redes sociais), sobre a evolución dos musicais a través da historia. Traballo individual realizado por cada membro do club e relacionado cun musical escollido e recreado con nova letra e incluso música. Elección dun tema para o noso musical (a falsedade que agocha a nova era en pro do “sostible”). Elección individual dunha frase que servirá de inspiración ao noso número musical.

2º trimestre: Traballo individual e colectivo sobre os textos seleccionados, traducidos previamente ao galego. Posta en común do espectáculo final que constará de seis números ou escenas en total. Busca colectiva do título para o musical: “abogad@s do futuro”.

3º trimestre: Grabación dos vídeos no auditorio para as distintas escenas do musical, montaxe realizada pola coordinadora e revisada posteriormente pola coordinadora do equipo de normalización lingüística e polo club a primeiros de maio. O vídeo resultante ten unha duración de 14 minutos e contén un musical composto de seis números, realizouse mediante a aplicación imovie. Foi proxectado no auditorio o venres 20 de Maio dentro das actividades da semana das letras galegas, pero non se admitiu público externo ao centro. Tamen foi colgado no canal youtube do cmus profesional de Vigo.

3º trimestre: Ademais realizouse unha sesión de fotografías no auditorio coas 9 persoas totais que conformaron o club este ano, para acompañalos textos seleccionados polo alumnado e que servirán de maquetación para un libriño que o departamento de normalización lingüística editou como agasallo a este alumnado que mantén vivo o club de lectura do cmusVigo dende hai 9 anos.

13.5 Títulos lidos

Non foron lidos libros senon artigos extraídos de diferentes páxinas web de diferentes países, e polo tanto en galego, castelán e inglés. Os artigos versaban da importancia que tiveron os musicais ao longo do século XX, e da contrariedade



que vivimos ao incentivarse as enerxías renovables ou artigos sostibles, en lugar de fomentar un menor consumo tanto enerxético como material.

13.6 **Materiais elaborados**

Seis números para un musical moderno, e coa configuración das personaxes por parte de cada membro do club (traballo individual e de conxunto). 6 guións teatrais ou poéticos elaborados polo club (traballo conxunto). Creación de 4 textos. Grabación de 18 vídeos e 14 fotos e montaxe do vídeo definitivo por parte da coordinadora e directora do proxecto, ao que se pode acceder a través do seguinte enlace:



14. Memoria de xestión económica

14.1 Orzamento anual

Os criterios para a elaboración do orzamento anual do conservatorio e para a distribución dos ingresos entre as distintas partidas de gasto, son os seguintes:

1. Cubrir as necesidades básicas e mantemento do edificio.
2. Manter o instrumental propio en perfectas condicións.
3. Investir en melloras do centro.

CONCEPTOS	XANEIRO 21	FEBREIRO 21	MARZO 21	ABRIL 21	MAIO 21	XUÑO 21	XULLO 21	AGOSTO 21	SETEMBRO 21	OUTUBRO 21	NOVEMBRO 21	DECEMBRO 21	GASTOS TOTAIS 2021
1. Arrendamentos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2. Reparacións, mantemento e conservación	-248,53 €	-1.571,50 €	-3.330,66 €	-3.531,72 €	-1.237,27 €	-1.893,44 €	-3.645,26 €	-34.726,10 €	-4.239,93 €	-3.350,92 €	-5.829,45 €	-16.455,26 €	-80.060,04 €
(20) Sistema de calefacción	0,00 €	0,00 €	-1.310,09 €	0,00 €	0,00 €	-329,63 €	0,00 €	0,00 €	-1.306,80 €	0,00 €	-850,63 €	0,00 €	-3.797,15 €
(200) Mantemento calefacción (Termocalor, Mantergal)	0,00 €	0,00 €	-1.310,09 €	0,00 €	0,00 €	-329,63 €	0,00 €	0,00 €	-1.306,80 €	0,00 €	-850,63 €	0,00 €	-3.797,15 €
(21) Fotocopiadoras	-105,75 €	0,00 €	-69,19 €	-32,91 €	-42,57 €	-42,41 €	-454,06 €	-227,12 €	-111,04 €	0,00 €	-643,09 €	-2.909,12 €	-4.637,26 €
(211) Fotocopiadoras (Dismega)	-105,75 €	0,00 €	-69,19 €	-32,91 €	-42,57 €	-42,41 €	-454,06 €	-227,12 €	-111,04 €	0,00 €	-643,09 €	-2.909,12 €	-4.637,26 €
(22) Ascensor	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-1.016,40 €
(220) Mantemento ascensor (Asgali)	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-84,70 €	-1.016,40 €
(221) Inspección reglamentaria (Enmascosa)	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
(23) Xestión informática	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
(24) Mantemento centralita de incendios e alarma do edificio	0,00 €	-217,80 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-1.049,80 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-1.267,60 €
(240) Centralita de incendios (Boel Seguridade, S.L.)	0,00 €	-217,80 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-217,80 €
(241) Mantemento alarmas e sistemas extinción incendios (Seppronor)	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-1.049,80 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-1.049,80 €
(25) Mantemento de instrumentos	-58,08 €	-159,00 €	0,00 €	-1.996,50 €	0,00 €	0,00 €	-1.996,50 €	0,00 €	0,00 €	-1.996,50 €	-297,66 €	-1.996,50 €	-8.500,74 €
(250) Afinador (Blanco)	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-1.996,50 €	0,00 €	0,00 €	-1.996,50 €	0,00 €	0,00 €	-1.996,50 €	0,00 €	-1.996,50 €	-7.986,00 €
(251) Cordas	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
(252) Parches percusión	0,00 €	-159,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-159,00 €
(253) Reparación instrumentos de corda	-58,08 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-297,66 €	0,00 €	-355,74 €
(254) Reparación instrumentos de vento	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
(26) Mantemento do edificio	0,00 €	-850,00 €	-1.606,68 €	-1.157,61 €	-850,00 €	-1.176,70 €	-850,00 €	-34.154,28 €	-1.427,59 €	-1.009,72 €	-1.055,72 €	-11.204,94 €	-55.343,24 €
(260) Mantemento xeral	0,00 €	-850,00 €	-850,00 €	-850,00 €	-850,00 €	-850,00 €	-850,00 €	-850,00 €	-850,00 €	-850,00 €	-910,52 €	-1.765,36 €	-10.325,88 €
(261) Material mantemento xeral	0,00 €	0,00 €	-605,43 €	-210,81 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-338,16 €	-577,59 €	0,00 €	0,00 €	-750,32 €	-2.482,31 €
(262) Electricistas	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-36,30 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-159,72 €	0,00 €	-8.098,78 €	-8.294,80 €
(263) Fiestras e portas	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-96,80 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-96,80 €
(264) Aparcadoiro	0,00 €	0,00 €	-151,25 €	0,00 €	0,00 €	-290,40 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-145,20 €	0,00 €	-586,85 €
(265) Pintura Centro	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-32.966,12 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-32.966,12 €
(266) Mantemento equipos eléctricos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-590,48 €	-590,48 €
(267) Atención ANEAE	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
(268) Desatascador de baños	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
(27) Mantemento do xardín	0,00 €	-260,00 €	-260,00 €	-260,00 €	-260,00 €	-260,00 €	-260,00 €	-260,00 €	-260,00 €	-260,00 €	-2.897,65 €	-260,00 €	-5.497,65 €



(271) Mantemento xardín	0,00 €	-260,00 €	-260,00 €	-260,00 €	-260,00 €	-260,00 €	-260,00 €	-260,00 €	-260,00 €	-260,00 €	-260,00 €	-2.897,65 €	-260,00 €	-5.497,65 €
(28) Outros mantementos da instalación non fixos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
3. Material de oficina	0,00 €	-201,44 €	-206,01 €	-29,75 €	0,00 €	-170,32 €	-327,14 €	-42,05 €	-90,75 €	-344,73 €	-169,88 €	-20,17 €	-1.602,24 €	
(30) Material de oficina (Incluído papel de fotocopias e funxibles...)	0,00 €	-201,44 €	-206,01 €	-29,75 €	0,00 €	-170,32 €	-327,14 €	-42,05 €	-90,75 €	-344,73 €	-169,88 €	-20,17 €	-1.602,24 €	
(301) Material oficina	0,00 €	-103,43 €	-17,25 €	-29,75 €	0,00 €	-170,32 €	-327,14 €	-42,05 €	-90,75 €	-15,00 €	-81,40 €	-20,17 €	-897,26 €	
(302) Imprentas/Encadernacións	0,00 €	0,00 €	-188,76 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-329,73 €	-88,48 €	0,00 €	-606,97 €	
(303) Impresos oficiais (Gráficas Numancia)	0,00 €	-98,01 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-98,01 €	
4. Subministracións	-5.564,78 €	-1.579,34 €	-4.174,37 €	-1.839,11 €	-2.836,13 €	-722,30 €	-2.025,91 €	-1.382,38 €	-789,74 €	-1.638,31 €	-1.400,17 €	-2.017,07 €	-25.979,61 €	
(40) Luz	-1.800,82 €	-795,80 €	-662,91 €	-790,15 €	-768,85 €	0,00 €	-741,32 €	-636,38 €	0,00 €	-1.135,18 €	-551,74 €	-1.203,59 €	-9.086,74 €	
(400) Electricidade (Gas natural)	-1.800,82 €	-795,80 €	-662,91 €	-790,15 €	-768,85 €	0,00 €	-741,32 €	-636,38 €	0,00 €	-1.135,18 €	-551,74 €	-1.203,59 €	-9.086,74 €	
(41) Auga	-260,61 €	0,00 €	-170,42 €	-71,94 €	-201,02 €	-226,56 €	0,00 €	-145,33 €	0,00 €	-71,94 €	-142,67 €	-112,57 €	-1.403,06 €	
(410) Aqualia	-194,61 €	0,00 €	-170,42 €	0,00 €	-129,08 €	-154,62 €	0,00 €	-145,33 €	0,00 €	0,00 €	-70,73 €	-112,57 €	-977,36 €	
(411) Fonte de auga	-66,00 €	0,00 €	0,00 €	-71,94 €	-71,94 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-71,94 €	-71,94 €	0,00 €	-425,70 €	
(42) Limpeza	-931,23 €	-783,54 €	-107,31 €	-977,02 €	-88,88 €	-204,24 €	-1.066,03 €	-610,67 €	-680,46 €	-321,91 €	-615,61 €	-210,52 €	-6.597,42 €	
(420) Produtos de limpeza (Darlim e outros)	-256,44 €	-298,25 €	-27,23 €	-694,24 €	0,00 €	-135,16 €	-277,20 €	-494,51 €	0,00 €	-230,83 €	-124,98 €	-130,44 €	-2.669,28 €	
(421) Alfombras, contedores hixiénicos, ambientadores, ozonizadores (Rentokil)	-605,71 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-605,71 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-338,79 €	0,00 €	-1.550,21 €	
(422) Limpeza cristales entrada (Limpiezas Azul)	-58,08 €	-58,08 €	-58,08 €	-58,08 €	-58,08 €	-58,08 €	0,00 €	-116,16 €	-636,46 €	-58,08 €	-58,08 €	-58,08 €	-1.275,34 €	
(423) Destrucción de documentos (Integral Data)	-11,00 €	0,00 €	-22,00 €	-11,00 €	-30,80 €	-11,00 €	-11,00 €	0,00 €	-44,00 €	-33,00 €	0,00 €	-22,00 €	-195,80 €	
(424) Prevención sanitaria (luvas, máscaras protectoras, xel desinfectante...)	0,00 €	-427,21 €	0,00 €	-213,70 €	0,00 €	0,00 €	-172,12 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-93,76 €	0,00 €	-906,79 €	
(43) Gas	-2.572,12 €	0,00 €	-3.233,73 €	0,00 €	-1.777,38 €	-291,50 €	-218,56 €	0,00 €	-109,28 €	-109,28 €	-90,15 €	-490,39 €	-8.892,39 €	
(430) Gas (Gas natural)	-2.572,12 €	0,00 €	-3.233,73 €	0,00 €	-1.777,38 €	-291,50 €	-218,56 €	0,00 €	-109,28 €	-109,28 €	-90,15 €	-490,39 €	-8.892,39 €	
5. Comunicacións	-177,20 €	-152,08 €	-110,30 €	-111,00 €	-110,30 €	-594,30 €	-110,61 €	-110,30 €	-110,30 €	-111,15 €	-110,30 €	-119,11 €	-1.926,95 €	
(50) Centralitas e liñas telefónicas e de internet	-177,20 €	-152,08 €	-110,30 €	-111,00 €	-110,30 €	-594,30 €	-110,61 €	-110,30 €	-110,30 €	-111,15 €	-110,30 €	-119,11 €	-1.926,95 €	
(500) Aplicación Centros-Net	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-484,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-484,00 €	
(501) R	-177,20 €	-152,08 €	-110,30 €	-111,00 €	-110,30 €	-110,30 €	-110,61 €	-110,30 €	-110,30 €	-111,15 €	-110,30 €	-119,11 €	-1.442,95 €	
6. Transporte	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
7. Traballos realizados por outras empresas	-954,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-1.157,06 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-2.111,06 €
(70) Auditorías	-954,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-1.157,06 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-2.111,06 €	
(700) Auditoría externa (AENOR)	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-1.157,06 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-1.157,06 €	
(701) Plan de autoprotección (Preventecnia)	-954,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-954,00 €	
8. Primas de seguro	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
9. Tributos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-834,15 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-834,15 €
(90) Tributos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-834,15 €	0,00 €	0,00 €	-834,15 €	
(900) Lixo Concello de Vigo	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-534,75 €	0,00 €	0,00 €	-534,75 €	
(901) Imposto entrada de vehículos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-299,40 €	0,00 €	0,00 €	-299,40 €	
10. Axudas de custo e locomoción	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-57,22 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-53,82 €	-53,82 €	-512,00 €	-676,86 €
(100) Axudas de custo e locomoción	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-57,22 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-53,82 €	-53,82 €	-512,00 €	-676,86 €
(1000) Axudas de custo e locomoción	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-57,22 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-53,82 €	-53,82 €	-512,00 €	-676,86 €
11. Gastos diversos	-0,40 €	-2,00 €	-255,86 €	-165,56 €	-228,20 €	-1.804,92 €	-125,02 €	-1,20 €	-501,20 €	-368,30 €	-434,51 €	-1.064,15 €	-4.951,32 €	
(110) Gastos diversos	-0,40 €	-2,00 €	-255,86 €	-165,56 €	-228,20 €	-1.804,92 €	-125,02 €	-1,20 €	-501,20 €	-368,30 €	-434,51 €	-1.064,15 €	-4.951,32 €	
(1101) Erasmus+	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-60,02 €	-251,31 €	0,00 €	-311,33 €	
(1102) Concertos musicos alleos ao centro	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
(1103) Cafeterías	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	



(1104) Excelencia musical	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
(1105) Orientación e novas propostas pedagóxicas	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
(1106) Política Lingüística	0,00 €	0,00 €	-139,46 €	0,00 €	0,00 €	-280,72 €	-123,82 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-544,00 €
(1107) Partida finalista (Club Enxeñar)	0,00 €	0,00 €	-114,00 €	-163,16 €	-106,20 €	-616,64 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-1.000,00 €
(1108) Subscricións	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-97,74 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-97,74 €
(1109) Outros gastos e tarxeta prepago	-0,40 €	-2,00 €	-2,40 €	-2,40 €	-122,00 €	-809,82 €	-1,20 €	-1,20 €	-501,20 €	-308,28 €	-183,20 €	-1.064,15 €	-2.998,25 €
(1110) Mellora no sistema de xestión de calidade	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
12. Mobiliario e utensilios inventariados	-70,00 €	-2.049,74 €	-534,82 €	0,00 €	0,00 €	-6.301,98 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-164,33 €	-8.417,84 €
(120) Mobiliario e utensilios inventariados	-70,00 €	-2.049,74 €	-534,82 €	0,00 €	0,00 €	-6.301,98 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-164,33 €	-8.417,84 €
(1200) Mobiliario	0,00 €	-522,72 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-522,72 €
(1201) Biblioteca	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-76,00 €	-1.117,55 €
(1202) Ordenadores e tecnoloxía	-70,00 €	-1.527,02 €	-534,82 €	0,00 €	0,00 €	-6.301,98 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-88,33 €	-7.300,29 €
13. Outros materiais inventariados	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
(130) Outros materiais inventariados	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
(1300) Instrumentos e complementos (Ópera Prima e outros)	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL GASTOS	-7.014,91 €	-5.556,10 €	-8.612,02 €	-5.677,14 €	-4.411,90 €	-12.701,54 €	-6.233,94 €	-36.272,03 €	-6.566,07 €	-5.867,23 €	-8.162,46 €	-28.605,60 €	-135.680,94 €
TOTAL INGRESOS	0,00 €	1.000,00 €	55.363,07 €	0,00 €	44.662,00 €	149,82 €	0,00 €	0,00 €	544,00 €	29.102,88 €	2.550,00 €	30.155,95 €	163.527,72 €
Remanente do mes anterior:	30.547,61 €	23.532,70 €	18.976,60 €	65.727,65 €	60.050,51 €	100.300,61 €	87.748,89 €	81.514,95 €	45.242,92 €	39.220,85 €	62.456,50 €	56.844,04 €	
SALDO MENSUAL	23.532,70 €	18.976,60 €	65.727,65 €	60.050,51 €	100.300,61 €	87.748,89 €	81.514,95 €	45.242,92 €	39.220,85 €	62.456,50 €	56.844,04 €	58.394,39 €	58.394,39 €

14.2 Plan anual de ordenación e utilización do orzamento

Neste epígrafe preséntase a relación entre os gastos reais e o orzamento do centro para o ano 2021.

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2021	GASTOS TOTAIS 2021
1. Arrendamentos	0,00 €	0,00 €
	0,00 €	0,00 €
2. Reparacións, mantemento e conservación	-65.528,10 €	-80.060,04 €
(20) Sistema de calefacción	-4.613,60 €	-3.797,15 €
(200) Mantemento calefacción (Termocalor, Mantergal)	-4.613,60 €	-3.797,15 €
(21) Fotocopiadoras	-2.800,00 €	-4.637,26 €
(211) Fotocopiadoras (Dismega)	-2.800,00 €	-4.637,26 €
(22) Ascensor	-1.016,40 €	-1.016,40 €
(220) Mantemento ascensor (Asgali)	-1.016,40 €	-1.016,40 €
(221) Inspección reglamentaria (Enmacosa)	0,00 €	0,00 €
(23) Xestión informática	0,00 €	0,00 €
	0,00 €	0,00 €
(24) Mantemento centralita de incendios e alarma do edificio	-917,80 €	-1.267,60 €
(240) Centralita de incendios (Boel Seguridad, S.L.)	-217,80 €	-217,80 €
(241) Mantemento alarmas e sistemas extinción incendios (Sepronor)	-700,00 €	-1.049,80 €



(25) Mantemento de instrumentos	-8.736,00 €	-8.500,74 €
(250) Afinador (Blanco)	-7.986,00 €	-7.986,00 €
(251) Cordas	-100,00 €	0,00 €
(252) Parches percusión	-150,00 €	-159,00 €
(253) Reparación instrumentos de corda	-250,00 €	-355,74 €
(254) Reparación instrumentos de vento	-250,00 €	0,00 €
(26) Mantemento do edificio	-44.324,30 €	-55.343,24 €
(260) Mantemento xeral	-10.200,00 €	-10.325,88 €
(261) Material mantemento xeral	-2.453,20 €	-2.482,31 €
(262) Electricistas	-992,94 €	-8.294,80 €
(263) Fiestras e portas	-96,80 €	-96,80 €
(264) Aparcadoiro	-1.000,00 €	-586,85 €
(265) Pintura Centro	-27.594,51 €	-32.966,12 €
(266) Mantemento equipos eléctricos	-586,85 €	-590,48 €
(267) Atención ANEAE	-800,00 €	0,00 €
(268) Desatascador de baños	-600,00 €	0,00 €
(27) Mantemento do xardín	-3.120,00 €	-5.497,65 €
(271) Mantemento xardín	-3.120,00 €	-5.497,65 €
(28) Outros mantementos da instalación non fixos	0,00 €	0,00 €
3. Material de oficina	-2.810,00 €	-1.602,24 €
(30) Material de oficina (incluído papel de fotocopias e funxibles...)	-2.810,00 €	-1.602,24 €
(301) Material oficina	-1.600,00 €	-897,26 €
(302) Imprentas/Encadernacións	-1.100,00 €	-606,97 €
(303) Impresos oficiais (Gráficas Numancia)	-110,00 €	-98,01 €
4. Subministracións	-32.036,28 €	-25.979,61 €
(40) Luz	-13.000,00 €	-9.086,74 €
(400) Electricidade (Gas natural)	-13.000,00 €	-9.086,74 €
(41) Auga	-1.269,58 €	-1.403,06 €
(410) Aqualia	-700,00 €	-977,36 €
(411) Fonte de auga	-569,58 €	-425,70 €
(42) Limpeza	-9.266,70 €	-6.597,42 €
(420) Productos de limpeza (Darlim e outros)	-4.300,00 €	-2.669,28 €
(421) Alfombras, contedores hixiénicos, ambientadores, ozonizadores (Rentokil)	-1.210,18 €	-1.550,21 €
(422) Limpeza cristales entrada (Limpiezas Azul)	-1.200,00 €	-1.275,34 €
(423) Destrucción de documentos (Integral Data)	-191,40 €	-195,80 €
(424) Prevencion sanitaria (luvas, máscaras protectoras, xel desinfectante...)	-2.365,12 €	-906,79 €
(43) Gas	-8.500,00 €	-8.892,39 €
(430) Gas (Gas natural)	-8.500,00 €	-8.892,39 €
5. Comunicaci3ns	-2.496,48 €	-1.926,95 €
(50) Centralitas e liñas telef3nicas e de internet	-2.496,48 €	-1.926,95 €
(500) Aplicaci3n Centros-Net	-496,48 €	-484,00 €
(501) R	-2.000,00 €	-1.442,95 €
6. Transporte	0,00 €	0,00 €
	0,00 €	0,00 €



7. Traballos realizados por outras empresas	-2.111,07 €	-2.111,06 €
(70) Auditorías	-2.111,07 €	-2.111,06 €
(700) Auditoría externa (AENOR)	-1.157,07 €	-1.157,06 €
(701) Plan de autoprotección (Preventecnia)	-954,00 €	-954,00 €
8. Primas de seguro	0,00 €	0,00 €
	0,00 €	0,00 €
9. Tributos	-625,61 €	-834,15 €
(90) Tributos	-625,61 €	-834,15 €
(900) Lixo Concello de Vigo	-401,06 €	-534,75 €
(901) Imposto entrada de vehículos	-224,55 €	-299,40 €
10. Axudas de custo e locomoción	-214,88 €	-676,86 €
(100) Axudas de custo e locomoción	-214,88 €	-676,86 €
(1000) Axudas de custo e locomoción	-214,88 €	-676,86 €
11. Gastos diversos	-8.053,34 €	-4.951,32 €
(110) Gastos diversos	-8.053,34 €	-4.951,32 €
(1101) Erasmus+	-3.408,00 €	-311,33 €
(1102) Concertos músicos alleos ao centro	0,00 €	0,00 €
(1103) Cafeterías	0,00 €	0,00 €
(1104) Excelencia musical	0,00 €	0,00 €
(1105) Orientación e novas propostas pedagóxicas	-900,00 €	0,00 €
(1106) Política Lingüística	0,00 €	-544,00 €
(1107) Partida finalista (Club Enxeñar)	-1.000,00 €	-1.000,00 €
(1108) Subscricións	-97,74 €	-97,74 €
(1109) Outros gastos e tarxeta prepago	-2.647,60 €	-2.998,25 €
(1110) Mellora no sistema de xestión de calidade	0,00 €	0,00 €
12. Mobiliario e utensilios inventariables	-9.009,26 €	-17.538,71 €
(120) Mobiliario e utensilios inventariables	-9.009,26 €	-17.538,71 €
(1200) Mobiliario	-522,72 €	-522,72 €
(1201) Biblioteca	-1.200,00 €	-1.193,55 €
(1202) Ordenadores e tecnoloxía	-7.286,54 €	-15.822,44 €
13. Outros materiais inventariables	-282,05 €	0,00 €
(130) Outros materiais inventariables	-282,05 €	0,00 €
(1300) Instrumentos e complementos (Ópera Prima e outros)	-282,05 €	0,00 €
TOTAL GASTOS	-135.680,94 €	
TOTAL INGRESOS	163.527,72 €	
SALDO MENSUAL	58.394,39 €	

14.3 Medidas para a conservación e renovación das instalacións e do equipamento



Seguimento do plan de mantemento.

14.4 Criterios para a obtención de recursos complementarios

Para a obtención de recursos complementarios os coordinadores do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, do Plan lector, e de Erasmus elaboraron diferentes proxectos. Estes, así como outras propostas foron enviadas aos órganos pertinentes acadando as seguintes partidas finalistas:

2.300,00 € para a mellora no sistema de xestión de calidade.

1.000,00 € para o club de lectura (Club Enxeñar).

1.157,07 € para a Auditoría externa a cargo da empresa AENOR.

544,00 € para o Proxecto de fomento do uso do galego.

Por mor da Covid, prorrogouse ao curso 2021/2022 a dotación económica do programa Erasmus+ do centro pola imposibilidade de realizar as mobilidades no curso 2020/2021.

14.5 Procedementos para a elaboración e actualización anual do inventario xeral

O inventario xeral do Conservatorio actualízase anualmente a través dos diferentes departamentos. No mes de xaneiro pídese aos xefes de departamento que revisen todo o material das aulas para a comprobación do mesmo e nas memorias finais de departamento inclúense as propostas de mellora de material para, durante o verán, estudar as posibles solucións. No ano 2021 realizáronse as seguintes compras, reparacións e melloras:

Instrumental:	
Arranxo contrabaixos e arco de contrabaixo	-297,66 €
Informática e tecnoloxía:	
Televisores en aulas de materias teórico-prácticas	-6.140,75 €
Renovación total dos equipos da aula de NNTT	-5.815,26 €
Substitución fotocopiadora administración	-2.147,75 €



Televisor 70"	-1.103,00 €
Proxector	-534,82 €
Cables estudo gravación	-427,72 €
Cámaras web para atender o alumnado durante o confinamento	-423,50 €
Disco Duro para a Coordinación TIC	-88,33 €
Melloras e mantemento do centro:	
Pintado e saneado de patios interiores	-32.966,12 €
Renovación alumbrado auditorio	-8.098,78 €
Poda das árbores exteriores	-2.377,65 €
Substitución de manómetros sistema calefacción	-850,63 €
Limpeza cristaleiras interiores	-578,38 €
Quentador ducha aseo profesorado	-503,97 €
Tratamento preventivo contra a lexiionella	-338,79
Otros:	
Bibliografía	-2.052,55 €
Club Enxeñar	-1.000,00 €
Actualización do Plan de Autoprotección	-954,00 €
Productos e materiais de protección contra a Covid19	-906,79 €
Prevención Lexionella	-338,79 €
Revista Cut Time	-280,72 €
TOTAL INVESTIDO	-68.225,96 €

14.6 Criterios para unha xestión sustentable dos recursos e dos residuos

No Conservatorio lévanse a cabo diferentes medidas para unha xestión sustentable dos recursos e dos residuos:

Destrución documentos (Integral Data).

Contedores hixiénicos (Rentokil).

Reciclaxe de papel (contedores).

Tóner das diferentes fotocopiadoras (as empresas responsables recollen os ba-leiros).

Pilas (contedores).

Contedor de reciclaxe para vasos de plástico instalado na sala do profesorado.

Aparcadoiro de bicicletas instalado polo Concello de Vigo para promover o transporte sustentable.



14.7 Outros aspectos

O centro está a camiñar cara a unha maior sustentabilidade económica. Este camiño iniciouse en anos anteriores co cambio de toda a iluminación do centro a tecnoloxía LED. Este ano rematamos este proceso co cambio a LED de toda a iluminación do auditorio. Así mesmo, a revisión e o mantemento do sistema de calefacción está a supoñer un importante aforro.

No relativo ao equipamento, neste ano acadamos:

Aumentar o número de aulas do departamento de Tecla que dispoñen de dous pianos.

Incrementar os fondos da biblioteca polas aportación do Centro de da ANPA.

Modernizar e actualizar tecnoloxicamente numerosas aulas renovando equipos informáticos e concertando a instalación de televisores de 75' en diversas aulas.



15. Memoria da sección bilingüe

15.1.1 Datos do alumnado

-Alumnado total do departamento

9 alumnos/as

-Alumnado por materia

Conxunto de viola: 4 alumnas de 2º de GP

Conxunto de guitarra: 5 alumnas de 1º, 2º e 3º de GP.

15.1.2 Obxectivos do profesorado para o curso

Durante o presente curso académico continuouse coa dinámica de traballo iniciada en anos anteriores, que tiña como obxectivos:

O desenvolvemento das competencias básicas, conectando aprendizaxes previas coas aprendizaxes en curso, dado que se establecen no alumnado hipóteses de todo tipo (lingüísticas e cognitivas), que de xeito continuado se someten a verificación (“aprender a aprender”).

Unha mellora na adquisición da lingua, xa que se utiliza para aprender en contextos comunicativos e con carácter significativo.

O fomento dunha apertura cultural. O coñecemento e uso doutras linguas permite poñer en relación outros xeitos de percibir e describir a realidade, despertando o interese por diferentes culturas e xeitos de pensar, achegándonos a actitudes tolerantes, creando sentimento de unidade e relación.

Preservar e fomentar a creatividade innata en todo o alumnado, o que supón aprender facendo e aprender a aprender, fomentando a súa autonomía.

Traballar o autoconhecimento e a autoestima.



Mellorar a interdisciplinabilidade, promovendo a continuidade das materias implicadas coa harmonía e instrumento de xeito bidireccional.

Investigar o proceso educativo en todos os seus aspectos.

Adecuar as ensinanzas ao perfil de aprendizaxe de cada alumno/a, previa análise e elaboración do mesmo.

Os obxectivos relativos ao idioma eran:

Empregar o Inglés como idioma vehicular na aula.

Coñecer e utilizar o vocabulario relacionado coa materia no idioma.

Coñecer e utilizar o o vocabulario relacionado coa interpretación musical no idioma.

Coñecer e empregar terminoloxía musical do repertorio no idioma.

Confeccionar todo tipo de materiais no idioma.

Os contidos eran os xerais recollidos na programación da materia de conxunto.

-Obxectivos acadados

Todos.

-Obxectivos non acadados

Ningún

15.1.3 Aspectos positivos a destacar no funcionamento xeral do centro

A planificación e organización das distintas actividades, tanto lectivas coma non lectivas.

15.1.4 Propostas de mellora no funcionamento xeral do centro



15.1.5 Actividades extraordinarias e complementarias do Departamento



16. Coordinación de Equipo Erasmus+

16.1 Obxectivos

Implementar o Proxecto Erasmus+ KA102 “Música Sen Fronteiras” nas súas tres fases: fase inicial (coordinación cos centros socios, información, publicidade, convocatoria das mobilidades e selección dos participantes), fase de desenvolvemento (preparación previa dos participantes, coordinación cos centros socios e realización das mobilidades) e fase final (recoñecemento das mobilidades, avaliación, memorias, diseminación e informe final).

Elaborar e presentar a solicitude para a Acreditación Erasmus+ na convocatoria 2021.

Elaborar e presentar a solicitude das actividades de mobilidade KA121 na convocatoria 2022.

Participar nas actividades de diseminación Erasmus+ organizadas polo SEPIE ou outros organismos similares.

Intercambiar experiencias e exemplos de boas prácticas con outros coordinadores Erasmus+ doutros centros homólogos ao noso.

Realizar formación sobre cuestións relacionadas co programa Erasmus+ e as súas accións.

Fomentar a internacionalización do CMUS Profesional de Vigo.

Promover actividades de diseminación do noso proxecto KA102 “Música Sen Fronteiras” e do programa Erasmus+.

Compartir toda a información e actividades Erasmus+ do noso centro no noso Blog Erasmus+: www.erasmus.cmusvigo.gal

Obxectivos acadados

Acadáronse todos os obxectivos.



Obxectivos non acadados

Ningún.

16.2 Aspectos positivos a destacar

En primeiro lugar, destacar e agradecer a implicación e motivación por parte dos diferentes membros do Equipo Erasmus+ (Virginia Lis, Carmen Carreiras e Ángel Montes). A súa participación é fundamental para sacar adiante os diferentes proxectos e actividades Erasmus+, pois o Programa Erasmus+ aínda leva pouco tempo no noso centro e non é sinxelo poñelo en marcha, aínda máis se cabe coas limitacións como consecuencia da crise sanitaria pola COVID.

Tamén salienta o apoio recibido por parte do equipo directivo, quen ten feita unha firme aposta pola internacionalización do CMUS. O seu apoio, que se reflicte na dotación de horario para adicar ao Equipo Erasmus+, dotación de medios e recursos físicos (o novo despacho Erasmus+, armario para almacenar a documentación, ordenadores...), apoio con persoal (este curso sumouse ao Equipo Virginia Lis); resulta fundamental á hora de poder poñer en marcha as diferentes iniciativas enmarcadas no programa Erasmus+ (o proxecto KA102 “Música Sen Fronteiras”, a Acreditación Erasmus+, a futura colaboración cos actuais centros socios...).

Igualmente, destacar positivamente a colaboración co Equipo de Actividades. Eles axudaron coa publicación das diferentes actividades Erasmus+ nas redes sociais do CMUS, o que permitiu incrementar considerablemente o impacto. Tamén foi unha axuda fundamental para a realización do Cocrto polo Día de Europa, retransmitido en *streaming*.

Doutra banda, salienta e agradecer o apoio recibido por parte de moito profesorado, alumnado e familias do centro que valoran moi positivamente que o CMUS forme parte do Programa Erasmus+ e as diferentes actividades desenvolvidas polo noso Equipo Erasmus+, feito non só recollido a través das diferentes enqui-



sas de satisfacción feitas tras cada actividade, senón tamén manifestado verbalmente en conversas no propio centro.

Por outro lado, cabería sinalar positivamente as experiencias adquiridas grazas ao proxecto, tanto a nivel de xestión, como no enriquecemento mutuo entre as institucións implicadas. Neste sentido, tamén é destacable a mellora da competencia lingüística que implica, tanto nas linguas dos destinos (italiano e portugués), como en inglés (idioma de comunicación). Todas estas aprendizaxes serán positivas para as futuras actividades a desenvolver.

Por último, sinalar e agradecer tamén a valoración positiva recibida tras a Auditoría externa do 6 de abril de 2022, así como o interese suscitado e felicitacións recibidas por parte da Asesoría de Música na Consellería pola nosa recentemente acadada Acreditación Erasmus+, na que obtivemos o primeiro posto a nivel nacional.

16.3 Propostas de mellora

Como comentouse, a traxectoria do noso centro no Programa Erasmus+ é curta e, pouco a pouco, imos implementando as diferentes accións requiridas e aumentando a nosa capacidade de xestión de proxectos de ámbito internacional. Non obstante, hai cuestións que, tras a experiencia e unha vez postas en práctica, non resultaron moi eficientes ou son mellorables.

Dunha banda, dado que progresivamente as mobilidades van ir incrementándose e á vista do volume de traballo que isto implica, sería recomendable aumentar o horario de adicación dos membros do Equipo Erasmus+. Ademais, sería interesante o próximo ano ter ao menos unha hora en común todos os membros do Equipo, preferiblemente en horario de mañá (os venres), para facilitar a coordinación entre eles. Respecto á organización do horario Erasmus+, é recomendable (pois sería máis produtivo) ter franxas de máis dunha hora, as horas soltas moitas veces quédanse curtas para rematar as actividades.



Doutra banda, é importante que os membros do Equipo Erasmus+ continúen facendo formación sobre o Programa Erasmus+ e as súas accións (formación específica para os proxectos, xornadas informativas sobre as diferentes novidades de cada convocatoria, etc.).

Respecto ás cuestións relacionadas coa implementación do proxecto, as propostas de mellora son as seguintes:

Reducir o número de compoñentes da Comisión de Valoración. Cinco membros fai que non sexa tan sinxela a organización e coordinación. Será máis manexable, en canto a cuestións organizativas, contar con tres membros nun tribunal.

Seguindo as últimas recomendacións do Programa Erasmus+ e para facilitar tamén a participación de persoal que tal vez non teña tantos méritos académicos pero poida ter moito interese en formar parte das actividades, facer o proceso de selección a partir da valoración dos méritos máis unha carta de motivación.

Revisar a puntuación outorgada a cada apartado no baremo de méritos a ter en conta á hora de seleccionar aos participantes.

Adiantar aínda máis as datas nas que elaborar a documentación requirida con anterioridade ás mobilidades. Este ano algúns dos socios demoráronse moito e non asinaban a documentación, houbo que estar moi pendente e insistir moitas veces para cumprir cos prazos.

Seleccionar centros socios que sexan cumpridores cos prazos, coa documentación e co plano de actividades programado.

Buscar a forma de que a elaboración da documentación requirida (convenios, acordos, planos de traballo...) non sexa tan laboriosa, especialmente tendo en conta que imos ir aumentando o número de mobilidades.

Por último, se a situación sanitaria mellora e permite o próximo curso facer unha actividade máis normal, sería moi positivo poder convidar a profesorado e alumnado a noso centro, para que a nosa participación no Programa Erasmus+ non



sexa unicamente nun sentido, senón que poida ser recíproca cos nosos centros socios. Neste sentido, temos comezado a traballar en diferentes propostas.

Tamén sería interesante a realización de actividades que impliquen máis ao noso alumnado, como traer a expertos convidados (no que estamos a traballar de cara ao próximo curso) ou organizar actividades conxuntas con outros conservatorios.

16.4 Actividades realizadas

Primeiro trimestre:

Planificación xeral das actividades a desenvolver polo Equipo Erasmus+ ao longo do curso e temporalización inicial das mesmas.

Deseño e encargo do material promocional Erasmus+: roller, mochila e bolígrafos.

Elaboración do vídeo-presentación do noso Proxecto Erasmus+ KA102 “Música Sen Fronteiras”, coa participación dos dous alumnos galardonados co premio das categorías logo e sintonía o curso anterior.

Organización e realización da actividade “ErasMUSICDays” o día 15 de outubro de 2021, enmarcada nos ErasmusDays organizados ao longo de toda Europa.

Elaboración e envío de nota de prensa aos medios sobre a nosa actividade con motivo dos ErasmusDays.

Elaboración do proxecto para a Acreditación Erasmus+ e presentación da solicitude na convocatoria de outubro de 2021.

Realización de dúas sesións informativas para o profesorado interesado, sobre as mobilidades do proxecto Erasmus+ “Música Sen Fronteiras”. Foron levadas a cabo pola Coordinadora, xunto coa Vicedirectora Carmen Carrieras os días 29 de outubro e 3 de novembro de 2021. A asistencia foi bastante positiva, pois asistiu un 35,52% do total do claustro e a valoración recibida nas enquisas de satisfacción anónimas foi dun 4,8 sobre 5.



Intervención da Coordinadora no claustro ordinario do día 10 de novembro de 2021 para escoller os dous profesores/as elixidos polo claustro que formarán parte da Comisión de Valoración encargada de seleccionar os aspirantes que participarán nas mobilidades.

Colaboración coa Lithuanian Academy of Music and Theatre para a xestión da documentación requirida para a mobilidade da profesora Rasa Biveiniene como profesora convidada pola mencionada institución.

Publicación da convocatoria das mobilidades Erasmus+ do proxecto KA102 “Música Sen Fronteiras”.

Resolución das dúbidas recibidas sobre os requisitos para a solicitude das mobilidades.

Recollida das solicitudes para as mobilidades.

Preparación do material para a Comisión de Selección.

Publicación dos diferentes documentos dos distintos pasos en relación ás solicitudes e o proceso de selección: listados provisionais de aspirantes, listados definitivos de aspirantes, listados de aspirantes seleccionados e en reserva.

Reunións telemáticas de coordinación cos diferentes socios do proxecto.

Asistencia á Xornada Anual de Diseminación Erasmus+ do SEPIE celebrada no Palacio Real de Madrid o día 13 de decembro de 2021

Asistencia á formación virtual organizada polo SEPIE sobre as novidades da convocatoria Erasmus+ 2022 no ámbito da FP.

Publicación no noso Blog de todas as actividades e toda a información de interese sobre Erasmus+ no noso centro.

Segundo trimestre:



Elaboración da nota de prensa sobre o resultado acadado na resolución definitiva da convocatoria das Acreditacións Erasmus+, na que obtivemos o primeiro posto a nivel nacional.

Elaboración e presentación da solicitude de novas actividades de mobilidade para o próximo curso, na convocatoria KA121 de febreiro de 2022.

Organización das actividades de formación previa levadas a cabo cada mércores do mes de febreiro de 2022: prevención, formación lingüística de portugués, formación lingüística de italiano e formación cultural e recomendacións prácticas para as mobilidades.

Realización da última sesión da formación previa, a xornada de formación cultural e recomendacións prácticas, a cargo de Virginia Lis e Sara Peral.

Certificación das diferentes actividades de formación previa levadas a cabo polos participantes ás mesmas.

Reunións telemáticas de coordinación cos centros socios máis as participantes para a planificación das actividades a desenvolver durante as mobilidades.

Elaboración de toda a documentación requirida con anterioridade ás mobilidades: convenio de subvención (CMUS e os participantes), compromiso de calidade (CMUS, centros socios e participantes) e programa de traballo (CMUS, centros socios e participantes).

Realización das transferencias relativas ao primeiro pago das axudas ás participantes nas mobilidades.

Apoio e resolución de dúbidas ás participantes na organización das cuestións lóxicas relacionadas coa súa mobilidade.

Seguimento e titorización durante as mobilidades das participantes.

Diseminación no Blog e nas redes sociais das diferentes actividades desenvolvidas.

Solicitude ao Consello Escolar do 30 de marzo de 2022 da actividade proposta



dende o Equipo Erasmus+ con motivo do Día de Europa (concerto a realizar o 9 de maio de 2022, retransmitido en *streaming*).

Terceiro trimestre:

Colaboración coa Auditoría externa que tivo lugar o 6 de abril de 2022, na que se auditou a Coordinación Erasmus+.

Tramitación dos diferentes certificados de recoñecemento das actividades de mobilidade realizadas polas participantes (certificado dende o centro de acollida, certificación Mobility Europass e certificación por parte da Xunta como formación de profesorado).

Continuación cos contactos cos centros socios para a tramitación das certificacións.

Asistencia ás participantes para a cumprimentación da enquisa EU Survey.

Asesoramento ás participantes para a elaboración da memoria individual de mobilidade.

Avaliación das mobilidades levadas a cabo.

Elaboración da presente memoria de Coordinación do Equipo Erasmus+.

Organización, en colaboración co Equipo de Actividades, do Concerto polo Día de Europa, celebrado o 9 de maio de 2022.

Decoración, con motivo do Día de Europa, da entrada do CMUS e o auditorio “David Russell”.

Elaboración da nota de prensa sobre a actividade do Día de Europa para os medios de comunicación.

Entrega de detalles de material promocional Erasmus+ e “Música Sen Fronteiras” ao alumnado participante no Concerto do Día de Europa

Elaboración do vídeo de diseminación sobre o Día de Europa e as mobilidades



e resultados do noso proxecto Erasmus+ “Música Sen Fronteiras”.

Publicación no noso Blog de todas as actividades e toda a información de interese sobre Erasmus+ no noso centro.

Diseminación nas redes sociais do centro das actividades Erasmus+ realizadas.

Subsanación do erro na firma electrónica detectado na resolución provisional da convocatoria KA121 2022.

Reunións telemáticas co Conservatorio de Cuneo para a elaboración do Acordo Interinstitucional para continuar a mutua colaboración no futuro.

Elaboración do Informe Final do Proxecto KA102 “Música Sen Fronteiras” para o SEPIE.

Inicio de contactos para o establecemento de novos centros socios para as mobilidades, no ámbito do novo proxecto KA121, para o próximo curso.

Inicio da planificación do experto convidado, no ámbito do novo proxecto KA121, para o próximo curso.

16.5 Memorias de mobilidade individuais das participantes

A continuación, achéganse as memorias de mobilidades realizadas polas diferentes participantes.

16.5.1 Memoria de Carmen Carreiras Pita

https://drive.google.com/file/d/1eEVwB1rnjbKPqaNd00YJsgtH_LxJv5nJ/view?usp=sharing

16.5.2 Memoria de Isabel Gómez Alonso

<https://drive.google.com/file/d/13xzdvWW3P0F1rAvRHoTPfhA-MaoUKSAIQ/view?usp=sharing>



16.5.3 Memoria de Sara Peral Hernández

<https://drive.google.com/file/d/1AXebGxERNf-XQoPmHYTr5howJESuisoc/view?usp=sharing>